

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 5

SESION ORDINARIA DE 23 DE FEBREIRO DE 2004

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa	Iglesias Carrera, José Manuel
Alonso Vázquez, Xulio	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Arias Moreira, José Carlos	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Barros Puente, Miguel	Méndez Piñeiro, María José
Calviño Rodríguez, Julio	Molares Pérez, Lucía Emilia
Coello Bufill, Antonio	Pérez Castrillo, Lois
Comesaña Abalde, Carlos	Pérez Mariño, Ventura
Couto Pérez, José Manuel	Polo Lima, María Soledad
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Porteiro García, María Josefa
Fernández Davila, María Olaia	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Fernández Fernández, Amador	Sío Lourido, Belén
Figueroa Vila, José Manuel	Soto Ferreiro, Manoel
Graña Barcia, María Luisa	Toba Girón, Xabier
Guerra Fernández, Javier Jorge	

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e cinco minutos do día vintetrés de febreiro do ano dous mil catro, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

1.- (38).- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS EXTRAORD. 13.12.03 E ORDINARIA 29.12.03)

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas correspondentes ás sesións extraordinaria do día 13 e ordinaria do día 29, ámbalas dúas do mes de decembro de 2003.

2.- (39).- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR NA COMISIÓN PARITARIA DE SEGUEMENTO DO ACORDO REGULADOR-CONVENIO COLECTIVO E NA COMISIÓN PARITARIA DE FORMACIÓN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de febreiro de 2004, o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, comunica a designación de membros do seu grupo para formar parte na Comisión Paritaria de Seguemento do acordo regulador-convenio colectivo, así como na Comisión Paritaria de Formación.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Nomear ós seguintes concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular para formar parte da Comisión Paritaria de Seguemento do acordo regulador-convenio colectivo:

- Titular: D. Javier Guerra Fernández
- Titular: D. Ignacio López-Chaves Castro
- Suplente: D. Antonio Coello Bufill
- Suplente: D^a Lucía Molares Pérez

Segundo.- Nomear ós seguintes concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular para formar parte da Comisión Paritaria de Formación:

- Titular: D. Javier Guerra Fernández
- Suplente: D. Ignacio López-Chaves Castro

3.- (40).- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR NA COMISIÓN DE CONTROL DO PLAN DE PENSIÓNS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de febreiro de 2004, o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, comunica a designación dun membro do seu grupo para formar parte na Comisión de Control do Plan de Pensión.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear para formar parte da Comisión de Control do Plan de Pensión, ó concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular D. Javier Guerra Fernández.

4.- (41).- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS DA MANCOMUNIDADE DA AREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 12 de febreiro de 2004, o Xerente Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo comunica que este Concello deberá nomear dous representantes de entre os seus vocais para formar parte da Comisión Especial de Contas da devandita Mancomunidade.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 16 de febreiro, dictamina que este asunto se trate na Xunta de Voceiros.

A Xunta de Voceiros, na súa sesión do día 19 de febreiro, por unanimidade, propón ó Pleno da Corporación a aprobación do acordo que figura na parte dispositiva.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear para formar parte da Comisión Especial de Contas da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo ós seguintes membros da Corporación:

- Titular: D. Ignacio López-Chaves Castro
- Suplente: D^a Lucía Molares Pérez
- Titular: D^a M^a Luisa Graña Barcia

Suplente: D. Miguel Barros Puente

5.- (42).- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA REFERENTE Á MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DE ENERXÍA DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Con data 18 de febreiro d3 2004, a Alcaldesa formula a seguinte proposta:

"O Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión do 28 de abril de 2003, adoptou acordo en virtude do cal se aprobaba a redacción definitiva dos estatutos da denominada "Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo", organismo fundacional que, de conformidade co previsto no artigo 4 dos seus estatutos, ten por obxecto, entre outros, o uso racional da utilización da enerxía.

No artigo 7 dos estatutos indicábanse os membros fundadores do ente citándose os seguintes:

- Concello de Vigo.
- Autoridade Portuaria de Vigo.
- Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)
- Deputación Provincial de Pontevedra.
- Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo.
- Universidade de Vigo.
- Caixanova.
- Consorcio da Zona Franca de Vigo
- Grupo PSA-Peugeot-Citroën.
- ISOFOTON
- Gas Galicia
- Unión Fenosa.

Finalmente o artigo 16 indicaba os vocais representantes das entidades fundadoras no Padroado, órgano rector da Fundación.

En cumprimento do previsto no artigo 4 da Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das Fundacións de Interese Galego, procedeuse a constituir mediante escritura pública e ante notario a mencionada Fundación, feito que supón a necesidade de acreditar a persoalidade dos fundadores e a súa capacidade xurídica para constituir unha fundación (art. 5.a) Lei 7/1983).

No momento de outorgamento da carta fundacional na data do 28 de maio de 2003, o notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Antonio Salgueiro Armada, fixo constar na súa escritura pública que as entidades Autoridade Portuaria de Vigo, Instituto da Enerxía de Galicia, Grupo PSA-Peugeot-Citroën, ISOFOTON, Gas Galicia e Unión Fenosa debían ratificar o outorgamento por representante con facultades suficientes, feito que se produciu por todas as mercantís mencionadas, con excepción de PSA-Peugeot-Citroën, entidade que en todo momento manifestou a súa vontade de se integrar na fundación, circunstancia pendente da necesaria ampliación de poder, trámite que,

debedo instrumentalizarse na cidade de Paris, está suxeito a una lóxica demora.

A circunstancia mencionada conleva a imposibilidade de inscrición rexistral da Fundación tal e como foi concebida, o que a súa vez implica a necesidade de modificar puntualmente os estatutos coa nova redacción dos seguintes artigos:

Artigo 7: Suprímese a mención á mercantil Grupo PSA-Peugeot-Citroën sendo en consecuencia a redacción a seguinte:

Artigo 7º.- Fundadores

Contarán coa condición de fundadores os membros que constitúen e crean a fundación e que se relacionan a continuación:

- Concello de Vigo.
- Autoridade Portuaria de Vigo.
- Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)
- Deputación Provincial de Pontevedra.
- Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo.
- Universidade de Vigo.
- Consorcio da zona franca de Vigo.
- Caixanova.
- ISOFOTON
- Gas Galicia
- Unión Fenosa.

Artigo 16: Substitúese o concepto “entidades fundadoras” polo de “entidades que se citan”, o que posibilita que o Grupo PSA-Peugeot-Citroën participe no Padroado aínda que non sexa ente fundador, sendo en consecuencia a súa redacción a seguinte:

Artigo 16º.- Os membros do Padroado.

1.- O Padroado constitúese integrado por un total de 22 membros que contarán con voz e voto e se adscribirán ós seguintes cargos:

- Presidente: O Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.
- Vicepresidente: Elixido polo Padroado por maioría absoluta de entre os vocais.
- Vocais: Os representantes das entidades que se citan, coa seguinte asignación:
 - Concello de Vigo: 1
 - Instituto Enerxético de Galicia (INEGA): 2
 - Deputación Provincial: 2
 - Consorcio Zona Franca: 2
 - Caixanova: 2
 - Grupo PSA Peugeot - Citroën: 2
 - Gas Galicia: 2
 - Autoridade Portuaria de Vigo: 1
 - Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo: 1
 - ISOFOTON: 1

- Unión Fenosa: 1
- Universidade de Vigo: 1

Amáis dos 3 patróns de honra nomeados polo mesmo.

Ó padroado poderán incorporarse novos patróns que se admitan de conformidade co previsto no artigo 9º dos presentes estatutos.

2.- O período de mandato dos membros do Padroado será de 4 anos; podendo ser reelixidos indefinidamente por períodos de tempo de igual duración.

3.- O presidente, o vicepresidente e os vocais cesarán automaticamente nos seus cargos cando cesen nos organismos ou entidades ás que representan. Tamén cesarán a petición propia. En ámbolos dous casos a designación de quen os substitúa operará por un período de tempo igual ó que resta do mandato.

Así mesmo poderán cesar cando da súa actuación derívase un grave prexuízo para o obxecto ou fins da Fundación, ou incumprir gravemente as súas obrigas de patróns.

Neste caso deberá tramitarse o oportuno expediente ó efecto con audiencia do interesado, previamente a que o Padroado acorde o cesamento, no seu caso, por maioría absoluta dos seus membros.

4.- Cando os cesamentos non sexan cubertos e as vacantes supoñan a maioría absoluta dos membros como mínimo, o Padroado continuará en funcións ata a data da súa renovación, adoptando só as decisións de xestión ordinaria precisas e diferindo as demais ata que se produza a renovación ou se complete a maioría absoluta. Tamén deberá adoptar aquelas outras decisións que de non o facer poidan afectar gravemente ós intereses xerais ou o obxecto e fins da Fundación.”

Visto o anteriormente exposto, a Alcaldesa-Presidente formula ó Pleno da Corporación a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

Ó non estar dictaminado o expediente por ningunha Comisión Informativa, a Alcaldía somete a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día.

VOTACIÓN DA RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, ratifícase a inclusión do presente punto na orde do día do Pleno da Corporación de conformidade co disposto no artigo 82.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacions locais.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a nova redacción que se transcribe como anexo deste acordo relativa ós estatutos da “Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo” (FAIMEVI).

Segundo.- Dar traslado deste acordo ás entidades fundadoras ó obxecto de que mediante o outorgamento de carta fundacional en escritura pública, manifesten de novo a súa vontade de constituir a Fundación mencionada.

Terceiro.- Facultar á Alcaldía para a formalización de cantos documentos sexan necesarios.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ó notario autorizante.

A N E X O

ESTATUTOS DA FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO

TITULO I NATUREZA XURÍDICA. DENOMINACIÓN. ÁMBITO E DOMICILIO.

Artigo 1º.- Natureza xurídica e denominación.

1.- Ó abeiro do establecido no artigo 34.1 da CE coa denominación de “Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo” (FAIMEVI), constitúese unha organización de carácter fundacional que se rexerá pola Lei 7/1983, de 22 de xuño, sobre Réxime das Fundacións de Interese Galego, reformada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro, polo Regulamento de Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego, aprobado por decreto 248/1992, do 18 de xuño, polas demais disposicións vixentes aplicables e polos presentes Estatutos.

2.- A Fundación terá personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, sen máis limitacións que as establecidas polas leis e polos presentes estatutos.

Artigo 2º.- Ámbito

O ámbito territorial en canto ós intereses colectivos a satisfacer e os sectores sobre os que se pretende actuar para acadar unha mellor e máis racional utilización da enerxía será o territorio da Área Intermunicipal de Vigo, sen prexuízo de poder saír dela cando o obxecto e os fins da Fundación o requiran.

Artigo 3º.- Domicilio

1.- A Fundación terá o seu domicilio en Vigo, en local cedido en uso dentro da casa do Concello, sita na Praza do Rei, s/n, poidendo ser substituído por outro por acordo do seu Padroado coa inmediata comunicación ó protectorado na forma prevista na lexislación vixente.

2.- Os órganos colexiados da Fundación poderán realizar validamente reunións en calquera localidade dentro do seu ámbito territorial.

3.- Poderán establecerse delegacións, subsedes, oficinas ou sucursais en calquera punto, mesmo fóra da Comunidade Autónoma, sempre que a medida responda ó principio de acadar unha maior funcionalidade e o achegamento da Fundación os cidadáns.

TITULO II OBXECTO, FÍNS E BENEFICIARIOS DA FUNDACIÓN.

Artigo 4º.- Obxecto

Con carácter xeral o obxecto da Fundación é destinar e afectar un patrimonio á realización sen ánimo de lucro de fins xerais de interese galego, no ámbito sectorial ou que a súa denominación e fins contráense. Concretamente dentro do seu obxecto intégranse:

- a) A realización de estudos de planificación e programación para establecer un plan de actuación enerxética.
- b) Incentivar a difusión do uso racional da enerxía, dos recursos enerxéticos locais e das fontes renovables nos sectores da administración pública, produción de bens e servicios (PIMES e industria) e sector doméstico.
- c) Favorecer a diversificación, información e utilización óptimas das enerxías renovables.
- d) Mellorar a seguridade enerxética.
- e) Promover e manter o aforro enerxético.
- f) Difundir a información sobre a enerxía entre os cidadáns.
- g) Promover as actividades de certificación e diagnóstico enerxético nos edificios e nas industrias.
- h) Favorecer a integración dos obxectivos enerxéticos nos sectores medioambientais e nos sectores productivos do seu ámbito.
- i) Protexer o medioambiente e reducir o impacto da polución a base da aplicación das novas tecnoloxías.
- j) Reforzar a investigación tecnolóxica sobre a enerxía.
- k) Calquera outra análoga que sirva ó obxecto xeral da fundación.

Artigo 5.- Fins e beneficiarios

1.- A fundación diríxese á consecución dos seguintes fins:

- A) Potenciar e desenvolver proxectos que teñan en conta o aproveitamento de fontes de enerxías renovables, así como a optimización dos recursos enerxéticos locais.
- B) Apoiar a elaboración de estudos de viabilidade destinados á implantación de fontes de enerxías alternativas.
- C) Realización de campañas de sensibilización a favor do aforro e eficiencia enerxética.
- D) Apoiar a realización de auditorías medioambientais e a investigación de eficiencia enerxética.
- E) Informar e asesorar ós consumidores sobre as novas fontes enerxéticas.
- F) Elaborar un balance enerxético.
- G) Colaborar no seguimento das principais magnitudes enerxéticas do sector.
- H) Poñer en funcionamento un centro de documentación con fondos bibliográficos, documentais e audiovisuais que faciliten a conexión e a difusión da eficiencia e o aforro enerxético.

- I) Desenvolver unha función activa na promoción do consumo de bens con etiquetado enerxético en todos os sectores da sociedade mediante programas de formación e de educación para persoas adultas e actividades didácticas para nenos/as encamiñadas a potenciar a capacidade de participación das persoas no aforro e a eficiencia enerxética, así como no fomento das enerxías renovables.
- J) Impulsar a elaboración e publicación de fondos bibliográficos e documentais sobre as actividades da Fundación tanto no papel como na rede.
- K) Potenciar a creación dunha "Asociación de Amigos da Enerxía" que facilite a comunicación e interrelación da Axencia cos cidadáns e cidadás.
- L) Fomentar os mecanismos de comunicación, interrelación e coñecemento entre as diversas iniciativas sobre aforro, eficiencia enerxética e fomento das enerxías renovables impulsadas polos organismos dedicados a tales fins, establecendo as relacións de cooperación necesarias.
- M) Calquera outro relacionado co obxecto fundacional e que o padroado acorde.

2.- Serán beneficiarios dos fins da fundación os colectivos de persoas así como as persoas xurídicas singularizadas que persegan fins de interese xeral, que utilicen a enerxía e polo tanto poidan beneficiarse da posibilidade de acadar o seu mellor e máis racional uso, que se encontren incluídas dentro do ámbito contemplado no art. 2º destes estatutos.

TITULO III. DOS MEMBROS DA FUNDACIÓN

Artigo 6º.- Clases de membros.

A fundación está integrada por dúas clases de membros: fundadores e patróns.

Artigo 7º.- Fundadores

Contarán coa condición de fundadores os membros que constitúen e crean a fundación e que se relacionan a continuación:

- Concello de Vigo.
- Autoridade Portuaria de Vigo.
- Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)
- Deputación Provincial de Pontevedra.
- Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo.
- Universidade de Vigo.
- Consorcio da zona franca de Vigo.
- Caixanova.
- ISOFOTON
- Gas Galicia
- Unión Fenosa.

Artigo 8º.- Patróns

Contarán coa condición de patróns os membros do padroazgo.

A fundación estará aberta á incorporación de novos patróns, dotados de plenos dereitos, así como de patróns de honra que serán admitidos de conformidade co previsto nos art. 9º e 10º seguintes, sen que estes últimos poidan exceder do número máximo previsto no art. 16.1 dos estatutos.

Artigo 9º.- Admisión de novos patróns

A admisión de novos patróns fárase por acordo motivado adoptado pola maioría absoluta dos membros do Padroado, trala solicitude ó efecto da persoa ou entidade interesada dirixida ó presidente do Padroado.

A solicitude, no caso de persoas xurídicas, deberá ir acompañada da certificación do acordo adoptado polo máximo organo da entidade no que se exprese a vontade de adhesión e o sometemento a estes Estatutos e ás normas que os desenvolven, así como ás demais disposicións aplicables, co compromiso expreso de asumir os dereitos e as obrigas que de todos eles se deriven.

Artigo 10º.- Patróns de honra

Terán a consideración de patróns de honra aquelas persoas físicas ou xurídicas que en virtude de acordo adoptado pola maioría absoluta dos membros do Padroado e en atención ós seus relevantes méritos ou servicios colaborando na consecución dos fins propios da Fundación, así se designen.

Artigo 11º.- Dereitos e obrigas.

Os membros da fundación terán os seguintes dereitos e obrigas:

- a) Cumplir os Estatutos, normas que os desenvolven e acordos que, de forma válida, se adopten.
- b) Asistir con voz e voto ás reunións dos órganos colexiados en que estean representados, conforme a estes Estatutos.
- c) Satisfacer as achegas ordinarias e extraordinarias que se establezan en cada caso e para cada clase deles.
- d) Participar nos órganos complementarios que no seu caso se cren, na forma que se determine.
- e) Cumprir e facer cumprir os fins da fundación, servindo ó cargo coa delixencia dun administrador leal.
- f) Conservar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación e manter plenamente a súa produtividade, segundo criterios financeiros e de acordo coas circunstancias económicas.
- g) Recibir información por medio dos seus representantes, e obtela estes para si no exercicio interno das súas funcións.
- h) Observar as normas de disciplina, orde e cortesía nos actos en que interveñan; así como calquera outra establecida pola lexislación, por estes Estatutos e normas que e os desenvolven e cantas se determinen no regulamento de réximen interior.

Artigo 12º.- Responsabilidade dos patróns.

En canto á responsabilidade dos patróns estarase ó previsto no artigo 17 da Lei 50/2002 dó 26 de decembro de Fundacións, e demais normativa autonómica de aplicación.

Artigo 13.- Substitución, cese e suspensión dos patróns

En canto á substitución, cese e suspensión dos patróns, estárase ó previsto no artigo 16.4 dos Estatutos e no artigo 18 da Lei 50/2002 de Fundacións e demais normativa autonómica de aplicación.

TITULO IV.- ORGANOS DE GOBERNO, REPRESENTACIÓN E ADMINISTRACIÓN

CAPITULO PRIMEIRO DISPOSICION XERAL

Artigo 14º.- Órgano de goberno

A Fundación será dirixida, gobernada e administrada por un Padroado, sen máis limitacións que as establecidas pola lexislación vixente.

CAPITULO SEGUNDO DO PADROADO

Artigo 15º.- Funcións do Padroado.

1.- O Padroado é titular exclusivo de todas as facultades que en dereito sexan precisas para o eficaz desenvolvemento do obxecto e fins fundacionais. Correspóndenlle, con carácter enunciativo, as recollidas no punto 3 deste artigo e a interpretación destes Estatutos; todo isto sen menoscabo de que o protectorado exerza as facultades que a lexislación vixente lle atribue sobre as fundacións privadas.

2.- No exercicio das súas funcións o Padroado poderá levar a efecto toda clase de actos e negocios xurídicos sen máis requisitos e formalidades que os establecidos na lexislación vixente.

3.- Ó Padroado correspondenlle as seguintes funcións:

1. A iniciativa para a modificación dos Estatutos e a súa tramitación perante o protectorado.
2. Aprobación dos orzamentos e aceptación de subvencións.
3. Aprobación dos regulamentos de réxime interior e de servizos.
4. Determinación do réxime de xestión dos servizos.
5. Aprobación do cadro de persoal e as súas modificacións.
6. Nomeamento e cese, tralo correspondente expediente, do director xerente e do demais persoal directivo no seu caso.
7. Aprobación de tarifas.
8. Aprobación de operacións de crédito, acodindo ó crédito oficial, ó público ou a préstamos de entidades bancarias ou de aforros e concertar operacións de tesourería.
9. Adquisición, administración e disposición respecto ós bens mobles e inmobles.
10. Nomeamento dos censores de contas e aprobación destas.
11. Aprobación da organización de calquera evento que realice a Fundación.
12. Aprobar as concesións así como as súas condicións económicas e técnicas.
13. Entender e resolver cantas cuestións lle sexan sometidas polo director xerente e así mesmo a suspensión das súas decisións cando vaian en

contra da legalidade, dos presentes Estatutos, dos acordos do propio Padroado, dos intereses xerais ou do obxecto ou fins da Fundación.

14. Admisión de novos membros, nas súas distintas modalidades e o seu cese cando proceda.
15. O exercicio de accións en nome da fundación ante calquera órgano xudicial, arbitral ou administrativo, en todas as súas instancias, xurisdiccións e graos, e outorgar poderes ó efecto.
16. A iniciativa para a transformación da Fundación e a súa disolución e liquidación, así como a súa tramitación perante o protectorado.
17. Calquera outra que considere necesario exercer para a consecución do obxecto e fins fundacionais.

4.- A fundación poderá delegar as súas facultades, coa excepción das que segundo a normativa vixente sexan indelegables, no presidente. Así mesmo poderá nomear apoderados xerais ou especiais con responsabilidades mancomunadas se son máis dun, e agás que no nomeamento se faga constar a solidariedade.

Artigo 16º.- Os membros do Padroado.

1.- O Padroado constitúese integrado por un total de 22 membros que contarán con voz e voto e se adscribirán ós seguintes cargos:

- Presidente: O Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.
- Vicepresidente: Elixido polo Padroado por maioría absoluta de entre os vocais.
- Vocais: Os representantes das entidades que se citan, coa seguinte asignación:
 - Concello de Vigo: 1
 - Instituto Enerxético de Galicia (INEGA): 2
 - Deputación Provincial: 2
 - Consorcio Zona Franca: 2
 - Caixanova: 2
 - Grupo PSA Peugeot - Citroën: 2
 - Gas Galicia: 2
 - Autoridade Portuaria de Vigo: 1
 - Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo: 1
 - ISOFOTON: 1
 - Unión Fenosa: 1
 - Universidade de Vigo: 1

Amáis dos 3 patróns de honra nomeados polo mesmo.

Ó padroado poderán incorporarse novos patróns que se admitan de conformidade co previsto no artigo 9º dos presentes estatutos.

2.- O período de mandato dos membros do Padroado será de 4 anos; poidendo ser reelixidos indefinidamente por períodos de tempo de igual duración.

3.- O presidente, o vicepresidente e os vocais cesarán automaticamente nos seus cargos cando cesen nos organismos ou entidades ás que representan. Tamén cesarán a petición propia. En ámbolos dous casos a designación de quen os susbtitúa operará por un período de tempo igual ó que resta do mandato.

Así mesmo poderán cesar cando da súa actuación derivase un grave prexuízo para o obxecto ou fins da Fundación, ou incumprir gravemente as súas obrigas de patróns.

Neste caso deberá tramitarse o oportuno expediente ó efecto con audiencia do interesado, previamente a que o Padroado acorde o cesamento, no seu caso, por maioría absoluta dos seus membros.

4.- Cando os cesamentos non sexan cubertos e as vacantes supoñan a maioría absoluta dos membros como mínimo, o Padroado continuará en funcións ata a data da súa renovación, adoptando só as decisións de xestión ordinaria precisas e diferindo as demais ata que se produza a renovación ou se complete a maioría absoluta. Tamén deberá adoptar aquelas outras decisións que de non o facer poidan afectar gravemente ós intereses xerais ou o obxecto e fins da Fundación.

Artigo 17º.- Réxime de sesións.

O Padroado reunirse ordinariamente unha vez ó trimestre, e extraordinariamente cando o acorde o seu presidente ou unha terceira parte dos seus membros.

Artigo 18.- Convocatoria das reunións.

1.- As reunións do Padroado serán convocadas polo seu presidente.

2.- As convocatorias efectuaranse con catro días de antelación como mínimo á data da reunión, mediante citación dirixida a cada un dos seus compoñentes na que constará a orde do día, lugar, data e hora de realización.

No caso de urxencia xustificada a xuízo do presidente, este poderá convocar o Padroado con 48 horas de antelación, por calquera medio que acredite a recepción da citación por parte dos seus membros.

Artigo 19.- Constitución e acordos.

Para a validez das reunións do Padroado deberán estar presentes cando menos a maioría dos seus membros, coa presenza do presidente e o secretario ou persoas que os substitúan legalmente, agás no caso previsto no apartado 4 do artigo 16.

Os acordos adoptaranse por maioría absoluta dos asistentes e será dirimente en caso de empate o voto do presidente.

CAPITULO TERCEIRO DOS DEMÁIS CARGOS DA FUNDACIÓN

Artigo 20º.- O presidente.

1.- O presidente do Padroado e da Fundación será o Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

2.- A duración do seu mandato será a mesma e coincidirá no tempo coa dos restantes membros do Padroado.

Artigo 21º.- Funcións do presidente.

Ó presidente do Padroado, órgano executivo e impulsor do seu funcionamento, correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Dirixir o goberno e administración da Fundación.
- b) Representar legalmente á Fundación e ó seu Padroado e exercitar as accións xudiciais e administrativas, poidendo conferir poderes para tal fin, sempre tralo acordo do Padroado, agás no caso de urxencia en que o poderá facer directamente, dándolle conta ó Padroado na primeira sesión que realice.
- c) Convocar e presidir as reunións do Padroado e dirimir os empates con voto de calidade.
- d) Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e actividades da Fundación e asegurar o seu normal funcionamento.
- e) Dispoñer gastos segundo os orzamentos, ordear os pagamentos e render contas.
- f) Executar, cumprir e facer cumprir as decisións propias e as do Padroado.
- g) Conferir delegacións das súas propias funcións, agás aquelas legalmente indelegables.
- h) Exercer cantas outras lle correspondan conforme ás disposicións legais e regulamentarias, estes estatutos e as normas que os desenvolvan, así como as demais de carácter ordinario precisas para o eficaz funcionamento da fundación ou que lle correspondan por delegación do padroado.

Artigo 22º.- O vicepresidente.

1.- O vicepresidente será nomeado polo Padroado de entre os seus membros por maioría absoluta.

2.- Terá como función substituír ó presidente no caso de ausencia, enfermidade, vacante ou impedimento de calquera clase, así como por delegación expresa deste.

Artigo 23º.- O secretario.

1.- O padroado deberá nombrar un secretario, que será elixido por maioría absoluta dos seus membros.

2.- O cargo de secretario poderá recaer nunha persoa allea ó padroado quen caso contará con voz pero non con voto.

3.- As súas funcións serán as seguintes:

- a) Secretaría dos órganos colexiados da Fundación, sesións ás que asiste con voz para informar e asesorar, pero sen voto.
- b) A asesoría xurídica-administrativa da Fundación.
- c) A fé pública de todos os actos, resolucións e acordos dos órganos da Fundación.
- d) A redacción das actas e a certificación dos acordos.

- e) A xefatura da Secretaría e dos servicios xurídicos-administrativos.
- f) A asistencia e colaboración ós órganos da Fundación, para a axeitada execución dos seus acordos e resolucións.
- g) As demais propias do seu cargo que lle encomende calquera dos órganos executivos da fundación.

Artigo 24º.- O director xerente.

1.- O director-xerente é o órgano que baixo a superior dirección do Padroado e do seu presidente encárgase da dirección administrativa e a xestión dos asuntos da Fundación.

2.- Será nomeado polo Padroado a proposta do seu presidente. O desempeño do cargo será incompatible co de calquera outro retribuído ou non nalgunha das corporacións, entidades e organismos que estean representados nos órganos rectores da fundación, ou en empresas vinculadas ou relacionadas co obxecto ou fins desta, séndolle de aplicación o réxime de incompatibilidade previsto para os altos cargos da administración.

3.- Ó se tratar dun cargo de confianza e alta dirección o réxime da súa vinculación coa Fundación será laboral especial a través dun contrato de alta dirección contemplado no artigo 2 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, e disposicións que o desenvolven. Excluirase especificamente do contrato a consideración de calquera cláusula de blindaxe ou indemnizatoria similar por Resolución contractual anticipada.

A duración do contrato será a que acorde o Padroado, sen que poida exceder de catro anos, renovables expresamente por períodos de igual ou menor duración á inicialmente acordada.

4.- Son funcións específicas do director-xerente as seguintes:

- a) Preparar, estudar e executar os programas específicos de actuación aprobados polo Padroado.
- b) Dirixir e organizar os servicios, baixo a superior dirección do Padroado e o seu presidente.
- c) Desenvolver os orzamentos, ordear os gastos xunto co presidente ou membro do Padroado en quen delegue e propoñerlle ó Padroado a liquidación das contas.
- d) Exercer a xefatura directa do persoal e consecuentemente propoñerlle ó Padroado a aprobación do cadro de persoal e a creación, modificación ou extinción dos servicios, o establecemento das condicións de traballo, e o réxime retributivo do persoal a través dos procedementos legalmente establecidos, así como o seu nomeamento e cesamento, premio ou sanción.
- e) Redactar os regulamentos de réxime interior e de servicios.
- f) Executar os acordos do Padroado e as resolucións do seu presidente.
- g) Asistir ás sesións do Padroado con voz pero sen voto.
- h) Outorgar escrituras de formalización de adxudicacións, préstamos ou créditos, librar, aceptar, negociar ou renovar documentos mercantis ou de crédito nos bancos oficiais, banca privada e caixas de aforro, dispoñendo dos seus fondos da forma legalmente establecida, todo isto tralos acordos do Padroado ou do presidente no seu caso.
- i) Calquera outra que lle sexa encargada polo Padroado ou o seu presidente.

CAPITULO CUARTO REMUNERACIONES

Artigo 25º.- Retribucións e indemnizacións.

1.- Ningún dos cargos recollidos neste título serán retribuídos agás o de secretario, o de director-xerente e o do membro que actúe como apoderado xeral no seu caso, no suposto autorizado polo artigo 14.4 da Lei 7/1983, do 22 de xuño, na súa relación dada pola Lei 11/1999, do 8 de novembro.

2.- Non obstante os patróns terán con carácter xeral dereito ó aboamento de todos os gastos que o exercicio do cargo lles ocasione, e entre eles os de viaxe e estadia para asistencia a reunións ou a realización de misións relativas á Fundación que se lle encomenden. Así mesmo percibirán as axudas de custo pola asistencia ás sesións polo importe que fixe o Padroado dentro dos límites legal e regulamentariamente establecidos.

CAPITULO QUINTO DOS ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS

Artigo 26º.- Órganos complementarios.

Os órganos complementarios, as funcións dos cales consistirán basicamente na realización de estudos e na emisión de informes, dictámenes e propostas, estruturaránse e determinaránse no regulamento de réxime interior da fundación que aprobe o Padroado. Tales funcións serán consultivas, asesoras e non vinculantes para os órganos directivos agás que expresamente se dispoña o contrario no regulamento de réxime interior.

Artigo 27º.- A Comisión asesora.

1.- Co obxecto de contribuir á consecución dos fins da Fundación o Padroado poderá nomear unha comisión asesora composta por un máximo de 4 membros de recoñecido prestixio no ámbito da promoción, aforro, eficacia e eficiencia na utilización racional da enerxía.

2.- A duración do nomeamento dos seus membros será de catro anos, poidendo renovarse indefinidamente por períodos da mesma duración.

Artigo 28º.- "Asociación de amigos da enerxía".

A fundación constituirá e promocionará unha "asociación de amigos da enerxía" integrada polas persoas ou entidades que sen formar parte da Fundación colaboren con ela na forma que se estableza. A asociación desenvolverá un programa propio; o seu contido, xunto cos requisitos para se integrar na asociación e os dereitos e deberes dos seus membros incluírase no regulamento de réxime interior.

TÍTULO VI. DO PATRIMONIO E RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 29º.- Patrimonio.

1.- O patrimonio da fundación intégra toda clase de bens, dereitos e accións, sen máis limitacións que as establecidas polas leis.

2.- A dotación inicial figurará na Carta Fundacional, subscripta polos fundadores.

3.- Os demais recursos da Fundación poderán proceder de:

- a) As achegas ordinarias ou extraordinarias dos seus integrantes que estableza o Padroado.
- b) Subvencións que reciba de entes públicos ou particulares.
- c) Auxilios, doazóns "intervivos", herdanzas e legados.
- d) Ingresos procedentes de actividades, servicios e publicacións.
- e) Xuros de contas crediticias.
- f) Productos do seu patrimonio.
- g) Calquera outro que sexa procedente de acordo coa lexislación vixente.

4.- Os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación deberán figurar ó seu nome nos correspondentes inventarios. Os que sexan susceptibles de inscrición inscribíranse nos correspondentes rexistros.

5.- Os fondos públicos e valores mobiliarios deberán depositarse ó nome da Fundación en establecementos de crédito. Só se manterán na caixa da Fundación os fondos mínimos indispensables para atender as necesidades diarias de funcionamento.

6.- Poderán adscribirse á Fundación por parte dos seus membros para o seu uso e disfrute e sen transmisión de dominio os bens e dereitos que a lexislación autorice; os que deberán figurar no balance da entidade polo seu valor de cesión, debidamente separados dos que son da súa titularidade e polo tanto integrados no seu patrimonio.

7.- O importe da achega inicial de cada un dos membros da Fundación incluírase na carta fundacional xunto coa dotación inicial.

As sucesivas achegas faranse por anualidades e ata o ano 2004 contarán co mesmo importe da inicial, modificado unicamente en función da variación do IPC.

A partir do ano 2005 o importe das achegas será fixado anualmente polo Padroado, tendo en conta a situación patrimonial da Fundación, as axudas e subvencións con que conta, as esixencias do cumprimento dos seus fins, o número de entidades benefactoras e patrocinadoras e calquera outra circunstancia relevante.

8.- En todo caso estarase ó establecido nas disposicións citadas no artigo 1º dos Estatutos.

Artigo 30.- Aplicación das rentas ó obxecto fundacional.

A Fundación non conta con ánimo de lucro polo que todos os seus ingresos serán aplicados ó cumprimento dos seus fins sen prexuízo da aplicación dos precisos dentro dos límites previstos pola lexislación vixente, para sufragar os gastos necesarios de xestión e administración.

Artigo 31º.- Orzamentos

1.- Antes de iniciar cada exercicio económico anual o órgano de goberno da Fundación aprobará e remitiralle ó protectorado o orzamento de ingresos e gastos correspondentes ó dito exercicio, que non poderá ser presentado con déficit. Na confección do orzamento poderán seguirse os mesmos criterios do plan xeral de contabilidade ou calquera outro xeralmente admitido, sempre que se cumpran, cando menos, os requisitos sinalados no art.28.2 do Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, aprobado por Decreto autonómico 248/1992, de 18 de xuño.

2.- Cando se trate de levar a cabo actuacións excepcionais non previstas nin incluídas no presuposto ordinario, o Padroado deberá confeccionar un orzamento extraordinario. Os orzamentos extraordinarios haberán de ser equilibrados, figurando neles unha suma de ingresos equivalente á dos gastos extraordinarios que conteñan.

3.- En todo caso a conservación e mellora das instalacións afectadas ós fins da Fundación fárase con cargo ós seus orzamentos.

4.- Os orzamentos, tanto ordinarios como extraordinarios, terán que se adaptar ó establecido no citado decreto 248/1992, do 18 de xuño.

Artigo 32º.- Contabilidade.

1.- A actividade contable da Fundación deberá axustarse ás normas de contabilidade xeral española e ás esixencias da lexislación fiscal que lle sexan aplicables.

2.- A Fundación deberá levar como mínimo os seguintes libros e documentos.

- O libro de inventarios e balances.
- O libro de orzamentos e a súa liquidación.
- O libro diario.
- O libro de actas.
- Memoria

Todos eles deberán ser previamente autorizados mediante o selado de tódolos folios e unha dilixencia na que conste o número deles.

3.- En todo caso deberán cumprirse as previsións contidas ó efecto no decreto autonómico 248/1992, do 18 de xuño.

Artigo 33º.- Réxime económico.

O réxime económico establecerase e o control da situación económica da Fundación polo protectorado farase conforme ó previsto ó efecto no decreto autonómico 248/1992, de 18 de xuño.

TITULO VII DO RÉXIME INTERNO DO SERVICIO E DO PERSOAL

Artigo 34º.- Regulamento do réxime interno e do servíicio.

Unha vez constituída a Fundación o Padroado aprobará os regulamentos de réxime interno e do servíicio, ós que deberá axustarse a fundación tanto no seu funcionamento interno como na prestación dos servíicios e a realización de actividades dirixidas a lograr o obxecto e a satisfacer os fins fundacionais.

Artigo 35º.- Réxime do persoal.

A relación da Fundación co seu persoal será de carácter laboral, ó abeiro do previsto no Estatuto dos Traballadores e demais normas de xeral aplicación.

**TITULO VIII
DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS**

Artigo 36º.- Modificación dos Estatutos.

A modificación dos estatutos procederá nos casos e cos procedementos establecidos o efecto no decreto autonómico 248/1992, do 18 de xuño.

**TITULO IX
DA FUSIÓN, MODIFICACIÓN E EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN**

Artigo 37º.- Da fusión e modificación.

Para a fusión e modificación da fundación estarase ó previsto ó efecto no decreto autonómico 248/1992, de 18 de xuño.

Artigo 38º.- Extinción da Fundación.

A extinción da Fundación requirirá da súa disolución e liquidación e procederá nos casos e a través do procedemento ó efecto no decreto autonómico 248/1992, do 18 de xuño.

6.- (43).- DAR CONTA DE PROTOCOLO XERAL DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE PARA O DESENVOLVEMENTO DE DETERMINADAS OBRAS HIDRÁULICAS.

ANTECEDENTES.- Preséntase para coñecemento do Pleno da Corporación protocolo xeral de colaboración entre o Concello de Vigo e a Consellería de Medio Ambiente para o desenvolvemento de determinadas obras hidráulicas asinado con data 10 de febreiro de 2004, polo Conselleiro de Medio Ambiente e a Alcaldesa de Vigo co texto que figura a continuación:

PROTOCOLO XERAL DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE PARA O DESENVOLVEMENTO DE DETERMINADAS OBRAS HIDRÁULICAS

En Vigo, a 10 de febreiro de 2004.

Dunha parte, o Excmo. Sr. Xosé Manuel Barreiro Fernández, Conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, actuando no nome e representación da Xunta de Galicia en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, en relación co establecido no decreto 14/2002, do 24 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente.

Doutra, a Excma. Sra. Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidente do Excmo. Concello de Vigo, actuando no nome e representación do meritado Concello, en virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e do acordado polo Pleno deste.

EXPOÑEN

O Decreto 84/1997, do 10 de abril, sobre colaboración técnica e financeira da administración hidráulica de Galicia coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento das augas, consegue axilizar e incrementar a cooperación entre as administracións local e autonómica á hora de realizar infraestruturas.

As actuacións son de importancia no Concello e co obxectivo de acelerar no posible a súa realización, elabórase o presente Protocolo xeral de colaboración que, tendo en conta as competencias do Concello e da Comunidade Autónoma de Galicia na materia, permite a colaboración interinstitucional e amortiza o impulso inversor das administracións participantes.

O prazo que o protocolo xeral de colaboración establece para desenvolver as actuacións é o mínimo que esixe a súa magnitude e complexidade, tendo en conta a necesidade duns tempos de maduración técnica dos proxectos e da súa tramitación administrativa, que engadiranse ós do proceso de licitación e execución das obras.

Sobre a base de todo o anterior, considerándose con capacidade legal suficiente para subscribir o presente documento,

D. Xosé Manuel Barreiro Fernández, Conselleiro de Medio Ambiente, no exercicio das competencias da Xunta de Galicia recollidas na Constitución, artigo 148, o Estatuto de Autonomía para Galicia e as derivadas dos Reais decretos 1870/1985, do 11 de setembro, e 2792/1986, do 30 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma en materia de obras hidráulicas.

D^a Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Concello de Vigo, no exercicio das competencias na materia previstas na normativa xeral de réxime local, de conformidade co previsto no artigo 6º do Decreto 84/1997.

ACORDAN

S.Ordinaria 23.02.04

Levar a cabo de forma coordinada e en colaboración, as seguintes actuacións:

- Saneamento rural de Vigo. Parroquia de Zamáns. Vigo.
- Ampliación do saneamento da parroquia de Valladares. Vigo.

Para isto, teranse en conta as seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- As actuacións obxecto do presente protocolo xeral de colaboración son as seguintes:

- "Saneamento rural de Vigo. Parroquia de Zamáns". Corresponde coa execución de 11.720 ml de colectores, un pozo de bombeo cun tanque de tormentas e unha impulsión de 654 ml que recollen os vertidos da parroquia de Zamáns para conectalos coa EDAR de Gondomar.
- "Ampliación do saneamento da parroquia de Valladares". Comprende as obras de 15.245 ml de colectores para recoller as augas residuais das zonas de Cañoitas, Sobreira, Mancales, Olaso, O Padrón, As Regadas, Garrida e As Gándaras.

Ademais das obras mencionadas, o presente protocolo xeral de colaboración recolle todas aquelas actuacións complementarias necesarias para facer efectiva a execución das obras, é dicir, os estudos, proxectos, direccións de obra e asistencias técnicas.

Segunda.- As administracións intervincentes comprométese a realizar os trámites necesarios para levar a cabo as actuacións previstas na estipulación primeira durante o marco temporal de programación de financiamento dos Fondos Comunitarios.

Terceira.- As actuacións deste protocolo xeral de colaboración serán financiadas como segue:

- a) A Consellería de Medio Ambiente, a través da súa Administración Hidráulica, financiará na súa totalidade, as obras de "Ampliación do saneamento da parroquia de Valladares", cun investimento de 2.811.035,66 €.
- b) O Concello de Vigo comprométese a financiar na súa totalidade obras de "Saneamento rural de Vigo. Parroquia de Zamáns" cun investimento de 3.188.473,21.

Cuarta.- As direccións de obra e calquera outra asistencia técnica necesaria para dar adecuado cumprimento ó obxecto do protocolo xeral de colaboración serán financiadas pola Administración Hidráulica de Galicia.

Quinta.- O Concello realizará a totalidade das xestións administrativas recollidas no Decreto 84/1997, incluída a posta a disposición da Consellería de Medio Ambiente, libres de cargas e gravames, dos terreos necesarios para executar as actuacións anteriores.

Sexta.- A Consellería de Medio Ambiente licitará, adxudicará e xestionará os contratos de obra de todas as actuacións que se compromente a financiar no protocolo xeral de colaboración ata a súa terminación definitiva.

Igualmente o Concello de Vigo adxudicará e xestionará os contratos de obra da actuación de saneamento rural de Vigo. Parroquia de Zamáns.

Sétima.- Unha vez rematadas as obras e recibidas definitivamente, serán entregadas ó Concello que, a partir de tal momento, farase cargo, a todos os efectos, das mesmas.

Oitava.- A vixencia do presente protocolo xeral de colaboración estenderase a todo o período de execución das obras hidráulicas ás que o mesmo se refire.

Tamén poderá extinguirse por algunha das seguintes causas:

- a) O mutuo acordo das partes que o subscriben.
- b) A entrada en vigor de disposicións legais e regulamentarias que determinen a súa extinción.

Nestes casos establecerase, en función da causa concreta de extinción e á vista da situación particular das actuacións en curso, a forma de terminación das mesmas.

Novena.- Estableceranse acordos específicos entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello para levar a cabo as actuacións deste protocolo xeral de colaboración en función das dispoñibilidades económicas e orzamentarias, que en todo caso se someterán ás estipulacións acordadas no presente documento.

Décima.- A Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Vigo comprometeranse a licitar as obras previstas neste protocolo no vindeiro ano 2004, agás que dificultades derivadas da anterior cláusula quinta non o permitan. Neste caso, as obras executaríanse a partir da seguinte anualidade.

Manifestando a súa conformidade con todo o anterior, asinan o presente documento no lugar e data referidos no encabezado.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: É dar conta de dous protocolos que se asinaron entre o Concello de Vigo e a Consellería de Medio Ambiente para financiar a ampliación do saneamento da parroquia de Valladares cun investimento de 2.811.000 € e da parroquia de Zamáns cun investimento de 3.188.000 €. Consideramos que son dúas obras importantes de saneamento da cidade e polo tanto prioritarias para o seu desenvolvemento. Moitas gracias.

SR. SOTO FERREIRO: Visar a intervención do voceiro do Partido Popular porque efectivamente son dúas obras que, aínda que tarde, felizmente chegan.

Son moi importantes para o saneamento da cidade e polo tanto eu quero felicitar ó Goberno municipal por esta consecución e esperemos que se poidan acadar mellores e maiores cousas para Vigo.

Como esta intervención é para felicitar e pedir que se siga nesa dirección, quero aproveitar tamén e aínda que non veña ó caso, para felicitar publicamente á Sra. Alcaldesa polo seu esforzo na práctica do galego, cada día faino mellor, Sra. Alcaldesa, chegará falar moi ben o galego, moitas gracias polo seu esforzo.

SR. TOBA GIRÓN: Visando a intervención do Sr. Soto, felicítala, Sra. Alcaldesa, polo esforzo que está facendo na utilización do noso idioma. En segundo lugar dicirlle que o protocolo ó noso Grupo non lle satisface.

Durante o mandato pasado o acordo ó que chegáramos con Augas de Galicia era que nós realizabamos o investimento correspondente á perimetral, que se está realizando en Vigo por un alcance superior ós 8 millóns de euros, e que polo tanto o organismo autónomo Augas de Galicia tería que correr co cargo do investimento do saneamento de Beade que xa está feito, do saneamento de Valladares e do saneamento de Zamáns. Era un acordo xusto no que practicamente nos repartíamos ó 50% os investimentos importantes que quedaban de saneamento e abastecemento, facéndonos cargo nós daqueles que teñen que ver co abastecemento e facéndose cargo eles dos que teñen que ver co saneamento e que ficaban sen realizar.

O protocolo do que vostedes dan conta hoxe efectivamente presenta a realización desas dúas obras e a nós seméllanos ben pero, Sr. Figueroa, Sra. Alcaldesa, a realidade é que a Xunta vai custear o saneamento de Valladares por importe de 2,8 millóns de euros e o Concello de Vigo vai custear o correspondente ó saneamento de Zamáns por valor de 3,2 millóns de euros. É dicir, estamos dando un paso atrás sobre os acordos adoptados no seu día con Augas de Galicia dos que, evidentemente e como non pode ser doutro xeito, a Xunta de Galicia pretendía esquivar ese acordo e esquivao dese xeito.

Non nos semella un bo acordo, coidamos que un bo acordo sería que a Xunta de Galicia asumira os dous compromisos e realizase os investimentos tanto de Zamáns como o de Valladares para equilibrar o acordo adoptado no seu día

de repartírmolos, digo aproximadamente ó 50% porque non era tal xa que nós asumíamos un investimento maior pero en todo caso si era necesario que a Xunta de Galicia, que o organismo Augas de Galicia custeara os dous saneamentos e non só un. Nada máis, moitas grazas.

SR. FIGUEROA VILA: Só matizar que o noso goberno o que pretende é que ó final se resolvan os problemas de saneamento das parroquias de valladares e Zamáns.

Só unha cuestión: de Zamáns o Concello o único que aporta é o 20% porque o demais son fondos europeos. É sinxelamente unha matización porque para nós o importante é que este tema estaba bloqueado e nestes momentos se lle dá o visto e praxe, por iso coidamos que para os veciños de Valladares e Zamáns o importante é que se acaden eses saneamentos, se poñan en marcha e sigamos buscando financiamentos doutras administracións para as obras necesarias para a cidade. Ese é o obxectivo que temos enriba da mesa, coidamos que é o correcto e imos seguir traballando na mesma liña.

SR. TOBA GIRÓN: Indubidablemente que esta saída sempre estivo enriba da mesa. Se a Augas de Galicia un lle propón que vai pagar os investimentos, Augas de Galicia aplaude con toda a razón, pero precisamente do que se trata é de acadar os investimentos doutras administracións e non de que o fagamos nós. A boa xestión consiste precisamente en traer eses investimentos que estaban comprometidos da Xunta de Galicia.

Imos ter que asumir outros compromisos de saneamento. Como seguramente o Sr. Iglesias xa sabe a estas alturas porque ademais eu llo expliquei no seu momento, queda por facer a ampliación de Cabral, a de Bembrive e quedan aínda zonas da cidade que van precisar do noso propio esforzo.

Polo tanto, insisto, o protocolo retrocede en canto ós compromisos da Administración autonómica co Concello de Vigo en relación coa situación do primeiro semestre do ano 2003. Nada máis, grazas.

SR. IGLESIAS CARRERA: Sr. Toba, eu lin o protocolo que se asinou co Sr. Conselleiro de Medio Ambiente e o abastecemento de Zamáns eran uns restos que quedaban dos fondos de cohesión (vostede coñéceo ben porque falamos diso) e estábamos xa case que fóra de prazo, tiñamos unha urxencia por parte da Subdirección Xeral de Fondos Comunitarios para iso.

Eu falei co Director Xeral de Obras Hidráulicas e pensa que proximamente poderá facerse o resto do saneamento que queda en Cabral.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este enterado.

7.- (44).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E RENFE PARA A CONSTRUCCIÓN DA NOVA ESTACIÓN DE FERROCARRIL DE VIGO, REORDENACIÓN DA PRAZA DA ESTACIÓN E ORDENACIÓN DO SEU ÁMBITO.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xaneiro de 2004, o técnico de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. Rodríguez Bartol, emite o seguinte informe:

"I.- Antecedentes inmediatos:

I.1. O Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU), en sesión do 30.10.2003, adoptou o seguinte acordo:

«Respaldar ó concelleiro de Urbanismo na renegociación da cláusula 5º do "Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e RENFE, para a construción da nova estación de ferrocarril de Vigo, reordenación da Praza da Estación e ordenación do seu ámbito" así como así como da cuestión formulada polo Sr. Soto Ferreiro sobre a substitución da palabra "facilitar" por "intentar"» (sic).

I.2. Mediante Fax do 11.11.2003, remitiúse á Xerencia Territorial do Noroeste de RENFE escrito da mesma data do daquela vicepresidente primeiro da XMU, D. Mauricio Ruiz Cenicerós, no que se expoñía a necesidade de reformular en parte as cláusulas segunda e quinta do precitado Convenio en base ó acordado polo Consello de Xerencia e ós demais razonamentos alí expostos.

I.3. Mediante outro Fax da Xerencia Territorial do Noroeste de RENFE do 22.01.2004 remitiúse borrador de proposta de nova redacción dos acordos Quinto e Segundo (apdo. C]) do Convenio.

I.4. Por solicitude verbal do sr. xerente de urbanismo de data 22.01.2004 emítese, en relación co asunto de referencia, o seguinte informe.

II.- Informe:

II.1. ACORDO SEGUNDO, APDO. C).

II.1.1. Na redacción proposta agora por RENFE para o acordo segundo, apartado C] do Convenio (*«Ordenación do borde e estación intermodal»*), esta

comprométese a que no proxecto de ordenación que deberá presentar "facilitará" a posibilidade de integrar a estación de intercambio de transporte (parada dos autobuses de paso -de longo, medio e curto percorrido-, autobuses urbanos e posible estación do futuro Metro Lixeiro) "prevista en el Plan General Vigente" unha vez que se adopte por quen corresponda a solución definitiva para a creación daquela. Nas mesmas circunstancias, "se facilitará la integración en relación con el futuro enlace con la autopista A9".

II.1.2. Sobre este punto deben facerse as seguintes puntualizacións:

- Na redacción do Convenio aprobado en sesión plenaria do 30.07.2001 tan só se contiña unha relación dos elementos que integrarían a ordenación do bordo e estación intermodal ("*1. Estación de autobuses de longo, medio e curto percorrido. 2. Cocheiras e instalacións centrais do tranvía ou metro ultralixeiro. 3. Intercambiador de transporte entre o autobús urbano e os demais medios de transporte xa citados. 4. Futuro enlace coa autoestrada A-9*"); redacción que obedeceu a unha enmenda do Grupo Socialista (Sr. Fernández Álvarez) que se aprobou no Consello de Xerencia do 12.07.2001, en substitución do texto inicialmente proposto e no que se aludía ó compromiso de RENFE de "facilitar" a integración da estación intermodal e o enlace coa autoestrada A9. O texto presentado posteriormente por RENFE parecía indicar un grao de vinculación algo menos intenso en relación con estes extremos ("*intentará facilitar la posibilidad*"), aspecto que agora se corrixe no sentido querido polo Consello de Xerencia do 30.10.2003.

- A respecto da referencia á previsión da estación de intercambio no planeamento xeral vixente, lémbrese que o PXOU-93 contemplou xa a creación dun "intercambiador de autobuses" no espazo existente entre a Praza da Estación e a Autoestrada A-9 (vid. ficha de características do PERI I-09 Estación). En todo caso, será mediante a súa modificación puntual ou inclusión da concreta solución proxectada no novo PXOM, actualmente en trámite, como poderán levarse a cabo as determinacións deste convenio preparatorio de planeamento. Por esta razón, considérase máis axeitado incluír unha referencia ó "*planeamento municipal*" en lugar da relativa ó "*Plan Xeral vixente*" que se contén na proposta de RENFE.

II.1.3. En definitiva, a redacción deste acordo segundo, apdo. C] do Convenio sería do seguinte teor:

«0 proxecto que presente RENFE, dentro das competencias que lle son propias, facilitará a posibilidade de integrar a estación de intercambio de transporte (parada dos autobuses de paso -de longo, medio e curto percorrido-, autobuses urbanos e posible estación do futuro Metro lixeiro) prevista no planeamento municipal, unha vez que se adopte por quen corresponda a solución definitiva para a creación da mesma. En iguais circunstancias, tamén se facilitará a integración en relación co futuro enlace coa Autoestrada A-9».

II.2. Acordo quinto:

II.2.1. No acordo quinto do Convenio aprobado polo Pleno do 30.07.2001 estipulábase o seguinte:

«QUINTO.- Se no prazo de dous anos dende a sinatura deste Convenio non se producise a aprobación da figura de planeamento precisa e/ou a modificación do planeamento, se se require, o Concello estará obrigado:

- 1.- A reconstruí-lo edificio da antiga estación, que foi desmontado, para reintegralo ó estado que tiña cando foi alugado.
- 2.- A reintegrar a Renfe tódolos gastos que lle xeren a garda e custodia do acordo cuarto deste convenio.

Neste mesmo suposto, Renfe queda liberada da obriga establecida no acordo terceiro de pagamento ó Concello da totalidade dos gastos xa realizados e xustificados polo proxecto de instalación do Conservatorio no edificio da antiga estación».

II.2.2. Sen embargo, como advertíu o anterior vicepresidente primeiro da XMU no escrito enviado a RENFE o 11.11.2003, existe unha incongruencia entre o contido deste acordo e o pactado no acordo primeiro, segundo o que: *«O Concello de Vigo, sen menoscabo do debido exercicio da súa potestade de planeamento e coas limitacións establecidas na normativa de pertinente aplicación, comprométese a poñer-los medios para facilita-la pretensión da Compañía Renfe de construír unha nova estación de viaxeiros en Vigo, con usos comerciais, de lecer e dotacionais, tramitando a oportuna figura de planeamento que resulte precisa unha vez concretado o alcance do proxecto e co compromiso por parte do Concello de tramita-la aprobación inicial da figura de planeamento que resulte precisa no prazo de 6 meses dende a presentación por RENFE do proxecto que máis adiante se menciona».*

En efecto, se a tramitación da oportuna figura de planeamento depende da presentación por RENFE do proxecto de ordenación da Praza da Estación, da nova Estación e de ordenación do bordo e estación intermodal, o prazo de responsabilidade pactado no acordo quinto debería computarse dende ese momento e non dende a data de asinamento do Convenio

II.2.3. En calquera caso, sobre a adecuación ó interese público municipal dese acordo quinto, o técnico informante e o arquitecto xefe de Planeamento-Xestión expresaron xa en informes do 20.04.2001 e do 27.10.2003 a súa opinión desfavorable (que aquí se reitera), entendendo que para o caso de que as determinacións do Convenio non se chegasen materializar, o lóxico sería voltar á situación inmediatamente anterior ó seu asinamento.

Non obstante, o Pleno da Corporación, na súa sesión do 30.07.2001 mantivo outro criterio e, por proposta do Consello de Xerencia do 12.07.2001, aprobou por unanimidade dos seus 27 membros o texto do Convenio de colaboración Concello-RENFE no que se contiña o precitado acordo quinto, co contido negocial que foi obxecto de reparo técnico naquel informe.

II.2.4. Coa salvedade anterior, a redacción definitiva para este acordo quinto sería a seguinte:

«QUINTO: Se no prazo de dous anos dende a presentación por parte de RENFE do proxecto de ordenación recollido no acordo segundo non se producise a aprobación da figura de planeamento precisa e/ou a modificación do Planeamento, se se require, o Concello estará obrigado:

- 1.- A reconstruir o edificio da antiga estación, que foi desmontado, para reintegralo ó estado que tiña cando foi alugado.
- 2.- A reintegrar a Renfe tódolos gastos que lle xeren a garda e custodia do acordo cuarto deste convenio.

Neste mesmo suposto, Renfe quedará liberada da obriga establecida no acordo terceiro de pagamento ó Concello da totalidade dos gastos xa realizados e xustificados polo proxecto de instalación do Conservatorio no edificio da antiga estación».

II.2.5. Con todo, faise constar que o anterior vicepresidente primeiro da XMU formulou tamén, no escrito dirixido a RENFE antes referenciado, unha proposta alternativa para este acordo quinto, coa seguinte redacción:

«QUINTO: No suposto de que o futuro Plan xeral de Ordenación Municipal, que substitúa ó vixente de 29 de abril de 1993, non recolla a reordenación da praza da estación e ordenación do seu ámbito conforme ás determinacións pactadas neste Convenio, o Concello estará obrigado:

- 1.- A reconstruir o edificio da antiga estación, que foi desmontado, para reintegralo ó estado que tiña cando foi alugado.
- 2.- A reintegrar a Renfe tódolos gastos que lle xeren a garda e custodia do acordo cuarto deste convenio.

Neste mesmo suposto, Renfe quedará liberada da obriga establecida no acordo terceiro de pagamento ó Concello da totalidade dos gastos xa realizados e xustificados polo proxecto de instalación do Conservatorio no edificio da antiga estación».

Tendo en conta a competencia concorrente en materia de aprobación de planeamento e as evidentes dificultades de adquirir compromisos de cumprimento de prazos que non dependen unicamente desta Administración, considérase esta proposta máis favorable para os intereses municipais, malia que -evidentemente- implicaría unha relevante modificación do aprobado polo Pleno o 30.07.2001, que debería contar coa previa aprobación de RENFE.

II.2.6. ACORDO SÉTIMO: Existía tamén unha discrepancia sobre a redacción máis axeitada para o acordo sétimo do Convenio; estipulación que se pretende introducir «ex novo», por instancia deste Concello, no Convenio aprobado.

A redacción proposta pola XMU, sometida á consideración do Consello de Xerencia do 30.10.2003, era do seguinte teor:

«SÉTIMO: Os efectos do presente Convenio vinculan ás partes respecto da tramitación do procedemento e posibilidade da solución proxectada pero non vinculan á Administración no debido exercicio da súa potestade de planeamento».

Tal estipulación fundaméntase no disposto hoxe no artigo 235.4.b] da L.9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) e nunha consolidada doutrina xurisprudencial, da que son exemplo, entre outras, as SSTS do 30.04.1990, Ar. 3624; 30.04.1990, Ar. 3627; 13.07.1990, Ar. 6034; 21.09.1991, Ar. 6818;

20.12.1991, Ar. 314; 13.02.1992, Ar. 2828; 18.03.1992, Ar. 3376;
29.11.1993, Ar. 9062; 23.06.1994, Ar. 5339; 19.07.1994, Ar. 6382;
05.12.1994, Ar. 9821; 06.07.2000, Ar. 1760.

O texto alternativo proposto por RENFE para este acordo sétimo, do que tamén se deu conta ó Consello de Xerencia na mesma sesión do 30.10.2003, dicía así:

«SÉTIMO: Os efectos do presente Convenio vinculan ás partes respecto da tramitación do procedemento, das posibilidades da solución proxectada e das obrigas do Concello contraídas no acordo quinto para os supostos nos que non se aprobase a figura de planeamento precisa e/ou a modificación do Planeamento, pero non vinculan á Administración no debido exercicio da súa potestade de planeamento».

Tal como se expresou no informe de data 27.10.2003, a xuízo do técnico que subscribe, a redacción suxerida por RENFE pecaba de redundante, toda vez que reiteraba (innecesariamente) o compromiso municipal xa expresado no acordo quinto do Convenio, inseríndoo impropriamente no que é, en realidade, unha cláusula de estilo propia de todo convenio de planeamento (hoxe con cobertura legal expresa na LOUGA), que non afecta ós concretos compromisos asumidos polo Concello en virtude deste Convenio.

En calquera caso, entendiamos tamén que, cunha redacción ou con outra, ou mesmo en ausencia dunha cláusula desta natureza, o que debía quedar claro era:

- a) A imposibilidade legal de comprometer ou condicionar en calquera forma o exercicio da potestade municipal de planeamento por vía contractual ou negocial.
- b) A supeditación da eficacia deste Convenio á aprobación definitiva da modificación puntual do PXOU-93 ou ben do instrumento de planeamento xeral que o substitúa, no que se deberá plasmar o seu contido.

Suposto o anterior, afirmabamos entón e reiteramos agora que o texto proposto por RENFE para o acordo sétimo do Convenio non desvirtua o sentido da cláusula, recollendo en definitiva, cunha redacción máis imperfecta, o alcance dos compromisos adquiridos polo Concello ó subscribir este concreto convenio de planeamento.

II.2.7. A aprobación do Convenio modificado Concello-RENFEE esixirá o acordo do Pleno da Corporación, adoptado por proposta do Consello de Xerencia da XMU.

III. Conclusión: En definitiva, e a xeito de conclusións, podemos afirmar o seguinte:

1. A redacción proposta por RENFE (Fax do 22.01.2004) para o acordo segundo, apdo. C] do Convenio responde ó expresado polo Consello de Xerencia da XMU no acordo adoptado en sesión do 30.10.2003.

Á marxe disto e polas razóns apuntadas, considérase conveniente incluír neste acordo unha referencia ó "*planeamento municipal*" en lugar da relativa ó "*Plan Xeral vixente*" que se contén naquela.

2. A proposta de modificación do acordo quinto, establecendo como «*dies a quo*» para o cómputo do prazo de dous anos que nel se fixa o da presentación por RENFE do proxecto de ordenación do ámbito (en lugar da data de asinamento do Convenio), logra salvar a incongruencia existente entre a literalidade dos acordos primeiro e quinto do Convenio aprobado polo Pleno o 30.07.2001.

Con todo, reitérase o reparo técnico formulado nos anteriores informes de datas 20.04.2001 e 27.10.2003 e déixase constancia da proposta alternativa redactada polo anterior vicepresidente primeiro da XMU, que se considera máis adecuada ós intereses municipais.

3. Por último, sobre o contido do acordo sétimo suxerido por RENFE (Fax do 01.10.2003 e doc. nº 30090291 do 20.10.2003) estímase que, a pesar dunha redacción máis imperfecta que a proposta pola Xerencia, non desvirtua o sentido da cláusula querida polo Concello."

O xerente Municipal de Urbanismo, con data do día 26 de xaneiro, vistos os antecedentes e informes que constan no expediente administrativo municipal nº 6829/411, propónse ó Pleno da Corporación, por proposta do Consello de Xerencia da XMU, a aprobación do acordo que figura na parte dispositiva, excepto no que se refire á emenda formulada polo Sr. Soto Ferreiro durante o curso do debate que se cita máis abaixo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 29 de xaneiro de 2004, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Coido que hai un erro na transcripción deste acordo por omisión porque non se menta para nada, máis que do xeito que vou ler, o acordo que tiñamos para construír unha estación de autobuses dentro da ordenación futura. Mesmo litigamos por unha verba, se se lembran os corporativos, na Xerencia de Urbanismo porque eu dixera que habería que poñer unha verba que factibilizara realmente a intención de RENFE de que así fose no futuro. Quedamos todos de acordo, chegouse a un acordo con RENFE no sentido de cambiar o protocolo nesa dirección e agora vai e desaparece do protocolo calquera cita explícita de construír a estación de autobuses.

Coido que a hai que incluír porque, insisto, está nos acordos con RENFE e porque é necesario, non sexa que para nós o que é unha omisión involuntaria, sexa un acto político deliberado de RENFE que non está alborozada coma institución de ter que construír aí unha estación de autobuses e haino que dicir claro.

A única referencia de pasada é no punto c), onde di ordenación do bordo e estación intermodal. Se se fala de estación intermodal, é o lugar onde hai que falar sen ningunha dúbida da construción dunha estación de autobuses. Pois ben, dise: "O proxecto presentado por RENFE facilitará a integración da futura solución que se adopte para a creación da estación de intercambio de transporte (parada dos autobuses de paso e posible estación do futuro metro lixeiro)". Parada dos autobuses de paso de ningún modo quere dicir estación de autobuses. Digo isto porque é a única referencia á que nos poderíamos acoller para dicir que realmente aí se vai contemplar a ordenación da estación de autobuses e coido que o hai que dicir explicitamente porque por autobuses de paso e xusto ó carón do metro lixeiro, pódese entender que son os autobuses públicos da cidade e claro que os autobuses públicos da cidade teñen que parar aí porque no seu día se dicía tamén no protocolo que os autobuses urbáns terían parada aí e coido que se refire a iso. Hai esa omisión e eu pido que se inclúa.

Logo, como vostedes queiran, se queren poñer o do metro lixeiro porque estaba así nos planos, etc., pois vale pero isto é un absoluto anacronismo no que todos estamos convencidos que estamos asinando un protocolo cun tema que nin RENFE, nin ninguén de nós que eu saiba e se non que o diga, cremos que se vaia facer nesta cidade e polo tanto eu non o entendo.

Proporía sinxelamente que se suprimira esa alusión e que non se diga ningunha outra cousa para non prexulgar qué tratamento hai que lle dar ás comunicacións internas de Vigo, pero como vostedes queiran, desa cuestión non fagan cuestión de gabinete porque total pintamos no ar e non vai servir para nada. O outro si que coido que é grave, a estación de autobuses debe ser incluída.

SR. RUIZ CENICEROS: En relación co mesmo asunto e coa mesma cláusula segunda, como xa dixemos no Consello da Xerencia en principio a modificación que se lle presentou a RENFE non foi ó noso parecer recollida en termos satisfactorios por canto que o acordo que aprobou o Pleno do 30 de xullo de 2001 establecía dun xeito taxativo, en virtude dunha emenda do Grupo municipal socialista, que o proxecto que presentase RENFE tería que recoller a estación intermodal, mentres que a redacción que agora mesmo se presenta a aprobación polo Pleno deixa en mans de RENFE valorar se efectivamente é ou non posible situar a estación intermodal nese espacio.

Por outra banda, en relación coa cláusula quinta que é unha cláusula penal informouse desfavorablemente tres veces polos técnicos da Xerencia en canto que consideran que é excesivamente gravosa para o Concello por canto establece un prazo de dous anos en virtude do que, se o Plan Xeral non está aprobado, o Concello terá que reconstruír o edificio da antiga estación, reintegrarlle a RENFE todos os gastos que xeren a garda e custodia dos elementos da antiga estación e RENFE quedaría liberada de pagarlle ó Concello a totalidade dos gastos xerados pola instalación do conservatorio no edificio da antiga estación, mentres que o convenio seguiría en vigor. En canto que esta cláusula ten tres informes técnicos desfavorables e a súa aprobación consideramos que sería unha imprudencia, anunciamos a abstencións do noso Grupo.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que este tema se discutíu na Xerencia non sei cantas veces. A min a intención do Sr. Soto paréceme correcta no sentido de que aí se constrúa unha estación de autobuses e ese é o espírito. Pero o do Partido Socialista me sorprende porque o único que fixemos foi cambiar dúas verbas dun convenio que vostedes levaron á Xerencia de Urbanismo, única e exclusivamente. De verdade que é sorprendente porque o que vostedes fixeron nós modificámolo en base a un acordo de variar dúas verbas e agora din que non están de acordo, pois alá vostedes.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, se vostede mesma ou o voceiro do Partido Popular fan unha nova redacción eu aceptareilla polo que acaban de dicir.

SR. FIGUEROA VILA: O espírito está claro. Non sei se a vostede lle vale ou non a redacción pero que a estación de autobuses se ten que construír nesa zona está claro.

SR. SOTO FERREIRO: Si, pero o espírito noso está claro e o de RENFE, cando le e interpreta un acordo, non. Coido que o hai que citar explicitamente.

SR. FIGUEROA VILA: Que o Sr. Secretario faga a redacción correspondente para que satisfaga a petición do Sr. Soto que é o espírito de todos.

SRA. ALCALDESA: Recóllese a proposta.

Emenda formulada polo Sr. Soto Ferreiro, de DPG, durante o curso do debate:
No apartado C., onde di "parada de autobuses" debe dicir "estación de autobuses".

A Alcaldía-Presidencia somete a votación a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo xuntamente coa emenda formulada polo Sr. Soto Ferreiro, unha vez redactada polo Sr. Secretario.

(No momento da votación está ausente o Sr. Pérez Castrillo.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezaoito votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro, Toba Girón e a Presidencia, e oito abstencións dos Sres. e Sras., Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Cenicerós e Sío Lourido, acórdase:

Primeiro.- Prestar conformidade ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E RED NACIONAL DE LOS FERROCARRILES ESPAÑOLES (RENFE), PARA A CONSTRUCCIÓN DA NOVA ESTACIÓN DE FERROCARRIL DE VIGO, REORDENACIÓN DA PRAZA DA ESTACIÓN E ORDENACIÓN DO SEU ÁMBITO», no que, en relación co aprobado en sesión plenaria do 30.07.2001, se introducen as modificacións suxeridas por RENFE e polo propio Concello que se indican nos informes técnicos que constan no expediente nº 6829/411. O texto deste convenio, co teor que a seguir se expresa, complétase cunha ficha urbanística (Anexo nº 1) e cun plano de delimitación do ámbito (Anexo nº 2) elaborados polos servicios técnicos de Planeamento-Xestión.

Segundo.- Facer constar expresamente no convenio, no apartado C) do acordo segundo, que se refire á ordenación do borde e estación intermodal, que o proxecto de RENFE deberá contemplar a construción dunha estación de autobuses, conforme ó convenio que se aprobou con data 30 de xullo de 2001.

Terceiro.- Facultar expresamente á Excma. Alcaldesa-Presidenta para o asinamento do Convenio, así como para a realización das actuacións necesarias en orde á súa execución.

Cuarto.- Notificar en debida forma este acordo a RENFE, dando tamén traslado de copia do mesmo ó equipo redactor do novo PXOM para o seu coñecemento e demáis efectos.

O convenio que se aproba ten o seguinte teor literal:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E RED NACIONAL DE LOS FERROCARRILES ESPAÑOLES (RENFE) PARA A CONSTRUCCIÓN DA NOVA ESTACIÓN DE FERROCARRIL DE VIGO, REORDENACIÓN DA PRAZA DA ESTACIÓN E ORDENACIÓN DO SEU ÁMBITO.

Vigo, de de 2004.

REUNIDOS

Dunha parte, a Excm. Sra. Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vigo, na calidade e representación que legalmente ostenta, asistida polo Secretario da Xerencia de Urbanismo, D. José Riesgo Boluda.

Doutra, D..... con DNI/NIF nº na súa calidade de actuando en nome e representación da compañía "RED NACIONAL DE LOS FERROCARRILES ESPAÑOLES (RENFE)", domiciliada en Madrid, Avda. de Pío XII, nº 110, con CIF: G-28016749.

As partes manifiestan estar debidamente facultadas e se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica suficiente para o outorgamento do presente documento e, como antecedentes e xustificación do mesmo,

EXPOÑEN

I.- Renfe é titular dos terreos e instalacións da antiga estación de viaxeiros de ferrocarril de Vigo, incluída a Praza da Estación, situados entre a rúa Vía Norte e os terreos propiedade da compañía "Autopistas del Atlántico".

II.- Con data 3 de xaneiro de 1992, o Concello de Vigo, o Ministerio de Obras Públicas e Transportes e Renfe asinaron un Convenio de Colaboración para a ordenación da Praza da Estación de viaxeiros de Vigo polo que Renfe cedía ó Concello o edificio da antiga estación para equipamento socio-cultural, información cidadá ou usos análogos, comprometéndose Renfe a ordear a citada Praza.

Pola súa parte, o Concello de Vigo, permitiría a instalación dun aparcadoiro público e un tren de lavado de vehículos nos terreos situados entre a antiga e a nova estación de ferrocarril.

En sesión plenaria do 31 de marzo de 1993 ratificouse o anterior convenio.

III. O 26 de abril de 1996 o Concello de Vigo e Renfe acordaron, con base a ese Convenio, un contrato de cesión de uso do edificio da antiga estación e dunha beirarrúa perimetral de dous metros, para a ubicación de servizos de

interese público e social, permitindo Renfe a cesión a outras institucións públicas ou entidades sen ánimo de lucro para a prestación destes servizos; contrato que foi ratificado en sesión plenaria do 28 de febreiro do 2000.

IV.- Polo exposto, o Concello acordou destinar o edificio da antiga estación a Conservatorio de Música, encargando para o efecto a redacción do proxecto e os demais estudos para a execución da obra; proxecto que foi aprobado pola Comisión de Goberno do 25 de xuño de 1999.

V.- Iniciadas as obras, na actualidade encontráanse executadas as correspondentes á demolición interior e desmontaxe completa da fachada.

VI.- Dentro do Programa de Alta Velocidade do Capítulo Ferroviario do Plan de Infraestructuras 2000-2007 inclúese a actuación "Eje Atlántico de Alta Velocidad. Tramo Vigo-Pontevedra", o estudo informativo do cal someteuse a Información Pública e Oficial con data 4 de outubro de 2002. Na solución formulada posibilitáase a continuación, á cota actual da praia de vías, cara o sul baixo a rúa Vázquez Varela. A actuación que se proxecta no ámbito do presente Convenio deberá facer factible esa solución.

VII.- Por outra banda, nos últimos anos a Compañía Renfe está levando a cabo unha transformación no concepto tradicional das estacións de ferrocarril, que se pretenden converter en centros de referencia da cidade, mediante o establecemento de usos comerciais e de lecer que incentiven o uso do transporte por ferrocarril.

VIII.- Así, Renfe presentou no Concello, en 1997, unha proposta para a construción dunha estación en Vigo de acordo con este novo concepto, na que se integraban tales usos asociados, e se postulaba a integración das instalacións ferroviarias na trama urbana e a mellora do continuo urbano entre a estación e o seu entorno.

Polo exposto, os comparecentes formalizan o presente Convenio a teor dos seguintes acordos:

Primeiro.- O Concello de Vigo, sen menoscabo do debido exercicio da súa potestade de planeamento e coas limitacións establecidas na normativa de pertinente aplicación, comprométese a poñer os medios para facilitar a pretensión da Compañía Renfe de construír unha nova estación de viaxeiros en Vigo, con usos comerciais, de lecer e dotacionais, tramitando a oportuna figura de planeamento que resulte precisa unha vez concretado o alcance do proxecto e co compromiso por parte do Concello de tramitar a aprobación inicial da figura de planeamento que resulte precisa no prazo de 6 meses dende a presentación por RENFE do proxecto que máis adiante se menciona.

Segundo.- Para isto, deberase presentar previamente por parte de Renfe un proxecto de ordenación coas seguintes características e intensidades máximas:

A. Praza da Estación:

Procederáse á reordenación da Praza da Estación para mellorar os accesos peonais e rodados, recuperando o edificio da antiga estación, que se reconstruírá.

Nesta reordenación deberá estudiarse a posibilidade de ampliación da Praza, aínda a cambio de ter que recua-la fachada da antiga estación como cercado da nova, con respecto da rúa Urzaiz.

B. Estación nova:

Completando a ordenación do espacio situado entre a antiga estación e a nova, propónse a construción do novo edificio que remataría cunha gran praza pública de 14.000 m² de superficie, como mínimo, a nivel igual ou inferior ó da rúa Vía Norte, baixo a que se situarían locais comerciais e aparcadoiros ó servizo da estación e do barrio.

A edificación non superará a cota da Vía Norte, se ben admitirase a instalación de elementos liviáns, acristalamentos, etc. que cubran os accesos verticais, ou que permitan a instalación dalgún punto comercial (restauración) para dotar de vida e animación á propia praza. As devanditas instalacións deberán realizarse sen menoscabo das vistas que teñen os edificios da Vía Norte.

A edificabilidade sobre rasante será semellante á establecida no planeamento vixente (1,9 m² c/m² s respecto do chan incorporado á ordenación), admitindo usos terciarios, comerciais e de lecer, para os que se destinan 42.000 m²c, de aparcadoiros sobre rasante, que en todo caso, deberán cumprir coas condicións relativas a accesos e saídas establecidas no planeamento xeral.

En Anexos núms. 1 e 2, formando parte inseparable deste Convenio, figuran o plano do ámbito da estación así como a correspondente ficha de características.

C. Ordenación do borde e estación intermodal:

O proxecto que presente Renfe, dentro das competencias que lle son propias, facilitará a posibilidade de integrar a estación de intercambio de transporte (estación de autobuses con parada dos autobuses de paso -de longo, medio e curto percorrido- e autobuses urbanos e posible estación do futuro Metro lixeiro) prevista no planeamento municipal, unha vez que se adopte por quen corresponda a solución definitiva para a creación da mesma. En iguais circunstancias, tamén se facilitará a integración en relación co futuro enlace coa Autoestrada A-9.

Terceiro.- O presente convenio anula o contrato establecido entre Concello e Renfe sobre o aluguer do antigo edificio, que Renfe recupera en pleno dominio.

O Concello de Vigo renuncia á pretensión de instalar no edificio da antiga estación de viaxeiros o Conservatorio de Música inicialmente proxectado e, como contrapartida, Renfe acepta aboarlle ó Concello a totalidade dos gastos xa realizados polo Concello e xustificadas por este concepto, ata un máximo de 240.404,84 Euros. Esta cantidade aboarase ó Concello unha vez aprobada definitivamente a modificación do planeamento que se pacta neste convenio.

Cuarto.- O Concello de Vigo entregará a Renfe, para a súa garda e custodia, os materiais e elementos xa desmontados do edificio da antiga estación, quedando dende ese momento baixo a exclusiva responsabilidade de Renfe, que asume os gastos derivados da súa garda e custodia e os correspondentes á reconstrucción e integración do edificio no novo proxecto.

Quinto.- Se no prazo de dous anos dende a presentación por parte de RENFE do proxecto de ordenación recollido no acordo segundo non se producise a aprobación da figura de planeamento precisa e/ou a modificación do Planeamento, se se require, o Concello estará obrigado:

- 1.- A reconstruir o edificio da antiga estación, que foi desmontado, para reintegralo ó estado que tiña cando foi alugado.
- 2.- A reintegrar a Renfe tódolos gastos que lle xeren a garda e custodia do acordo cuarto deste convenio.

Neste mesmo suposto, Renfe quedará liberada da obriga establecida no acordo terceiro de pagamento ó Concello da totalidade dos gastos xa realizados e xustificadas polo proxecto de instalación do Conservatorio no edificio da antiga estación.

Sexto.- O presente Convenio adquirirá plena vixencia dende o momento da súa sinatura por ter sido aprobado previamente polo Pleno do Concello e polo Consello de Administración de Renfe.

Sétimo.- Os efectos do presente Convenio vinculan ás partes respecto da tramitación do procedemento, das posibilidades da solución proxectada e das obrigas do Concello contraídas no acordo quinto para os supostos nos que non se aprobase a figura de planeamento precisa e/ou a modificación do Planeamento, pero non vinculan á Administración no debido exercicio da súa potestade de planeamento.

E en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente convenio por duplicado no lugar e data expresados no seu encabezado.

8.- (45).- RATIFICACIÓN CAMBIO DE USOS DOS TERREOS FRONTE Ó CENTRO CULTURAL DE BEADE (PARCELAS 000268 E 000269).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 26 de xaneiro de 2004, o técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. González Yebra-Pimentel, coa conformidade do Secretario do Pleno, informa do que segue:

"1º. O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 7 de febreiro de 2002, adopou, por unanimidade, o seguinte acordo:

"Primeiro.- Acepta-la oferta formulada pola representación da entidade "Quecer, S.L." en favor desta Administración Local, de doazón do denominado

"Chalé Agarimo" -os seus elementos constructivos-, sito na parcela sinalada co número 4 da rúa Tomás A. Alonso; á súa desmontaxe; traslado do mesmo á parcela de destino que este Concello deberá, a este fin, sinalar e facilitar; adecuación desta para o emprazamento da edificación, mediante os movementos de terras procedentes; extracción das especies arbóreas de interese existentes na parcela de orixe e o seu replantado na de destino; peche da parcela final; e, por último, almacenaxe documentada con planos da edificación. Todo isto ata a contía de cento vinte mil douscentos Euros (120.200 Euros).

Segundo.- Designar como lugar para a reinstalación e reconstrucción do denominado "Chalé Agarimo" que a entidade "Quecer, S.L." vai doar ó Concello de Vigo, a parcela municipal identificada como 000269, sita en Coutada, Beade.

Terceiro.- Aprobar, ó fin indicado, a conclusión do convenio que de seguido se transcribe e facultar ó presidente desta Xerencia Municipal de Urbanismo para a súa sinatura."

2º.- Contra este acordo D. José Domingo Torrado Tarrio e D. Santiago Bustillo Núñez, en nome da mercantil "Anel 2000 S.L.", interpuxeron, en tempo hábil, recurso de reposición fundado nos seguintes motivos de impugnación:

-- Inhabilitade da parcela municipal num. 269 do inventario, como parcela de destino do denominado "Chalet Agarimo", habida conta a súa cualificación urbanística que é a da ordenanza 3.1, de zonas verdes e libres, e non, como se fai constar no acordo recorrido, a das ordenanzas 3.1 e 3.2; "cualificación alternativa" que, na opinión dos recorrentes, vulneraría o artigo 72.3.A.b) TRLS 92, vixente á aprobación do Plan Xeral de 1993, sobre asignación de usos e tipoloxías pormenorizadas e niveis de intensidade correspondentes ás diferentes zonas, como determinacións obrigatorias dos plans xerais no solo urbano.

"As condicións materiais de ámbalas dúas zonas -din os recorrentes- son totalmente diferentes, a marcada coa ordenanza 3.2, é unha explanada, de importantes dimensións, adxacente á estrada, con vocación para establecer algún equipamento deportivo e a grafiada como coa 3.1, concrétase nunha zona de gran desnivel con clara vocación de zona verde e libre."

-- Que a superficie da parcela municipal de destino da edificación é de 1.966,19 m² e non 3.028,29 m², como se fai constar no acordo recorrido.

-- Nulidade do acordo ó adoutarse prescindindo do informe preceptivo da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. "condiciónase o convenio --din os alegantes-- a que os órganos da Comunidade Autónoma competentes, autoricen as operacións materiais de desmontaxe, traslado e almacenamento dos elementos da edificación, pero, en cambio, non se condiciona con respecto a se o "Chalé Agarimo é trasladable ou non" e se fose trasladable -para os asinantes non o é- se a parcela e a zona onde se pretende emprazar son as adecuadas."

-- Que o acordo impugnado o que pretende é desmonta-lo chalé e almacenalo "sine die".

-- Que a parcela municipal de destino é, así mesmo, inhábil para emprazar o chalé Agarimo, pois pola parte noroeste resultarían 5 plantas, que romperían a harmonía visual paisaxística.

3º.- Dado traslado do recurso de reposición á entidade "Quecer, S.L.", asinante do convenio, e á Asociación de veciños de Beade, interesada no expediente, por esta última, a medio de escrito do 23 de outubro de 2003, fixéronse as manifestacións que seguen:

"1º) A Asociación de veciños de Beade ten reiterado a necesidade de dotar á parroquia de equipamentos públicos dos que carece, e moi sinaladamente de:

- Pavillón polideportivo.
- Gardería infantil.
- Centro de día da terceira idade.
- Ampliación das instalacións actuais do Centro Cultural para acobillar as actividades da Banda Escola de Música e Aula do Conservatorio.

Entendendo que o conveniente sería nuclear estas últimas no entorno do actual Centro Cultural, esta Asociación ten feito xestións ante o Concello que deron lugar á compra por este último dunha serie de terreos, entre os que se atopan os de referencia.

Ademais destes terreos, ó resultar inadecuados pola súa forma e topografía para o emprazamento do pavillón polideportivo, o Concello iniciou, coa mediación desta Asociación de veciños, a compra doutros terreos nas proximidades (no comezo do camiño do Cú da Viña) nos que poder situar a referida instalación deportiva, chegando a adquirir da orde duns 5000 m2.

A asociación de veciños sempre entendeu que as cualificacións urbanísticas que para todos estes terreos fixou o PXOU eran as axeitadas para poder acadar os fins perseguidos.

2º) A Asociación de veciños (despois de ter mediado para que se fixera a cesión) acolleu con entusiasmo o acordo do Pleno do Concello de Vigo de trasladar e reconstruír o Chalé Agarimo nos terreos municipais situados fronte do Centro Cultural para destinalos a un equipamento socio-comunitario, e saudou con agrado o anteproxecto porque, ademais de vir resolver estas carencias na parroquia, o facía cun edificio histórico que encaixaba perfectamente nas difíciles condicións da parcela tanto pola irregularidade da súa forma como pola topografía case imposible do terreo (con desniveis de máis de 11 metros).

Este proxecto contribuiría a dignificar a paisaxe da nosa parroquia, ó tempo que devolvería ó chalé Agarimo a un entorno máis harmonioso de vivendas unifamiliares.

3º) Pretender emprazar unha instalación deportiva neste terreo sería imposible como resulta obvio, e mesmo a súa utilización como zona verde resultaría pouco adecuada, xa que precisa a construción de grandes muros de contención que permitisen un mínimo aterraxamento da parcela de xeito que o custo de execución e o seu impacto serían desproporcionados para a súa escasa utilidade.

Por todo isto, pregamos a ese Concello se mateña firme na intención de trasladar a este terreo o chalé Agarimo e execute o proxecto de equipamento socio-comunitario, e que de resultar preciso adopte os acordos ou faga as modificacións no planeamento que poidan resultar necesarias."

4º.- Respecto da primeira das alegacións formuladas no recurso de reposición interposto, o arquitecto-xefe da oficina de Planeamento e Xestión, con data 6 de febreiro de 2003, informou o que segue:

"O núcleo 02 10 Coutada C da Parroquia de Beade, ten unha ficha de características no Plan Xeral, que se xunta a este informe, na que se precisa que a súa superficie total é de 22,16 Has., incluíndo unha área de aplicación directa da Ordenanza e dúas áreas remitidas a planeamento especial de reforma interior: a UA 8 Coutada e o PERI 2 Coutada.

Os equipamentos existentes, segundo a ficha, neste núcleo son a gardería e centro de EXB "Coutada", de 12.301 m², e o centro cultural, de 2.040 m², situados na zona de aplicación directa da ordenanza e cualificados coa Ordenanza 3.3, segundo se pode apreciar nos planos 19-32 e 19-33.

Os equipamentos previstos para ese núcleo polo Plan Xeral, segundo a mesma ficha, son un POLIDEPORTIVO, cunha superficie de 4.400 m², e a AMPLIACION DE DOTACIONES PARA O CENTRO CULTURAL, cunha superficie de 2.500 m².

As zonas verdes propostas, continuando coas determinacións da mesma ficha, son 6.470 m², dos que 1.634 m² se obteñen por cesión da SU UA 8 (así consta na ficha particular de dita UA, que se xunta a este informe) e 4.836 m² deberán obterse mediante a xestión do PERI 2 Coutada (tamén se pode comprobar na ficha de dito PERI).

En canto ós equipamentos propostos, os 2.500 m² para ampliación do centro cultural figuran dentro do ámbito do PERI 2 Coutada, mentres que os 4.400 m² necesarios para o equipamento proposto como POLIDEPORTIVO non figuran mencionados nin na Ficha da UA 8 Coutada nin na do PERI 2 Coutada, polo que pode deducirse que dita previsión de equipamento polideportivo lévase a cabo na zona do núcleo no que se ordena directamente a través de ordenanzas.

A única zona do Núcleo de Coutada onde figura unha ordenanza 3.2. para uso deportivo, segundo o Plan Xeral, é a situada fronte ó Centro Cultural (terreo onde se pretende o traslado do Chalé Agarimo). Dita zona, no plano 19-33 ten unha superficie total delimitada duns 4.000 m² (comprobada polos servizos municipais de cartografía e deliñación por medición sobre o plano), e aparece rotulado con dúas ordenanzas 3.1. e 3.2, entre as cales non existe ningunha liña de separación.

Con todo isto pódese concluir que a intención do planificador foi situar a previsión do equipamento deportivo fronte ó centro cultural na totalidade da devandita zona.

A interpretación feita polo recorrente de que dentro desta zona existen uns terreos cualificados coa Ordenanza 3.1 e outros coa Ordenanza 3.2 non se comparte neste caso: primeiro, porque nos planos non aparece ningunha liña delimitadora destas diferentes ordenanzas; segundo, porque a previsión da

ficha de características do Plan Xeral para ese núcleo dun equipamento deportivo de 4.400 m² non se cumprirían coas dimensións do fragmento de terreo que segundo o recorrente está destinado a Ordenanza 3.2. (ten aproximadamente 1.200 m²) e, finalmente, porque dito terreo ó que o recorrente "asigna" a ordenanza 3.2, polas súas dimensións (15 metros de fondo por oitenta de longo) é inadecuado para a localización dun polideportivo.

Con relación á rotulación 3.1 que figura no plano podería, desde interpretarse como un erro gráfico do plano, ou ben que se pretendese que o resto da parcela non ocupada polo equipamento deportivo tivese o carácter de zona verde, ou ben, como se indicou no anterior informe, como un uso alternativo, por se tratar tanto os equipamentos deportivos, culturais públicos, e as zonas verdes (neste caso non contabilizadas polo Plan para o sistema xeral de espazos libres e zonas verdes) dotacións públicas non lucrativas.

Esta cualificación en varias ordenanzas dotacionais non é algo accidental neste caso, senón que o Plan Xeral vixente, e en varias situacións similares de terreos dotacionais, asociacións de veciños, centros culturais de barrio, cualifican zonas con varias ordenanzas dotacionais 3.1/3.2./3.3. Como exemplo desta afirmación apórtanse copias das seguintes follas do Plan Xeral onde pode verse como aparecen terreos cualificados con esas ordenanzas dotacionais alternativas:

PLANO DO PXOU	SITUACIÓN	ORDENANZAS
16-30	Monte da Mina (Castreloss)	3.1./3.2./3.3.
24-27	Avda. Santa Mariña (Cabral)	3.1/3.3.
6-40	Saiáns AAVV	3.1/3.2/3.3
11-30	Bravo -San Paio de Navia	3.3/3.1.A.
13-33	San Xoan Poulo	3.1/3.3
23-21, 23-22	Devesa 25 (Candeán) AAVV	3.1/3.2/3.3
21-2, 21-3	Cidáns (Zamáns) AAVV	3.1/3.2/3.3

5º.- Pola súa parte, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, con data de 13 de decembro de 2002, "Examinado o expediente promovido por QUECER, S.L., en relación co traslado e o proxecto básico de reconstrucción do inmoble situado na rúa Tomás Alonso, 4 (Chalé Agarimo), en Vigo" e "De acordo co informe-proposta da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra (sesión do 21 de maio de 2003), no que se considera que non existe inconveniente en autorizar o traslado e o proxecto básico de reconstrucción que resolve correctamente a súa integración no novo emprazamento mantendo o carácter do edificio, o que se consegue polas similares condicións topográficas, pola correcta integración coas novas construcións e pola reconstrucción do contorno inmediato co traslado dos cerramentos da finca e arborado." resolveu "Autorizar o traslado e o proxecto básico de reconstrucción de edificio situado na rúa Tomas Alonso, 4 (Chalé Agarimo), en Vigo."

6º.- Tal e como se recolle no informe do arquitecto municipal do 14 de decembro de 2001, obrante no expediente no que se adoutou o acordo recorrido, a Ordenanza 3.2, de zonas deportivas, admite que: "O Concello, para edificacións destinadas a equipamentos que se poderían incluír na Ordenanza 3.3 -de zonas culturais e sociais-, poderá utilizar solos que

teñan como ordenanza de aplicación 3.2 -zonas deportivas-, e viceversa, aínda que sempre sen sobrepassa-los valores máximos de edificabilidade e ocupación". Polo que se refire á conveniencia de destinar os solos do ámbito que nos ocupa ó uso cultural en vez de ó uso deportivo con que aparecen clasificados no PXOU, así como á superficie real da parcela municipal nº 000269, emprazada no mesmo, o arquitecto municipal, con data 19 de xaneiro de 2004, emitíu o informe que segue:

"A. SUPERFICIE DA PARCELA MUNICIPAL Nº 000269

Tal e como se reflicte na memoria do proxecto básico de reconstrucción do chalé Agarimo como equipamento cultural e social, redactado polo técnico que asina o presente informe, a superficie real, segundo levantamento topográfico, da parcela municipal nº 000269 na que se procederá á reconstrucción do chalé é de 2.314'38 m2.

B. CONDICIÓNS DA PARCELA PARA ACOLLER UN PAVILLÓN DEPORTIVO

A zona onde se pretende reconstruí-lo chalé Agarimo (parcela de propiedade municipal nº 000269) está clasificada como solo urbano incluída nas ordenanzas 3.1 (de zonas verdes e libres) e 3.2 (de zonas deportivas).

Segundo se expón na ficha do Plan Xeral (ficha 02 10 C, núcleo de Coutada) prevese na zona un equipamento polideportivo nunha superficie total de parcela de 4.400 m2.

A Asociación de veciños ven de presentar o derradeiro 23 de outubro no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo un escrito no que se expón o seu desexo de que se reconstrúa o chalé Agarimo na parcela municipal nº 000269 argumentando diferentes razóns, entre as cales se atopan as condicións topográficas da parcela, inadecuadas para o emprazamento do pavillón polideportivo segundo a súa opinión.

Trala análise da parcela compróbese que a diferenza de cota existente na zona é de 8 m. (entre a cota +173 m da estrada Coutada e a +165 m da zona media da parcela). Por outra parte é importante suñar que dos 4.400 m2 previstos no Plan Xeral para este uso deportivo, practicamente o 60% desa superficie se atopa na cota baixa do terreo.

*A construción dun pavillón polideportivo, cunha superficie construída estimada de 2.000 m2 e incluíndo unha pista mínima de 44m*22m posibilita situa-la cota da pista na cota da estrada ou na cota baixa da parcela. Ámbalas dúas opcións teñen os seus inconvenientes.*

Situa-lo nivel da pista na cota alta da parcela supón facer un recheo excesivo da mesma para acadar-la cota necesaria, con problemas implícitos de cimentación, que deberá baixar ata o estrato firme da parcela (a 10 m da cota da pista).

Por outra parte, a necesidade de facer un recheo cun volume aproximado de 16.000 m3 deberá ser tido en conta en canto ós factores de impacto medioambiental.

Situa-la pista na cota baixa da parcela conleva problemas de acceso, xa que haberá que resolve-lo mesmo dende a cota do vial ata a cota da pista (8 m

máis abaixo). Este é un aspecto especialmente delicado no que atinxe ó acceso e evacuación de espectadores dende as gradas polo seu elevado número.

Por outra parte, a necesidade de empregar unha estrutura de grandes luces para cubri-lo pavillón practicamente imposibilita o uso público da cuberta do mesmo a cota ca estrada Coutada e podería supoñer problemas de mantemento e seguridade pola sinxela accesibilidade de calquera persoa á mesma.

Por estas razóns considérase que a construción nesta zona dun pavillón polideportivo, aínda sendo técnicamente posible, non é o máis axeitado atendendo ás condicións específicas da parcela.

Estas condicións son as máis axeitadas para a reconstrución do Chalé Agarimo, xa que, tal e como se reflicte na memoria do proxecto básico e no informe emitido en data 21 de decembro de 2001, esta edificación construíuse nunha parcela cun desnivel e unhas condicións practicamente idénticas ás da parcela municipal nº000269.

Cabe suliñar tamén que o Sevcio de Patrimonio da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia informou positivamente o proxecto básico presentado e o emprazamento para a súa reconstrución (atendendo ás condicións de reconstrución indicadas no proxecto, ás condicións da propia parcela e a súa adecuación para acolle-la nova edificación e ás condicións do entorno)."

7º.- Tamén o director xeral da Oficina do Plan Xeral, encargada da súa revisión, con data 24 de novembro de 2003, respecto da oportunidade de destinar estes solos ó uso cultural acordado, emitiu o informe que segue:

"En resposta ó seu escrito do 13 de Novembro do presente ano, no que se remite para informe por parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo en redacción as manifestacións feitas pola Asociación de veciños de Beade a respecto do expediente 4326/401 e 4481/401 que ten como asunto o recurso de reposición contra o acordo do Consello da Xerencia de Urbanismo sobre aprobación do "Convenio para a cesión ó Concello do Chalé Agarimo" prácese comunicarlle o seguinte:

1º) Que o Plan Xeral de ordenación municipal en redacción estima adecuado ó emprazamento do citado Chalé na parcela que ten sinalada para acobillar nel un equipamento socio-comunitario de carácter local que axudaría a xerar xunto co Centro Cultural un centro de barrio nesta parroquia, e que é o entorno adecuado para certa clase de equipamento que estructuren á vida solcial da parroquia.

2ª) Que non se estima oportuno ó citado emprazamento para acobillar un pavillón polideportivo, dado que posúe un forte desnivel e non se considera ó espacio físico máis axeitado, e ademais atópase enclavado nunha configuración urbana e tipolóxica na que sería un referente distorsionante da paisaxe.

3ª) Que sen embargo, considérase preciso na parroquia un pavillón polideportivo, máis dende o Plan Xeral en redacción considérase que o seu emprazamento no solo urbanizale da Cú da Viña sería máis axeitado por

cuestións topográficas e de deseño urbano, así como da configuración da rede básica de equipamento da parroquia."

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

I.- Polo que á superficie da parcela municipal de destino se refire, cómpre acepta-la alegación do recorrente de que esta é de 1996,19 m2, segundo o Inventario municipal de bens -2.314,38 m2, segundo levantamento topográfico da parcela efectuada polo Concello-, e non a de 3.028,29 m2, consignada no informe técnico do 21 de decembro de 2001. En calquera caso, xa se tome a superficie recollida no Inventario municipal de bens ou se considere a resultante do levantamento topográfico referido, ambas resultan suficientes, por razón da edificabilidade que lles corresponde, para empregar o "Chalé Agarimo" de 752,33 m2 construídos.

II.- As demais alegacións deben ser rexeitadas:

Que o ámbito situado fronte ó Centro Cultural de Beade -inclusivo das parcelas municipais 268 e 269- está cualificado coa ordenanza 3.2 de zonas deportivas e, alternativamente, coa ordenanza 3.1, de zonas verdes e libres, é algo que, á vista do informe do arquitecto municipal do 6 de febreiro de 2003, non parece ofrecer dúbida, xa se considere a rotulación 3.1 que figura no plano, tal e como se di no dito informe, como un erro gráfico do plano, xa como a pretensión de que que o resto da parcela non ocupada polo equipamento deportivo tivese o carácter de zona verde, ou ben como un uso alternativo, por se tratar tanto os equipamentos deportivos, culturais públicos, e as zonas verdes (neste caso non contabilizadas polo Plan para o sistema xeral de espazos libres e zonas verdes) dotacións públicas non lucrativas. Polo demais, a amplitude dos usos pormenorizados permitidos polo Plan Xeral neste ámbito non supón ningunha desnaturalización da norma do artigo 72.3.A.b) TRLS 92, vixente á aprobación do Plan Xeral de 1993, sobre asignación de usos e tipoloxías pormenorizadas e niveis de intensidade correspondentes ás diferentes zonas, como determinacións obrigatorias dos plans xerais no solo urbano.

En canto á alegación de nulidade de pleno dereito do acordo por se ter prescindido da autorización preceptiva do órgano competente da Comunidade Autónoma para acorda-lo traslado da edificación e de que a subordinación da eficacia do convenio ó informe favorable da Xunta de Galicia, estipulada no mesmo, non sana este defecto, pois refírese esta condición ó proxecto de desmontaxe, traslado e almacenamento dos elementos da edificación e non ó propio carácter trasladable da edificación, cabe contestar que o carácter trasladable da mesma ven establecido polo propio Plan especial e catálogo complementario de edificios, conxuntos e elementos a conservar de Vigo e que, como xa dixemos, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, con data do 13 de decembro de 2002, *"Examinado o expediente promovido por QUECER, S.L., en relación co traslado e o proxecto básico de reconstrucción do inmovible situado na rúa Tomás Alonso, 4 (Chalé Agarimo), en Vigo"* e *"De acordo co informe-proposta da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra (sesión do 21 de maio de 2003), no que se considera que non existe inconveniente en autorizar o traslado e o proxecto básico de reconstrucción que resolve correctamente a súa integración no novo emprazamento mantendo o carácter do edificio, o que se consegue polas similares condicións topográficas, pola correcta integración coas novas construcións e pola reconstrucción do contorno inmediato co traslado dos cerramentos da finca e arborado."* resolveu *"Autorizar o traslado e o proxecto básico de reconstrucción de edificio situado na rúa Tomas Alonso, 4 (Chalé Agarimo), en Vigo."*

A idoneidade da parcela de destino para acoller ó Chalé Agarimo queda acreditada tanto nos informes técnicos que obran no expediente como na propia resolución autorizatoria da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.

Finalmente, fronte a acusación de que o que pretende esta Administración municipal é almacenar *"sine día"* as pezas da edificación, cómpre lembrar que este Concello ten redactado xa o proxecto básico para o traslado e reconstrucción na parcela de referencia do Chalé Agarimo ó cal lle prestou aprobación a resolución do director xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia arriba transcrita.

III.- Pero é que, ademais, polo que se refire á cualificación deportiva da parcela e a posibilidade do seu destino a uso cultural, o artigo 47.4 LOUGA dispón que: *"O concello Pleno, por maioría absoluta legal e sen necesidade de segui-lo procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementa-las zonas zonas verdes e espacios libres públicos."*

Pois ben, sen prexuízo de entender suficientemente xustificada a inhabilidade dos terreos que nos ocupan para o establecemento da dotación deportiva pública prevista nos mesmos -problema que a Oficina do Plan Xeral aconsella resolver mediante o emprazamento desta dotación deportiva no solo urbanizable próximo de Cú da Viña-, así como a utilización da posibilidade recollida na Ordenanza 3.2, de zonas deportivas, de emprazar edificacións destinadas a equipamentos culturais e sociais en solos que teñan como ordenanza de aplicación 3.2, sen sobrepasa-los valores máximos de

edificabilidade e ocupación, o exercicio da facultade recollida no artigo 47.4 LOUGA, antes transcrito, con base nos argumentos recollidos nos anteriores informes e co cumprimento das esixencias do dito precepto, permitiría reforzar, todavía máis, se cabe, a xuridicidade do acordo impugnado.

IV.- Finalmente, de acordo co artigo 116 LRXPA é competente para resolver o recurso de reposición interposto o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.

Non obstante, habida conta a reasignación das atribucións do Alcalde e a Xunta de Goberno Local operada na LRBRL pola Lei 57/2003, do 26 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, será competente para a resolución do recurso, de acordo co artigo 127. d) do texto citado, ó se tratar dun convenio de xestión urbanística, a dita Xunta de Goberno Local.

V.- A ratificación polo Concello-Pleno do destino cultural dos terreos que nos ocupan en substitución do uso deportivo previsto no Plan Xeral, facendo uso da facultade que lle confire o artigo 47.4 LOUGA, deberá adoutarse por maioría absoluta legal..

Visto o anteriormente exposto, o funcionario asinante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 2 de febreiro de 2004, prestou a súa aprobación á devandita proposta.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 5 de febreiro de 2004, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da citada proposta.

(No momento da votación está ausente o Sr. Pérez Castrillo.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Ratificar o cambio de uso dos terreos do ámbito situado fronte ó Centro Cultural de Beade -inclusive as parcelas municipais números 000268 e 000269-, no núcleo 02 10 Coutada C, reservados para equipamento deportivo público -cualificados coa ordenanza 3.2 de zonas deportivas e, alternativamente, coa ordenanza 3.1 de zonas verdes e libres- polo uso cultural e social -ordenanza 3.3-; uso a que será destinado, como dotación pública, unha vez que alí se reconstrúa, o denominado "Chalé Agarimo", obxecto de doazón a este Concello que foi aceptada por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión do 7 de febreiro de 2002, no

que tamén se acordou a designación deste ámbito para a súa reconstrucción e conclusión do convenio a tal fin.

Segundo.- Notifíquese, en legal forma, o presente acordo ós interesados no expediente.

9.- (46).- ESTUDIO DE DETALLE NO CUARTEIRÓN NÚM. 91 DO PEEC: INCORPORACIÓN DE DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA NO ACORDO DE APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 7663/411..

ANTECEDENTES.- Con data 14 de xaneiro de 2004, o técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. González Yebra-Pimentel, emite o seguinte informe:

"O Concello-Pleno, con data do 28 de xullo de 2003, acordou aprobar definitivamente o estudio de detalle para a ordenación de volumes, reaxuste de aliñacións interiores e fixación de rasantes de patio de cuarteirón, no cuarteirón nº 91 do PEEC presentado pola mercantil "Apartamentos Paseo Marítimo, S.L." e redactado polos arquitectos D. Alberto de Cominges Molíns e D. Pedro de la Puente Crespo, con datas de visado do Colexio Oficial de arquitectos de Galicia do 7 de maio, 3 de novembro de 2002 e 2 de xuño de 2003, coas modificacións que se derivan da estimación das alegacións referidas no apartado anterior, para o cal deberase incorporar polo equipo redactor á documentación técnica a que recolla a acotación do fondo edificable ou aliñación interior para os solares do cuarteirón con fronte á rúa Loriga e as alturas reais do edificio sinalado co número 30 da rúa Ecuador.

Presentada, con data do 18 de decembro de 2003, por "Apartamentos Paseo Marítimo, S.L.", a documentación técnica requirida no devandito acordo, a arquitecta municipal, en informe do 23 de decembro seguinte presta a súa conformidade á mesma, precisando que os planos modificados, con data de visado do 18 de decembro de 2003, son os que seguen:

- 03-P3 - proposta de aliñacións e patio de cuarteirón
- 07-A1 - alzados 1
- 08-A2 - alzados 2"

Polo exposto o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 22 de xaneiro de 2004, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta, previo pase pola Xunta de Goberno Local.

A citada Xunta de Goberno, en sesión do 2 de febreiro de 2004, presta a súa aprobación á dita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Ter por incorporados, en cumprimento do acordo plenario do 28 de xullo de 2003 sobre aprobación do estudio de detalle para a ordenación de volumes, reaxuste de aliñacións interiores e fixación de rasantes de patio de cuarteirón, no cuarteirón nº 91 do PEEC, a documentación técnica na que recolle a acotación do fondo edificable ou aliñación interior para o solar con fronte á rúa Loriga e as alturas reais do edificio núm. 30 da rúa Ecuador, constituída polos planos modificados, con data de visado do 18 de decembro de 2003: 03-P3 - proposta de aliñacións e patio de cuarteirón; 07-A1 - alzados 1; e 08-A2 - alzados 2.

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, que conste en acta que pola miña culpa, porque estaba falando co meu compañeiro Sr. Alonso, despistámonos no punto 9 e nós estivemos sempre en contra disto porque non nos parece legal e polo menos queremos deixar a nosa voz aínda que xa está votado. Apandamos co noso erro e publicamente pedimos disculpas ó resto dos compañeiros e ós cidadáns pero en todo caso si queremos explicitar a nosa idea de que este punto é ilegal e que nós votariamos en contra de estar máis listos do que estivemos. Perdón a todos.

10.- (47).- DAR CONTA INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 3.779,67 € A FAVOR DE FEUGA POLA REALIZACIÓN DE CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E A XERENCIA DE URBANISMO PARA A IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS NO CONCELLO. EXPTE. 1300/113.

ANTECEDENTES.- A Comisión de Goberno, en sesión do día 29 de decembro de 2003, adoptou o seguinte acordo:

"21(1654) INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 3.779,67 € A FAVOR DE FEUGA POLA REALIZACIÓN DO CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO-CONCELLO E XERENCIA DE URBANISMO PARA A IMPLANTACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS NO CONCELLO. EXPTE. 1300/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe do Servicio de Informática do 13.11.03, visto o informe da interventora xeral do 03.12.03 e de acordo co informe-proposta da concelleira delegada de Facenda e Informática, do 10.11.03, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

Aproba-la indemnización substitutiva das actuacións realizadas sen fiscalización previa, por un importe de 3.779,67 Euros con cargo á aplicación presupostaria que consta no documento contable (RC 63165) que se achega ó expediente, recoñecendo a obriga a favor de FEUGA."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 16 de febreiro de 2004, quedou enterada do contido do expediente.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación Municipal quedando este enterado.

11.- (48).- DAR CONTA INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 14.953,12 € A FAVOR DE FUJITSU POLO MANTEMENTO DE ORDENADORES FUJITSU. EXPTE. 1295/113.

ANTECEDENTES.- A Comisión de Goberno, en sesión do día 29 de decembro de 2003, adoptou o seguinte acordo:

"20(1653).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 14.953,13 € A FAVOR DE FUJITSU POLO MANTEMENTO DE ORDENADORES FUJITSU. EXPTE. 1295/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe do Servicio de Informática do 13.11.03, visto o informe da interventora xeral do 17.11.03 e de acordo co informe-proposta da concelleira delegada de Facenda e Informática, do 10.11.03, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

Aproba-la indemnización substitutiva das actuacións realizadas sen fiscalización previa, por un importe de 14.953,13 Euros con cargo a aplicación orzamentaria que consta no documento contable (RC 58189) que se achega o expediente, recoñecendo a obriga a favor de FUJITSU."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 16 de febreiro de 2004, quedou enterada do contido do expediente.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación Municipal quedando este enterado.

12.- (49).- DAR CONTA INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 338.379,55 € A FAVOR DE ESYCSA EN CONCEPTO DOS TRABALLOS DE MANTEMENTO DO TÚNEL DO AREAL. EXPTE. 10658/444.

ANTECEDENTES.- A Comisión de Goberno, en sesión do día 29 de decembro de 2003, adoptou o seguinte acordo:

"17(1650).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 338,379,55 € A FAVOR DE ESYCSA EN CONCEPTO DOS TRABALLOS DE MANTEMENTO DO TÚNEL DO AREAL. EXPTE. 10658/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora xeral ede acordo co informe proposta do enxeñeiro industrial municipal, do 19.12.03, conformado polo concelleiro dos Servicios Electro-Mecánicos, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

1º.- Deixar sen efecto as actuacións que se produciron no expediente nº 10658/444, instruído para o aboamento das facturas pendentes polo mantemento do túnel de Montero Ríos á UTE formada por "Equipos de sinalización e control, S.A.", "Electronic Trafic, S.A." e "Mancobra, S.A." por importe de 338.379,55 euros.

2º.- Recoñecer unha indemnización substitutoria polo mesmo importe reseñado no apartado anterior, co cal a referida UTE se considera satisfeita a débeda do Concello e renuncia a calquera reclamación posterior por intereses, danos ou prexuízos , segundo o seu escrito de data 12 de decembro pasado.

3º.- Do presente expediente, no caso de ser aprobado na Comisión de Goberno, deberá darse conta ó Pleno na primeira sesión que realice de conformidade co previsto nas bases de execución do orzamento."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 16 de febreiro de 2004, quedou enterada do contido do expediente.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación Municipal quedando este enterado.

13.- (50).- DAR CONTA INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 30.000 € A FAVOR DE CASTANYER VILA POLA REALIZACIÓN DUNHA ANÁLISE XURÍDICA RELACIONAL SOBRE O PROXECTO CITY-PORT DO ARCO ATLÁNTICO. EXPTE. 890/101.

ANTECEDENTES.- A Comisión de Goberno, en sesión do día 29 de decembro de 2003, adoptou o seguinte acordo:

"1(1634).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 30.000 € A FAVOR DE CASTANYER VILA POLA REALIZACIÓN DUNHA ANÁLISE XURÍDICA RELACIONAL SOBRE O PROXECTO CITY-PORT DO ARCO ATLÁNTICO. EXPTE. 890/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora xeral do 10.12.03, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servicio Administrativo de Alcaldía, do 02.12.03, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Convalidar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figura na factura seguinte:

- Nº 07/2003, de data de Rexistro Xeral 21/11/03 (Expd 889/101), por importe de 30.000 euros, IVE incluído, polo concepto "*Execución do traballo denominado análise xurídica-relacional sobre o proxecto City Port do Arco Atlántico*".

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor de D. Jorge Castanyer Vila (NIF 782.642-K), con cargo á partida orzamentaria 111.0.227.06.01, "*Distintos traballos técnicos*", ou á súa bolsa de vinculación, por importe total de 30.000 euros.

Terceiro.- Disponer o gasto a favor de "D. Jorge Castanyer Vila", por importe de 30.000 euros, IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 111.0.227.06.01, "*Distintos traballos técnicos*" do orzamento en vigor."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 16 de febreiro de 2004, quedou enterada do contido do expediente.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación Municipal quedando este enterado.

14.- (51).- DAR CONTA INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 40.215,19 € A FAVOR DE DIVERSOS TERCEIROS EN CONCEPTO DE GASTOS DE RELACIÓNS PÚBLICAS E ALCALDÍA. EXPTE. 930/101.

ANTECEDENTES.- A Comisión de Goberno, en sesión do día 29 de decembro de 2003, adoptou o seguinte acordo:

"2(1635).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 40.215,19 € A FAVOR DE DIVERSOS TERCEIROS EN CONCEPTO DE GASTOS DE RELACIONES PÚBLICAS E ALCALDÍA. EXPTE. 930/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora xeral do 10.12.03, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servicio Administrativo de Alcaldía, do 17.10.03, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Convalidar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figuran na relación de facturas que seguen.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor de dos provedores que figuran en cada unha das facturas da relación que segue, e pola cantidade que se especifica a cada unha delas, con cargo á partida orzamentaria 111.0.226.01.00, "Gastos Órganos de Goberno", ou á súa bolsa de vinculación, por importe total de 40.215,19 euros, IVE incluído.

Terceiro.- Disponer o gasto a favor dos seguintes provedores relacionados nas seguintes facturas, con cargo á partida orzamentaria 111.0.226.01.00, "Gastos Órganos de Goberno", ou á súa bolsa de vinculación, polo importe que figura en cada factura, e un importe total de 40.215,19 euros, IVE incluído:

<u>Documento</u>	<u>Proveedor</u>	<u>Nº Fra</u>	<u>Data</u>	<u>Importe</u>	<u>Concepto</u>
99418513	REIRA BESADA S.L.-Restaurante Cies	6294	25.02.2003	143,06	Comida Staf con Zona Franca
30039166	RIERA BESADA S.L.-Restaurante Cies	6566	03.04.2003	87,64	Comida Alcalde-Confederacion Empresarios
30039172	RIERA BESADA S.L.-Restaurante Cies	6665	16.04.2003	151,65	Comida Alcalde-Camara comercio
30059292	RIERA BESADA, S.L.-Restaurante Cies	7075	06.06.2003	138,84	Comida Alcalde
30047527	JOSE DOMINGO GLEZ FDEZ-DON PEPE	803RC	06.05.2003	12865,68	Vino español Premios Max
30047525	JOSE DOMINGO GLEZ FDEZ-DON PEPE	905RC	06.05.2003	4179,42	Cena periodistas Premios Max
99418681	BRIDAS VIGO S.L	7126	14.03.2003	1540,80	Comida Plan Estratégico
30043249	BRIDAS VIGO S.L	7510	30.04.2003	164,99	Comida Alcalde
99420576	AFERFI S.A.	390	13.03.2003	1554,85	Comida Salón Náutico
30040051	AFERFI S.A.	578	24.04.2003	97,70	Comida co IDEA
99420347	DOLORES FDEZ ALONSO-EL MOLINO	A/300145	20.03.2003	249,31	Agape Exposición de Nogueira
99422087	DOLORES FDEZ ALONSO-EL MOLINO	A/300152	24.03.2003	770,40	Inauguración Carlos Casares
30031264	DOLORES FDEZ ALONSO-EL MOLINO	A/300180	01.04.2003	128,83	Cafes Pleno Mancomunidade
30052605	DOLORES FDEZ ALONSO-EL MOLINO	A/300307	19.05.2003	481,50	Agape Congreso Peluquería
30061163	DOLORES FDEZ ALONSO-EL MOLINO	A/300390	11.06.2003	449,40	Agape Encuentro Hispano Luso de maiores
30061164	DOLORES FDEZ ALONSO-EL MOLINO	A/300397	13.06.2003	674,10	Agape Congreso Interacción 2003 Universidad
30059270	DOLORES FDEZ ALONSO-EL MOLINO	A/300436	24.06.2003	770,40	Agape Congreso de Ferias Españolas
30059278	DOLORES FDEZ ALONSO-EL MOLINO	A/300485	04.07.2003	599,20	Agape V xogos Eixo Atlántico
30059266	DOLORES FDEZ ALONSO-EL MOLINO	A/300494	08.07.2003	866,70	Agape IV Simposio Margen Conti Atlántico
99421534	JOSE BARRAL DOMINGUEZ-CAFET CONCELLO	862	24.03.2003	450,80	Agape Premio Mulleres Progresistas
99423231	JOSE BARRAL DOMINGUEZ-CAFET CONCELLO	863	31.03.2003	1104,10	Cafes Plenos, Com Gob
30039629	JOSE BARRAL DOMINGUEZ-CAFET CONCELLO	865	29.04.2003	300,50	Agape Premios Ciberlingua
30042436	JOSE BARRAL DOMINGUEZ-CAFET CONCELLO	866	02.05.2003	932,20	Cafés roda prensa, etc
30045610	JOSE BARRAL DOMINGUEZ-CAFET CONCELLO	868	14.05.2003	280,05	Agape Taramancos
30055947	JOSE BARRAL DOMINGUEZ-CAFET CONCELLO	870	02.06.2003	907,60	Cafés roda prensa, etc
30053859	JOSE BARRAL DOMINGUEZ-CAFET CONCELLO	871	30.06.2003	844,60	Cafés roda prensa, etc
30053840	JOSE BARRAL DOMINGUEZ-CAFET	872	30.06.2003	283,10	Aguas RRPP

S.Ordinaria 23.02.04

CONCELLO					
30048321	GASTROTECA, S.L.-REST PACO FEIJOO	01/150403	15.04.2003	492,40	Comida Premios Max
30048280	HOTEL BAHIA DE VIGO, S.A.	43/03	22.05.2003	3520,00	Marisquería 220 personas AAVV de Lugo
30058338	CONTRUCC AIS, S.L. -HOTEL NH PALACIO	9146	03.06.2003	473,80	Comida Patronato Fundación Provígo
30058430	ASADOR REST SORIANO, S.L.	ff/4873	04.06.2003	410,25	Comida Alcalde
30068398	FERNANDA PIÑO MOREIRA	81	09.07.2003	1797,60	Catering Conferencia Eurisy
30063340	TRES LUCES HOTEL, S.A.	1035204	10.07.2003	1813,46	Agape Carlos Gardel
30033637	HOTEL LISBOA, C.B.	18512	04.04.2003	504,08	Xornadas astronomía
30033638	HOTEL LISBOA, C.B.	18519	05.04.2003	60,99	Xornadas astronomía
30033645	HOTEL LISBOA, C.B.	18520	05.04.2003	60,99	Xornadas astronomía
30033641	HOTEL LISBOA, C.B.	18521	05.04.2003	64,20	Xornadas astronomía

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 16 de febreiro de 2004, quedou enterada do contido do expediente.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación Municipal quedando este enterado.

15.- (52).- DAR CONTA INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 12.000 € A FAVOR DE EUROESPECTÁCULOS MONTERO POR TRABALLOS DE MONTAXE DE PALCOS. EXPTE. 39761/250.

ANTECEDENTES.- A Comisión de Goberno, en sesión do día 29 de decembro de 2003, adoptou o seguinte acordo:

"41(1674).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 12.000 € A FAVOR DE EUROESPECTÁCULOS MONTERO POR TRABALLOS DE MONTAXE DE PALCOS. EXPTE. 39761/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe e o informe proposta, respectivamente, de data 09.12.03 do xefe do Servicio Xurídico de Vías e Obras e do xefe administrativo de Vías e Obras coas conformidades do enxeñeiro xefe e do concelleiro-delegado de área, tendo en conta así mesmo o informe da interventora xeral do Concello de data 15.12.03, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Acordar a indemnización substitutiva das actuacións e o gasto de 12.000 euros con cargo á aplicación presupostaria que consta no documento contable RC (nº 65410) que se achega no expediente a favor de Euroespectáculos Montero, S.L.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor de Euroespectáculos Montero, S.L., polos traballos realizados para este Concello.

Terceiro.- Do presente acordo deberá darse conta ó Pleno da Corporación en cumprimento do previsto nas bases de execución do orzamento."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 16 de febreiro de 2004, quedou enterada do contido do expediente.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación Municipal quedando este enterado.

16.- (53).- DAR CONTA INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 8.847,59 € A FAVOR DE GALAICONTROL POR TRABALLOS DE ASISTENCIA TÉCNICA DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE EN DIVERSAS OBRAS DE SANEAMENTO. EXPTE. 37300/250.

ANTECEDENTES.- A Comisión de Goberno, en sesión do día 29 de decembro de 2003, adoptou o seguinte acordo:

"42(1675).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 8.847,59 € A FAVOR DE GALAICONTROL POR TRABALLOS DE ASISTENCIA TÉCNICA DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE EN DIVERSAS OBRAS DE SANEAMENTO. EXPTE. 37300/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe e o informe proposta, respectivamente, de data 09.12.03 do xefe do Servicio Xurídico de Vías e Obras e do xefe administrativo de Vías e Obras coas conformidades do enxeñeiro xefe e do concelleiro-delegado de área, tendo en conta así mesmo o informe da interventora xeral do Concello de data 15.12.03, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Acordar a indemnización substitutiva das actuacións e o gasto de 8.847,59 euros con cargo á aplicación orzamentaria que consta no documento contable RC (nº 65418) que se achega no expediente a favor de GalaiControl, S.L.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor de GalaiControl, S.L., polos traballos realizados para este Concello.

Terceiro.- Do presente acordo deberá darse conta ó Pleno da Corporación en cumprimento do previsto nas Bases de Execución do orzamento."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 16 de febreiro de 2004, quedou enterada do contido do expediente.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación Municipal quedando este enterado.

17.- (54).- DAR CONTA INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 2.071,22 € A FAVOR DE EQUIPOS DE SEÑALIZACION Y CONTROL, S.A., POR TRABALLOS REALIZADOS NA REDE SEMAFÓRICA. EXPTE. 69204/210.

ANTECEDENTES.- A Comisión de Goberno, en sesión do día 29 de decembro de 2003, adoptou o seguinte acordo:

"40(1673).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 2.071,22 € A FAVOR DE EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL S.A. POR TRABALLOS REALIZADOS NA REDE SEMAFÓRICA. EXPTE. 69204/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de data 01.12.03 da xefa de Seguridade e Transportes, o informe da interventora xeral do Concello de 15.12.03 e a proposta do concelleiro-delegado de Tráfico, Seguridade e Transportes de data 17.12.03, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Acordar a indemnización substitutiva das actuacións e o gasto de 2.071,22 euros con cargo á aplicación orzamentaria que consta no documento contable RC (nº 65424) que se achega no expediente.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor da empresa EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. polos traballos realizados."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 16 de febreiro de 2004, quedou enterada do contido do expediente.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación Municipal quedando este enterado.

18.- (55).- DAR CONTA INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 24.040,48 € A FAVOR DE ORECO, S.A., POLAS REPARACIÓNS ELÉCTRICAS DO EDIFICIO ASEFAL PARA ACOMODAR AS SÚAS INSTALACIÓNS ÁS NECESIDADES DA UNIVERSIDADE POPULAR. EXPTE. 5492/332.

ANTECEDENTES.- A Comisión de Goberno, en sesión do día 29 de decembro de 2003, adoptou o seguinte acordo:

"15(1648).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 24.040,48 € A FAVOR DE ORECO S.A. POLAS REPARACIÓNS ELÉCTRICAS DO EDIFICO ASEFAL PARA ACOMODAR AS SÚAS INSTALACIÓNS ÁS NECESIDADES DA UNIVERSIDADE POPULAR. EXPTE. 5492/332.

Examinadas as actuacións dos expedientes, visto o informe da interventora xeral do 15.12.03 e de acordo co informe proposta da xefa do Servicio de Educación, do 04.12.03, conformado polo concelleiro de dito servicio, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

Aprobar a convalidación das actuacións e dos gastos xerados polas reparacións eléctricas efectuadas no edificio Asefal para acomodar as súas instalacións ás necesidades da Universidade Popular, a favor da empresa ORECO S A, CIF A 36614691, que realizou as obras, por acordo da Comisión de Goberno na súa sesión do día 22 de novembro de 1999, por importe de 4.000.000 de Ptas equivalentes a 24.040'48 €, con cargo á partida 422.0,21, do programa de educación e bolsa de vinculación do orzamento en vigor."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 16 de febreiro de 2004, quedou enterada do contido do expediente.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación Municipal quedando este enterado.

19.- (56).- DAR CONTA INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A., POR IMPORTE DE 9.719,64 € EN CONCEPTO DA INSTALACIÓN DE BALIZADO NA PRAIA DE CANIDO. EXPTE. 2224/306.

ANTECEDENTES.- A Comisión de Goberno, en sesión do día 29 de decembro de 2003, adoptou o seguinte acordo:

"23(1656).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS S.A. POR IMPORTE DE 9.719,64 € EN CONCEPTO DA INSTALACIÓN DE BALIZADO NA PRAIA DE CANIDO. EXPTE. 2224/306/03.

Examinadas as actuación do expediente, visto o informe-proposta de data 03.12.03 da técnica de Medio Ambiente, conformado pola concelleira-delegada de área e así mesmo o informe da interventora xeral do Concello de data 16.12.03, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva das actuacións e o gasto de 9.719,64 euros con cargo á aplicación orzamentaria que consta no documento contable RC (nº 67102) que se achega no expediente.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor de OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A., polo concepto de "Instalación de balizado na praia de Canido".

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 16 de febreiro de 2004, quedou enterada do contido do expediente.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación Municipal quedando este enterado.

20.- (57).- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO E OS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS REFERENTE A ANUALIDADE 2003.

ANTECEDENTES.- Con data 18 de febreiro de 2004 o xefe de Contabilidade dá conta do seguinte:

"En cumprimento do previsto no art. 174.5 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, remítense as liquidacións aprobadas pola Alcaldesa-Presidenta, que conforman 8 volumes, catro deles corresponden á Entidade Local e os catro restantes corresponden a cada un dos seus organismos autónomos administrativos, Xerencia de Urbanismo, Vigo Zoo, IMD e Escola de Artes e Oficios".

No expediente figuran os seguintes volumes:

- Expediente administrativo da liquidación do ano 2003 do Concello de Vigo.
- Liquidación de ingresos do orzamento do ano 2003 do Concello.
- Liquidación de gastos do orzamento do ano 2003 do Concello.
- Liquidación pechados do orzamento do ano 2003 do Concello.
- Liquidación dos organismos autónomos administrativos:
Instituto Municipal dos Deportes
Xerencia Municipal de Urbanismo
Vigo-Zoo
Escola Municipal de Artes e Oficios.

DEBATE.- SR. TOBA GIRÓN: Vou facer unha intervención moi breve, se mo permiten, para falar desa liquidación porque é a última do Goberno anterior e porque demasiadas veces se len e se escoitan cousas que non teñen nada que ver coa realidade.

Eu lembro ó principio deste mandato que alguén dicía que a situación da facenda local era un desastre, entón sinxelamente quero facer cinco apuntamentos sacados da liquidación sinxelamente para que as cousas queden clarísimas.

Da liquidación extráese, primeiro, que o índice de endebedamento a 31 de decembro do ano 2003 é do 66% e contando coa operación do ano 2004, que nin siquera está subscrita porque non hai nin siquera orzamentos aprobados, estaríamos no 77%. Quedan moi lonxe as cifras daquel 108% do ano 99.

Dúas ratios máis. En execución de ingresos estamos no 103,44% o que quere dicir que executamos sobradamente o orzamento de ingresos que alguén dicía nalgún momento que estaba inflado. Na execución de obrigas estamos no 88% o que quere dicir que o anterior goberno xestionou o gasto francamente ben. No índice en recadación, que son índices moi importantes, estamos xa por riba do 90% en recadación voluntaria. Qué lonxe queda aquela cifra do 81% do ano 99 e qué ben está funcionando agora mesmo a recadación.

Dous datos máis: o índice do pendente de cobro baixa dende o 17,7 ó 9,58%, unha redución do 45%. O índice do pendente de pagamento pasa do 16,17 ó 10,87 cunha redución do 35%.

Por último, con todos estes datos axustados o remanente líquido de tesourería está moi perto dos 35 millóns de euros que, se sacamos a parte de tesourería afectada que son 6 millóns de euros, está en 28 millóns de euros superados co que o resultado orzamentario está moi perto dos 23 millóns de euros.

A situación da facenda local é francamente saudable neste momento e fago sinxelamente mención destes datos porque a partir de agora tócalles a vostedes. Os índices están aí e márcanlles o seu listón. Algúns índices sinxelamente con seguir o modelo de xestión posto en marcha nos últimos anos, van seguir funcionando e dese xeito seguiremos tendo unha boa facenda local e non voltaremos a cifras como as que algúns coñecemos. Nada máis, gracias.

SR. SOTO FERREIRO: Con maior brevidade aínda, non serei quen negue que hai elementos positivos na liquidación dos orzamentos e ademais nese sentido coido que non son exclusivamente porque os funcionarios están aí, pero en canto á dirección política son merecementos do Sr. Toba en primeiro lugar. Pero dito isto tamén déixeme dicir unha cousa, Sr. Toba: isto case é "como as votacións á búlgara" porque os resultados de recadación do 103% son porque realmente os orzamentos previstos non se axustaban á realidade e así llo dixen sempre cando falabamos de orzamentos, que os ingresos previstos estaban e están, sego a dicir que os ingresos están por debaixo das posibilidades reais obxectivas do Concello, dígoo porque o penso eu e

porque o pensan moitos funcionarios deste Concello que saben bastante máis ca min destas cuestións.

Polo tanto o listón que vostede marca eu tamén o marco cara ó futuro pero para lle dicir que é un listón que temos que superar, por algo que seguramente o Sr. Toba e máis eu compartimos, e máis membros da Corporación, claro está, pero isto o falo dialecticamente con el exclusivamente e é para acadar máis xustiza social, para que paguemos todos os que teñamos que pagar. A seguir iso tamén melloraría evidentemente a capacidade orzamentaria do Concello. Polo tanto insisto en que é un listón superable.

Díxenlle xa unha vez que eu sei como se fai ese traballo porque xa o fixen unha vez e o volco foi espectacular daquela, pero insisto en que mellor ca min o saben os funcionarios e polo tanto fagan o favor de consultar dentro desta casa que lle van dicir o que hai que facer para mellorar radicalmente aínda os bos resultados que o Sr. Toba comenta con respecto ós anos anteriores, que claro que son mellores que outros orzamentos.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Eu tamén vou ser moi breve porque coido que a liquidación do orzamento a podemos comentar no momento que haxa as contas xerais do Concello pero, como "o cortés non quita o valiente", é evidente que as ratios de liquidación do orzamento son boas e eu asumo a reponsabilidade que me corresponde en tratar das mellorar na medida do posible.

O único que quero facer mención é que coido que os resultados orzamentarios desta liquidación, ademais dunha boa xestión pola parte política do Sr. Toba e dos gobernos anteriores, tamén teñen que ver con dous factores na miña opinión fundamentais. O primeiro a bonanza económica xeral da cidade, iso permite que as empresas e os cidadáns teñan máis posibilidades de pagamento, os valores sobre os que se aplican os impostos son máis elevados e polo tanto se pode recadar mellor; e o segundo factor fundamental e que vostedes mencionaron é o excelente traballo dos servizos técnicos do Concello que eu coido que si, que neste Concello hai uns excelentes servizos técnicos, tanto dende o punto de vista de recadación en período voluntario como tamén o traballo das persoas que están na recadación executiva. Isto fixo que os índices de recadación, como comentou o Sr. Toba, subiran dende un 82% ó 90%.

En canto á situación xeral da liquidación orzamentaria tamén hai que mencionar unha cousa que é o endebedamento municipal que é importante neste momento e non podemos esquecer ese factor. É dicir, os ratios son moi bos, son bos ratios de xestión, esperamos melloralos pero o Concello ten un certo endebedamento que entre todos temos que tratar de ir reducindo paulatinamente.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta á Corporación quedando esta enterada.

21.- (58).- PROPOSTA DE COMPATIBILIDADE DA CORPORATIVA MUNICIPAL D^a MARGARIDA-ROSA MARTÍNS VILANOVA CO DESEMPEÑO DO SEU POSTO DE TRABALLO NOUTRA ADMINISTRACIÓN. EXPTE. 14580/220.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 28 de xaneiro de 2004 polo xefe da Unidade de Persoal, Sr. Córdoba Aldao:

"Con data de entrada no Rexistro xeral do 16 de xaneiro de 2004, a Subdirección xeral de réxime xurídico e relacións laborais da Xunta de Galicia solicita desta Administración municipal, entre outros extremos, que polo Pleno da Corporación se emita o correspondente informe relativo ó expediente de compatibilidade tramitado perante a Administración autonómica a instancias da corporativa municipal D^a MARGARIDA ROSA MARTINS VILANOVA, todo isto en cumprimento do disposto no artigo 6 do Real Decreto 598/85, do 30 de abril, de incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado.

INFORME.

Consonte ó disposto no artigo 5 da lei 53/84, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións públicas, o persoal incluído no ámbito de aplicación desta lei poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño, entre outros, do cargo electo dunha Corporación local, agás que se desempeñe en réxime de dedicación exclusiva.

Segundo o disposto nos parágrafos 2 e 6 do artigo 75 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local, os membros das Corporacións locais que sexan persoal das Administracións públicas soamente poderán percibir retribucións pola dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada de traballo, sen prexuízo das asistencias necesarias para acudir ás sesións do Pleno da Corporación, comisións e atención ás delegacións das que forme parte ou que desempeñe o interesado.

De conformidade co previsto no artigo 6.3 do RD 598/85, correspóndelle ó Pleno da Corporación o deber de informar previamente á Administración

autonómica os expedientes de compatibilidade dos seus funcionarios pola segunda actividade desenvolta nesta Administración municipal en calidade de corporativos electos."

Polo anteriormente exposto o xefe da Unidade de Persoal emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 16 de febreiro de 2004, dictamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Informar favorablemente á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais da Xunta de Galicia a solicitude de compatibilidade presentada por D^a Margarida Rosa Martíns Vilanova para o desempeño do cargo electo de Concelleira con dedicación parcial nesta Corporación Municipal, sen prexuízo dos informes e dictames que fosen de preceptiva emisión pola Administración autonómica da Xunta de Galicia para a resolución do expediente de compatibilidade.

Segundo.- Informar asemade á referida Administración autonómica que o importe retributivo aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 29 de decembro de 2003 para dita dedicación parcial será de 10.812 euros, por unha dedicación de sete horas semanais.

Habida conta que no antedito acordo plenario non se previu o horario de desenvolvemento da xornada semanal propia dunha dedicación parcial -do que se evidencia un réxime de libre dispoñibilidade horaria para os corporativos en función das necesidades municipais-, cómpre advertir nembargantes que dita xornada terá que se desenvolver preceptivamente fóra da xornada ordinaria establecida para o seu posto de traballo na Administración de orixe, sen prexuízo do disposto no artigo 75.6 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Terceiro.- Autorizar, con carácter xeral e no ámbito das competencias estritamente municipais, consonte ó disposto no artigo 7.1 in fine da lei 53/84, do 26 de decembro de incompatibilidades, a superación dos límites retributivos previstos no referido precepto, para aqueles supostos nos que o montante retributivo global derivado do desempeño dunha Concellería con dedicación parcial neste Concello e máis dun posto de traballo noutra Administración pública excedera de ditos límites porcentuais, habida conta a singular necesidade para o funcionamento ordinario desta Administración

de que os corporativos municipais poidan desenvolver as funcións propias dos seus cargos electos en réxime de dedicación parcial.

22.- (59).- PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA PARA APROBACIÓN DO RÉXIME RETRIBUTIVO DO CARGO DE TITULAR DA ASESORÍA XURÍDICA MUNICIPAL. EXPTE. 14792/220.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 5 de febreiro de 2004, a Alcaldía-Presidencia formula a seguinte proposta:

"Con motivo da recente entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, resulta de preceptiva cubrición o cargo de titular da Asesoría Xurídica, configurado nos artigos 129 e 130 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, adicionados pola antedita Lei 57/03.

A natureza xurídica que a lei lle reserva a este cargo público é a dun órgano institucional de carácter directivo, que ten por obxecto o desenvolvemento das funcións legalmente reservadas polo artigo 129 da Lei 7/85, resultando competencia do Pleno da Corporación o establecemento do seu réxime retributivo segundo o disposto no artigo 129, o que deberá realizarse entre persoas que reunan os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión do título de licenciado en dereito.
- b) Obter a condición de funcionario de carreira do Estado, das Comunidades autónomas ou das entidades locais, ós que se lles esixa para o seu ingreso o título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.

Resultando o orzamento municipal ó día de hoxe en situación de prórroga, non figura en consecuencia unha reserva de créditos específica para atender o custo retributivo deste órgano institucional, polo que resulta preceptiva tanto a habilitación dos créditos pertinentes como o establecemento do réxime retributivo aplicable ó cargo."

Polo anteriormente exposto a Alcaldía-Presidencia emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 16 de febreiro, dictamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: En primeiro lugar solicitamos que se retire como punto da orde do día este asunto ó estimaren que non existen os mínimos requisitos en canto a tramitación do expediente ó carecer de calquera tipo de informe tanto da Intervención como do Secretario do Pleno.

Caso de non seren así, anunciamos o noso voto en contra ó estimaren que non se produce unha mínima tramitación do expediente que poidese avalar un voto a favor. Gracias.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Nós non estamos pola retirada deste punto da orde do día porque o tema sobre todo do aval da Intervención non consideramos que sexa neste momento o que se ten que tratar, neste momento estamos falando sinxelamente da apertura do proceso da retribución dese posto que ademais é un posto que é de obrigatoria creación e por tanto non consideramos que teñamos que o retirar da orde do día.

SRA. GRAÑA BARCIA: Sen embargo estimamos que este é o momento no que a Intervención se debe pronunciar na medida en que se están a producir unha serie de compromisos económicos, é dicir, estar aprobando a capacidade de retribución do posto sen que exista unha consignación previa, estimamos que non se debe proceder así. En todo caso xamais sería algo que fose en contra da proposta, sinxelamente que se emita ese informe, nada máis.

SRA. ALCALDESA: Isto non é a cobertura da praza, é unha iniciativa política que poden votar en calquera dirección.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dez votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, oito votos en contra dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Ceniceros e Sío Lourido, e nove abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Castrillo, Soto Girón e Toba Girón,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Dar aprobación ó establecemento do seguinte réxime retributivo para o órgano directivo de Titular da Asesoría Xurídica, referidas a unha mensualidade:

- SOLD0: 1.048,64 euros
- Complemento específico: 3.142,89 euros
- Complemento de destino (nivel 30): 920,80 euros

O seu réxime retributivo será o establecido con carácter xeral para os funcionarios públicos municipais.

Ditas retribucións actualizaranse nos respectivos exercicios cos incrementos porcentuais establecidos polas Leis de orzamentos do Estado.

O desempeño do citado cargo realizarase en réxime de dedicación exclusiva, quedando suxeito ó réxime de incompatibilidades establecido na lei 53/84, de 26 de decembro e demais normas estatais ou autonómicas que resulten de aplicación, segundo o disposto no artigo 130.4 da lei 7/85, de 2 de abril.

Segundo.- Con carácter previo ó nomeamento do titular do órgano, e para o suposto de insuficiencia de créditos derivada da bolsa de vinculación, procederase pola Alcaldía Presidencia á transferencia de créditos dentro do capítulo I en orde á consignación do gasto anual que orixinen as retribucións aprobadas.

Explicación de voto do Sr. Toba Girón polo Grupo Municipal do BNG:

Sabemos que é necesario tomar esta decisión porque está na propia Lei e estamos sometidos á Lei dende o primeiro de xaneiro de 2004. Apreciamos, iso si, que á decisión política lle falla consistencia na medida en que o expediente puido ser resumido en tres folios e polo tanto non só falla informe da Intervención Xeral, senón do secretario xeral.

Entendemos a vontade política pero non compartimos cómo se fixo o expediente, o xeito de construír o expediente e daí a nosa abstención.

Explicación de voto do Sr. Soto Ferreiro polo Grupo DMG:

Tamén concordo en que este expediente tiña que vir rematado e daí a nosa abstención. Se vostedes queren cumprir a Lei, que me parece moi ben e coido que todos queremos cumprila, a partir daí a Lei hoxe non se cumpre, hoxe sinxelamente se fai un anuncio político e entón iso ¿para qué?. É dicir, a Lei haina que cumprir con todas as consecuencias e naturalmente que é preciso un informe da Intervención dicindo que hai consignación orzamentaria para dar garantía a esa praza.

Na medida en que vostedes din que é unha decisión política, pois coma decisión política non estamos en contra pero estamos a cabalo de ir ó camiño de que tampouco é unha decisión que se contemple para, neste caso, dar cumprimento á Lei pois abstémonos. Estamos a favor de que ese tema se faga e canto antes pero que se faga ben.

SRA. ALCALDESA: Nós imos cumprir a Lei porque isto levará un expediente de modificación de créditos no seu momento.

23.- (60).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG SOBRE REIMPLANTACIÓN DO CÉSPEDE DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÍDOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 12 de febreiro de 2004, o concelleiro do Grupo Municipal de DPG, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

"As queixas de directivos, técnicos, xogadores, comentaristas de deportes e afeccionados en xeral sobre o mal estado do céspede de Balaídos é un clamor.

Porque independentemente de que o noso Celta non estea ben clasificado na Liga non se deba de xeito exclusivo, nin sequera principal, ó estado do terreo de xogo, si é certo que ese feito nos está a causar graves prexuízos que nos teñen custado puntos directos e máis por lesións.

En efecto, calquera sabe que os equipos que veñen a Balaídos, como ocorre ne xeral nos demais campos, xogan con acentos tácticos defensivos e é obvio que un mal estado do céspede prexudica moito máis ós atacantes que os defensores.

¿Cantos puntos se foron por iso? Non sabemos cantos, pero algúns si. ¿Cantos puntos se foron por non podermos contar con xogadores que teñen lesións musculares decote? Non sabemos, por algúns tamén.

Á vista do dito, o goberno municipal da pasada

Corporación cometeu un grave erro non reparando o terreo de xogo de Balaídos, cousa que nós solicitamos no seu día como se pode comprobar na carta que acompañamos. Non repetámo-lo erro e, asumindo as nosas responsabilidades, fagámo-las previsións necesarias para que cando remate a tempada futbolística poidamos resolver o problema.

Consonte o antedito propoñemos:

Que o Goberno Municipal asuma a responsabilidade de reimplantar o céspede do estadio de Balaídos ó remate desta tempada."

DEBATE.- SR. ALONSO VÁZQUEZ: Coido que todos os que imos ó fútbol e vemos ó céspede de Balaídos pensamos que en troques dun campo de herba, estamos na praia de Samil cun pouco de xunco por riba, así de claro.

Coa Corporación anterior non se cambiou o céspede aínda que xa boa falla lle facía e agora tampouco vou dicir que a lesión de Jesuli fora polo bo

estado do terreo, nin todos os problemas que teña o Celta sexan por culpa do céspede pero coido que xa vai sendo hora, xa que a Corporación anterior non o fixo, de que se vaia cambiando o céspede de Balaidos porque de feito está aí e o vemos todos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Nós imos votar a favor desta moción porque evidentemente estamos convencidos de que o cambio do céspede é necesario. Pero querería matizar, cáseque por alusións, unha cousiña do que expuxo o Sr. Alonso.

O céspede de Balaidos non é o peor de toda a liga española e hai campos peores. Onte mesmo eu puiden apreciar nas reportaxes da televisión campos coma por exemplo o de Villamarín onde xoga o Betis, campos coma o propio olímpico de Monjuitch onde xogou o Real Madrid, que daban auténtica mágoa. É dicir, non hai que seren tan tremendistas e dicir que o céspede semella que é a praia de Samil porque coido que realmente non é bo nin para a cidade, nin para o propio equipo que se dean esas marxes de tremendismo porque non é para tanto. Repito que lle convido a que vexa outros campos.

Para rematar esta intervención dicir que se a Corporación anterior non cambiou o céspede foi por dúas razóns: primeiro, porque de acordo co técnico do propio campo, no ano 2002 viuse a posibilidade de facer un tratamento intensivo e foi o que se fixo, porque dese xeito non interfería na posibilidade de que o Celta xogara a previa, a clasificación para a Intertoto que vostedes lembrarán e porque ademais non incidía en que en Vigo se poidera realizar a final do Torneo de fútbol base máis importante de Galicia e o segundo máis importante do Estado como foi a Vigocup.

No ano 2003, cando efectivamente se viu a posibilidade de que habería que cambiar o céspede, tampouco se fixo precisamente porque, e de acordo co propio técnico que así lle pareceu, nos parecía que investir os vintetantos millóns de pesetas que pode custar a rexeneración sen ter a seguridade de que poderíamos tela feita no tempo, porque non se esquezan que outra vez máis neste ano 2003 o Celta tivo que xogar a previa para a Champions en agosto, polo tanto nós pensabamos que era bo deixar para o 2004 esa tarefa por unha razón, porque no 2004 a liga remata en maio e polo tanto imos ter todas as garantías para o poder facer.

Sinxelamente matizar isto e anunciar o noso voto a favor.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Sr. Alonso, foi mágoa que vostede non lera o texto da súa moción pero eu, se mo permite, vouno ler: "As queixas de directivos, técnicos, xogadores, comentaristas de deportes, afeccionados en xeral, sobre o mal estado do céspede de Balaidos é un clamor. Porque independentemente de que o noso Celta non estea clasificado na liga non se deba de xeito exclusivo, nin siquera principal, ó estado do terreo de xogo, si é certo que nos está a causar graves prexuízos que nos teñen custado puntos directos e máis por lesións.

En efecto, calquera sabe que os equipos que veñen a Balaidos, como ocorre en xeral nos outros campos, xogan con acentos tácticos defensivos -di o Sr. Alonso- e é obvio que un mal estado do céspede prexudica moito máis ós atacantes que ós defensores".

Pregúntase tamén o Sr. Alonso cantos puntos se foron por iso. Respóndese: "Non sabemos cantos pero algún, si. ¿Cantos puntos se foron por non podermos contar con xogadores que teñen lesións musculares decote? Non sabemos -afirma- pero algúns tamén".

"Á vista do dito o Goberno municipal da pasada Corporación cometeu un grave erro non reparando o terreo de xogo de Balaidos, cousa que nós solicitamos no seu día como se pode comprobar na carta que acompañamos. Non repitamos o erro e asumindo as nosas responsabilidades fagamos as previsións necesarias para que cando remate a tempada futbolística poidamos resolver o problema". Se esta moción se reflicte nestes termos na acta da sesión, estaremos asumindo que somos responsables por acción ou por omisión os membros desta Corporación da lesión de Jesuli e estaríamos asumindo que se mañá Jesuli nos quere interpoñer unha reclamación xudicial, estámonos recoñecendo coma responsables desa situación.

Por primeira vez na miña vida coma concelleira vou poñer reparos a unha exposición de motivos que está vostede no seu lexítimo dereito de facer e presentar coma queira, pero que o feito de non o ter defendido agora, faime pensar que vostede escribiu isto nun momento de certa quentura ou certo apaixoamento do que agora se arrepite.

Eu proporíalle que esta moción fose tratada sen esta exposición de motivos, Sr. Alonso, porque me semella inxusta a súa apreciación. En todo caso o que nós tamén lle propoñemos é que esta moción se transforme noutra que lle recomende ó Goberno que cumpra co famoso convenio de colaboración que dende o ano 89 asinou a Corporación municipal de Vigo co Real Club Celta. Nese convenio recóllese a necesidade de cambiar ou repoñer o céspede cando

tecnicamente os informes así o requiran. Tócalle xa, é verdade que lle toca xa, aínda o outro día tivemos a ocasión de contrastar coa empresa que ten a concesión do mantemento do céspede que o período de vida do céspede en situacións normais é ó redor de 10 anos; hai 7 que non se renova pero as condicións metereolóxicas e circunstancias da nosa climatoloxía indican que podería ser conveniente cambialo xa.

Non se fixo no Goberno do Sr. Pérez Castrillo, na etapa do Sr. Domínguez, como vostede escoitou agora mesmo, pola explicación que lle deron. Non se puido facer na anterior Corporación porque como vostede sabe mellor ca min as arcas do Concello estaban absolutamente baleiras e en todo caso para este ano estaba previsto que si se fixera.

Polo tanto lle pediría que non faga demagogia con este tema, que se axuste a unha moción algo máis rigorosa da que nos presenta e lamento que a traia hoxe porque ó fin e ó cabo mañá hai un partido moi importante de rango internacional no que a nós nos gustaría moitísimo que o Celta poidera xogar moi ben e que se se produce calquera problema nos músculos dalgún dos xogadores, ninguén lle poida dicir ó Sr. Alonso que é pola súa culpa, pola miña, ou pola da Sra. Alcaldesa.

Ímonos abster, Sr. Alonso, se vostede non cambia ou non presenta doutro xeito esta moción.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Unha cousa está clara: eu non son responsable de que hai catro ou tres anos non se cambiara o céspede, iso téño clarísimo e a conciencia moi ben. Retirar a moción: baixo ningún concepto.

Vostede mesma que no último partido estabamos sentados xuntos, cando foi o de Jesuli lembrábase bastante ben que dixen: unha rotura de fibras, mira como está o campo por ese lado, M^a Xosé.

A min non me veña con historias. Eu non culpo, nin vou culpar ó Concello, nin ós corporativos que estamos aquí do que lle poida suceder. É un xeito de expoñer a moción, nin estaba máis quente, nin máis apaixonado que ningún día, estaba coma estou. Se a vostede lle gusta ou non... pois mire, ás veces hai que ler mocións que particularmente ó mellor non me gusta o xeito de ir redactas e as acato. De ningún xeito imos retirar a moción, ímola presentar tal e como está.

Tamén teño moi claro que eu non son responsable do que pasou hai sete meses atrás de non cambiar o céspede. Eu dende logo non vou desconfiar nin moitísimo menos e acepto as explicacións que me deu o Sr. Olveira, por

suposto que as acepto pero sigo dicindo que o céspede haino que cambiar. Cada quen expón coma mellor sabe e redacta coma mellor pensa, iso está claro, non todos fomos á escola ata os 40 anos que eu ós 12 tiven que ir traballar ó mar.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Por se lle queda algunha dúbida, Sr. Alonso, eu non estou criticando a redacción da súa moción, senón o que di nela. A redacción é perfecta pero co que non estamos de acordo é co contido e coa argumentación que vostede fai ó facer unha vinculación causa-efecto do estado do campo (agora nos di que coa previsible rotura de fibras de Jesuli); é a súa opinión, nós non a podemos compartir.

Non lle pediamos que retirase a moción, senón que a presentase doutro xeito que nos permitise a nós poder apoiar a súa iniciativa.

SR. SOTO FERREIRO: Porque o meu compañeiro, Sr. Alonso, mo permite, déixenme dicirlle ó Grupo Socialista no seu conxunto: se vostedes non son inimigos do Celta, seméllao porque, qué casualidade, cada vez que sae calquera tema do Celta vostedes están en contra. Revisen nese sentido as súas conductas mentais porque se están rematada e permanentemente en contra do Celta, polas razóns que vostedes saberán, díganos porque ó mellor non sei se o poderemos compartir. Cada vez que sae un tema deses teñen algo para non o apoiar e é e foi a súa conducta permanente; díganos o por qué e ó mellor somos quen do entender.

A partir daí escudarse e concretamente non só vostedes no seu conxunto, senón o Sr. Pérez Mariño máis concretamente, como pareceu coas súas actitudes nalgúns temas (no do galego non parece, é inimigo obxectivo) como no tema do Celta se non o é seméllao tamén. ¿Por qué?, díganos o por qué a ver se somos quen do entender.

Nós, o Sr. Alonso e máis eu, somos amigos de, e se iso lles provoca gargalladas ós intelectuais, como temos o paraugas do Sr. Fernández del Riego que é dos mellores que hai porque é celtista de pro, estamos cubertos todos os que non somos nin moitísimo menos intelectuais baixo ese paraugas. A partir daí, insisto, as súas filias e fobias analícenas vostedes.

Esa moción é rigorosa, non é que a pense o Sr. Alonso porque primeiro é do Grupo, non é do Sr. Alonso que só é quen a presenta, é de Democracia Progresista Galega, de nós que naturalmente sabemos moito menos de fútbol que outros pero foi unha declaración permanente dos técnicos do Celta, dos

asesores, dos xornalistas, de todo o mundo e vostedes collen sempre un peliño dalgo para desviar; din de cambiar iso e mesmo se acollen tamén a unhas disculpas do Sr. Domínguez que non compartimos. O Celta está inscrito este ano para a Intertoto, ¿non renovamos o campo por se imos á Intertoto? ¿vai haber todos os anos algunha razón?

Comprendemos que se diga que para non se arriscar non se volva sementar o campo, pois iso o podo entender. Pero nós coidamos que hai que se arriscar a non xogar -insisto- un partido previo aí para xogar toda unha liga en boas condicións. Digo isto coma resposta á intervención do Sr. Domínguez e iso tamén porque no seu día (o Sr. Alonso non estaba na Corporación e iso móveme a intervir, se non non o faría) fun eu quen lle dirixíu unha carta ó Sr. Alcalde, daquela o Sr. Pérez Castrillo, instándolle a que renovara o céspede de Balaidos. Como vostede acaba de dicir, Sr. Olveira, non se fixo pola súa decisión de concelleiro de Deportes responsable. Sabe vostede e sabe a Corporación que eu loubei moitas das súas actuacións coma concelleiro de Deportes pero esta honesta e radicalmente non, Sr. Domínguez.

SR. PÉREZ MARIÑO: Sinto desviar o debate pero interveño por alusións polo que dixo o Sr. Soto. Mire vostede, Sr. Soto, os inimigos buscámoslos nós, non nolos fixe vostede. Nós gracias a Deus tentamos facer cousas positivas e non buscar inimigos máis aló do xusto e necesario.

Di vostede que eu son inimigo frontal do galego. Repítolle novamente que esa é unha afirmación absolutamente de seu e vostede saberá porqué o di. Teño a enorme satisfacción de ter nacido aquí, de seren aquí e de valorar moito o idioma cooficial que existe na nosa Comunidade. Pregarálle, por favor, que non me implique a min nunha valoración de seu. Ese é un xuízo de valor que vostede fixo e vostede saberá por qué o fixo. Eu, coma vostede sabe, non son galego falante pero daría ata a miña vida por que os demais o poideran falar, para que o poidan falar en condicións de igualdade co outro idioma oficial. Non vou entrar en máis discusións con vostede pero o feito de que eu non o fale non implica para nada que non saiba cal é a legalidade vixente, que obrigas tiver e que obrigas teño neste momento coma cidadán e os meus dereitos. Repítolle por última vez que non teño nada absolutamente contra do idioma galego, senón o contrario, porque sei que forma parte da herdanza da miña Comunidade na que conviven dous idiomas.

En segundo lugar, di que somos inimigos do Celta, mire vostede, tivemos con esta tres intervencións ó longo do tempo, dende o 14 de xuño que participamos no poder municipal, en temas que teñen que ver co Real Club Celta de Vigo. Un que foi acollido por toda a Corporación foi o cambio de uso das instalacións deportivas das pistas de atletismo colindantes. Viña cunha herdanza anterior, cunha utilización de usos diferente e foi acollido por toda a Corporación. Coido que foi algo ben positivo para o futuro industrial desta cidade que, como vostede sabe, se podería ter comprometido coa previsión de usos de solo que se recollía. Coido que ademais foi optimamente acollido polos cidadáns, pola opinión pública e coido que con iso entramos nun criterio de racionalidade, que o Real Club Celta, a propiedade municipal do campo, tiña que buscar solucións diferentes ás que se prevían naquel momento.

En segundo lugar, intervimos cando estabamos no Goberno municipal no problema de se había que pagar ou non os gastos que ocasionaba a Liga de Campeóns, o que vostede chama Champions, os gastos que ocasionaban as instalacións que había que modificar. Ninguén nolo reclamou e defendiamos intereses municipais. Pedíannos 100 millóns, logo 25 millóns de pesetas, logo 60; houbo varias alternativas, ofreceuse a Deputación a pagar, logo retirou o ofrecemento. Semella que de momento o pagou o Real Club Celta. Nós defendiamos intereses municipais, non temos coma inimigos ó Real Club Celta, nin a ninguén. Pola contra estamos encantados de que na nosa cidade haxa ese e outros equipos que poidan concitar todas as aspiracións deportivas da cidade e dos cidadáns, de dentro e de fóra da cidade. En definitiva ese foi o segundo elemento. Crimos e cremos que con iso defendiamos intereses municipais; crimos e cremos que defendiamos os intereses financeiros da cidade.

En terceiro lugar preséntase o elemento desta mañá que vostede aproveita para facer esa aureola de que estamos en contra e que temos inimigos. Mire vostede, existe un convenio co Real Club Celta sobre o que lle vou dicir a miña opinión: non me parece o máis axustado á realidade da cidade porque como vostede sabe nese convenio, que sufríu diferentes emendas ó longo do tempo dende o ano 89 se non lembro mal, foise prevendo o que a cidade tiña que lle pagar a un club deportivo, a unha sociedade anónima deportiva.

SRA. ALCALDESA: Sr. Pérez Mariño, coido que o tema do convenio non é o tema de hoxe.

SR. PÉREZ MARIÑO: Prégolle comprensión porque comprenderá que debo contestar as acusacións que fixo o Sr. Soto.

SRA. ALCALDESA: Refírome a que se está desviando do tema e mesmo da propia acusación.

SR. PÉREZ MARIÑO: Acusación ou maxinaria mellor valoración. Percurarei centrarme no tema e céntrome no tema do céspede desta mañá.

Mire vostede, Sr. Soto, na moción que presenta o seu Grupo di cando se teñen que facer unhas obras de novo sementado do campo. Nós coidamos que o máis axustado sería que se cumpra o convenio e este, gústenos ou non, o que nos di é que o céspede ten que estar ó coidado da Corporación municipal. Nós dicimos que se cumpra, sexa ou non en xuño e para iso haberá que lles preguntar ós técnicos que o levan (hai un enxeñeiro de camiños disposto expresamente para ese tema) cando é o momento axeitado, se é necesario, porque sementar de novo o céspede de Balaidos custa unha millonada que ten que pagar a Corporación municipal. Nos orzamentos do ano 2003 non había unha partida orzamentaria para iso, non era posible o facer. Por tanto a postura que defendeu a Sra. Porteiro hai un momento, a postura deste Grupo, é de abstención porque coidamos que hai unha intromisión por parte da Corporación nun aspecto técnico, o céspede debe arranxarse cando os técnicos o digan e para iso o que hai é que facer unha consignación orzamentaria de previsibilidade.

Nós non podemos aceptar, e non é un problema que vostede enfrente, problemas de quen foi ó colexio máis ou menos, aquí somos todos do mesmo colexio xa que somos representantes municipais e como tales temos que facer valer a defensa dos intereses dos cidadáns. Nós non cremos que sexa bo traer, como lle dixo a Sra. Porteiro, problemas de causa-efecto, de se o campo está mal ten consecuencias deportivas. Se o campo está mal, como explicou o Sr. Domínguez Olveira, probablemente sexa por causas imputables a todos, porque non se puido arranxar noutros momentos porque non era positivo, bo ou conveniente para os intereses do Real Club Celta.

Por tanto e remato, Sr. Soto, non nos busque vostede inimigos porque desgraciadamente xente que non estea de acordo coas nosas opinións, contrarios políticos, podemos atopar, pero inimigos non viñemos buscar á Corporación municipal, pola contra vimos positivamente defender os

intereses da cidade e se nesa defensa nos atopamos ás veces con persoas que opinan o contrario, aí está.

De todos os xeitos estamos moi orgullosos das nosas posturas respecto ó equipo de fútbol máis representativo da cidade, respecto á sociedade anónima deportiva que neste momento o xerencia e respecto ó que pensamos que debe ser o futuro das relacións Celta-cidade-Corporación que pasan dende logo pola modificación dun convenio que non nos parece o máis axustado, nin o máis conveniente para os intereses da Corporación de Vigo e da nosa cidade. Moitas gracias.

SRA. ALCALDESA: Clarexar un tema das súas afirmacións e clarexar que non foi proposta do Partido Socialista Obrero Español; a proposta dunha Xunta de Voceiros era a de asinar un manifesto. Estoume referindo en concreto ós usos que debía ter o contorno de Balaidos.

Polo tanto coido que as decisións de todos os Grupos que tomamos parte non son patrimonio de ninguén.

SR. PÉREZ MARIÑO: Se mo permite, que eu saiba non asinamos ningún manifesto, o que houbo foi un acordo de Xunta de Voceiros, acordo non asinado, senón un acordo recollido en acta polo Sr. Secretario a proposta da Alcaldía que naquel momento ostentaba eu mesmo. Moitas gracias.

SRA. ALCALDESA: A súa proposta era a de asinar un acordo de todos os Grupos e, por maioría, na Xunta de Voceiros tomouse o acordo, acordo que ratificamos todos os Grupos.

SRA. MOLARES PÉREZ: Teño que dicir en primeiro lugar que estou totalmente de acordo coa proposta presentada polo Sr. Alonso en canto á necesidade de reimplantar o céspede do estadio de Balaidos, se ben teño que mostrar a miña disconformidade coas reflexións da exposición de motivos posto que culpa directa ou indirectamente ó mal estado do céspede de Balaidos da situación do Celta na Liga, aducindo que prexudica máis ós locais que ós visitantes. Persoalmente coido que non é esa a razón da situación do Celta na táboa e que tampouco nos corresponde ós Corporativos entrar a realizar esta análise.

Si me gustaría repasar os últimos informes dirixidos á Concellería de Deportes por parte do Sr. Calderón, responsable da dirección técnica dos

traballos de mantemento do campo de fútbol municipal. Un informe do 30 de outubro de 2003 di textualmente: "A evolución nos problemas de Balaidos condúcenos a aconsellar seriamente a renovación do céspede no período de verán aproveitando o final temprán das competicións, traballo xa proposto no 2000 e considerado non urxente".

Noutro informe de 14 de novembro de 2003 dise: "Consideramos que Balaidos debe ser obxecto de restauración e sementeira integral tras extraer o céspede xa avellentado segundo se precisó en febreiro de 2002". Noutros informes de 28 de novembro de 2003, de 12 de decembro de 2003, de 31 de decembro de 2003, de 16 de xaneiro de 2004, reitérase a necesidade de que Balaidos sexa obxecto de restauración e sementeira integral tras extraer xa o céspede xa avellentado (maio de 2004), "Pola nosa banda -di o técnico- esperamos a disposición do Concello e do Club para redactar o proxecto que contemple as obras necesarias para a rexeneración integral e establecer o orzamento correspondente".

Quixen ler estes parágrafos de distintos informes para que todos os Corporativos poidan coñecer os antecedentes do estado do céspede de Balaidos e dos que segundo se desprende a súa renovación é unha proposta reiterada dende o ano 2000 por parte do técnico. Se ben nun dos informes, concretamente nun que mencionei antes de 30 de outubro se di que por parte do Concello non se considerou no seu momento urxente, logo de catro anos o técnico segue mantendo a necesidade da súa renovación. Por tanto neste momento eu xa din ordes ós técnicos do meu departamento para facer novamente unha valoración do que pode supoñer ese custo e incluílo no Orzamento de 2004.

De todos os xeitos, en canto ó Celta, polas valoracións que se dixeron por parte do Grupo Socialista, si que hai un incumprimento dese convenio ou polo menos o convenio non se traduce exactamente tal e como estaba disposto, pero tamén hai débedas coma as do Trofeo Cidade de Vigo do ano 2003, do ano 2002 e por tanto si que a do Celta coa Corporación é unha relación que habería que, senón tratar neste Pleno porque o texto da moción desvíase das cuestións e pode extenderse á problemática do Celta coa Corporación, si hai unha realidade dunhas débedas da propia reivindicación da substitución do céspede de Balaidos que por tanto haberá que ter en conta no orzamento de 2004 e será nese momento, nesa discusión do orzamento, cando se teñan que presentar esas posibles débedas e tamén esta renovación do céspede.

Tanto a Concellería de Deportes coma este Goberno consideramos que cos informes técnicos que hai enriba da mesa, a necesidade de modificar o céspede semella que non pode esperar máis e por tanto nós si que o imos incorporar a ese orzamento pero esperamos contar cos demais Grupos para poder levar adiante esa renovación que se precisa.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Por se quedase algunha dúbida logo da intervención da Sra. Molares, dado que os informes ós que fai referencia foron informes recibidos por min mesma cando estaba ó fronte da Concellería de Deportes, lembrar o que dixen ó principio, é dicir, no borrador de Orzamentos que preparou o equipo anterior estaba prevista a renovación do céspede de Balaidos para o vindeiro ano e precisamente en base a eses informes, e precisamente en base á situación económica do Concello o ano pasado non foi posible o facer.

Por iso nós dicimos que se atenda ó convenio e que se faga cando haxa unha dotación orzamentaria axeitada para o facer.

En todo caso lembrarlle, Sra. Molares, (esta é a primeira vez que está na Corporación e ó mellor non o sabe) que en gobernos anteriores foi moi frecuente, mesmo gobernando o Partido Popular, que o Trofeo Cidade de Vigo se lle aboase ó Celta ó cabo de catro anos con todas as débedas anteriores, ou de tres; polo menos esa é a información que na Concellería de Deportes me deron a min.

SR. FIGUEROA VILA: Só para lle matizar á Sra. Porteiro que busque todos os datos. Este Concello, cando gobernou o Partido Popular, deixou resolto a débeda que tiña con eles ó final de mandato sen deixar incorporada para o seguinte mandato ningunha débeda que houbera. Polo tanto vostede teno que valorar.

Mire vostede, se o "Cidade de Vigo" de 2001, 2002 e 2003 non se pagaron vostede saberá por qué non se pagou no 2003 xa que era vostede a concelleira de Deportes. Esa débeda está aí e polo tanto non diga vostede datos que non son certos, é dicir, o Partido Popular cando gobernou na cidade de Vigo cumpríu todos os seus compromisos co Celta, é máis, deixou un convenio en marcha para resolver toda esa conflictividade que hai e non se tramitou. Supoño que teremos que reconducir esa situación pero vostede pida datos e non faga afirmacións que non son certas.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: O que dixen, Sr. Figueroa, é que non se pagou en cada ano o correspondente ó Trofeo "Cidade de Vigo".

Vostede ó remate do seu mandato deixou todo liquidado, si, pero estamos a falar aquí de anualidades e polo tanto eu sei moi ben o que dixen e o manteño. En todo caso..., facer auditoría de Balaidos gracias á que agora vostedes poderán tomar decisións, espero que a seren posible acordadas e consensuadas entre todos, fíxose uso dos cartos previstos para o Trofeo "Cidade de Vigo". Coido que importancia por importancia dun tema con outro é evidente, non sei, se vostede coida que é máis importante pagar o Trofeo "Cidade de Vigo" que facer a auditoría que o Estadio precisaba é a súa decisión ou a súa intención, ou visión; a miña, ou a nosa dende logo que non foi esa.

SRA. MOLARES PÉREZ: De todos os xeitos o que eu quero poñer enriba da mesa é que de cara á redacción do orzamento de 2004 están pendentes de pagar o Trofeo "Cidade de Vigo" 2002, o de 2003 e efectivamente coma vostede menciona tamén están as reformas urxentes e o resto de reformas que esa auditoría puxo de manifesto.

Eu evidentemente non estiven noutras Corporacións pero si estou nesta e de momento son a responsable da Concellería de Deportes e eu son funcionaria por iso non estaría ben que fora deixando débedas porque ademais me coñezo o procedemento administrativo e por tanto teño máis responsabilidade que outro político que descoñeza a administración, no meu caso sería máis grave e por iso eu pretendo, neste orzamento de 2004, saldar as débedas co Celta, co resto de acredores que poida haber.

De todos os xeitos para incorporar esas cantidades ó orzamento vai ser un procedemento no que esteamos todos os Grupos presentes e por iso me semella necesario e axeitado poñelo de manifesto neste Pleno para que cando se incorporen esas cantidades se vexa realmente que non son maiores gastos da Concellería de Deportes no ano 2004, senón que son débedas que hai que afrontar. Moitas gracias.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Está visto e claro que o céspede de Balaidos está peor do que pensamos porque miren que debate trae.

En canto ó tema que me afecta persoalmente, o tema do colexio, Sr. Pérez Mariño, sabe que o aprecio pero lle vou dicir unha cousa: hai xente que estudia ata os 40, fai un master en Massachusset, Ohio, e os demais temos a

universidade da vida. Entón eu de pequeno, con 10-12 anos tiña un mestre, por certo, ó que agora aprecio moito, está aquí a testemuña, que dicía que eu era bastante bo alumno. Entón coma a min se me está a dicir que cambie o contexto, eu estou mira que te mira e non miro nada. Porque claro aquí na exposición de motivos falo das queixas de directivos, técnicos, xogadores, comentaristas de deportes e afeccionados sobre o mal estado do céspede de Balaidos; que é un clamor.

Ben, ata aí penso que non hai moito problema porque independentemente de que neste caso que o Celta non estea clasificado na Liga non se deba de xeito exclusivo, nin siquera principal ó estado do terreo de xogo, si é certo que o feito nos está a causar graves prexuizos que teñen custado puntos directos e máis lesións, o que tampouco vexo aquí que sexa grave. En efecto, calquera sabe que os equipos que veñen a Balaidos, como ocorre en xeral, nos demais campos xogan á defensiva, é dicir, xogan ó contraataque, non descubro nada. Logo preguntome: "¿cantos puntos se foron de Balaidos?", e contéstome: "non sabemos cantos pero algúns si". "¿Cantos puntos se foron por non poder contar con xogadores que teñen lesións musculares?", e contesto: "algún tamén". E ó final digo: "á vista do dito o Goberno municipal da pasada Corporación (que non son vostedes) cometeu un grave erro non reparando o terreo de xogo de Balaidos, cousa que nós solicitamos no seu día", neste caso o Sr. Soto que era quen estaba porque eu daquela andaba no mar, non estaba metido neste lio. "Non repitamos o erro e asumindo a nosa responsabilidade fagamos as previsións necesarias para que cando remate a temporada se cambie o campo".

Sra. Porteiro, por favor explíqueme vostede onde están as acusacións que eu fago ós corporativos porque me atopo que lendo o que escribin... A verdade é que eu o escribin en castelán e el pasoumo ó galego porque eu o galego o falo pero escribindo fago moitas chapurradas porque daquela o Sr. Barros Ponte non me deu galego que me deu castelán. Agora ben, dígame vostede onde están os erros.

SR. SOTO FERREIRO: Aínda que as alusións foron anteriormente miñas, o Sr. Pérez Mariño tamén as fai consecuentemente logo da miña intervención.

En primeiro lugar déixenme dicirlles a todos que me sinto orgulloso de ter un compañeiro coma Xulio Alonso na Corporación e por suposto no Partido no que con tanto gusto milito e á vista de tantas cousas, máis que máis.

Sr. Pérez Mariño, vou retirar unha cousa porque honestamente vostede di que lle fago unha acusación que ó mellor non se corresponde coa realidade. Vostede di que eu lle acuso de non querer ó galego, de seren inimigo do galego, de seren inimigo do Celta e ademais iso o dixo con moita educación, seguramente con máis da que eu empreguei mesmo no ton da exposición dicindo que iso é falso. Coma eu non o podo saber, retiro iso, Sr. Pérez Mariño, e créame ademais que a miña intervención non tentou ofendelo aínda que si fustigalo politicamente.

Logo de retirar o que pode ser unha acusación, que eu non sei se é certo, xúrolle por Deus que se non o é, seméllao. Eu non sei, non teño por qué saber se vostede quere tanto ó galego; se o quere de verdade, revise a súa conducta porque estaría vostede incurso naquela vella frase de "hai amores que matan". Créame, Sr. Pérez Mariño, a súa conducta co galego foi absolutamente agresiva en contra, meteuse a redentor-defensor dun castelán que está tan ben instalado, tan excesivamente instalado na sociedade que non precisa da súa defensa.

Antes polo menos o Partido Socialista inspiraba as súas doutrinas en defender ós que menos teñen, ós máis marxinados e ós máis tocados da sociedade; iso é o galego con respecto ó castelán, é o idioma marxinado e é o noso de orixe, non necesita da súa defensa do castelán que vostede fixo e fai decote; necesita, necesitamos a defensa do galego, Sr. Pérez Mariño, e se vostede non sabe iso, se vostede non sabe que a súa conducta nese sentido é errática, pídlle que a revise e que lle expliquen os seus amigos, entre os que me gustaría contarme. Outra cousa é que teña que denunciar politicamente actitudes súas aínda que, perdón tamén porque non viña ó caso, cita de pasada un tema para lle falar doutro.

Dígolle tamén con respecto ó tema do céspede que algúns e en toda a extensión da palabra de verdade que queremos un Celta de primeira división. Aquí están falando de orzamentos e de enxeñeiros e dígolle que o enxeñeiro, Sr. Calderón, é o mesmo enxeñeiro que se contratou para levar a dirección técnica de Balaidos cando eu era alcalde de Vigo. O céspede de Balaidos daquela estaba reputado coma mellor céspede de España. Daquela eu tiña compañeiros da Corporación ós que xamais lles escoitei pestanexar nin en contra de ter ben o céspede de Balaidos, nin en contra de axudar na medida das nosas posibilidades (que non eran tantas) ó Celta. ¿Qué cambiou? Eu deduzo que cambiou a súa dirección política. Nese sentido, politicamente, Sr. Pérez Mariño, eu estou en absoluto desacordo con vostede e iso porque

se o técnico é o mesmo, non se lle acabaron os coñecementos e daquela (vaia se quere ás hemerotecas) o céspede de Balaidos estaba reputado coma o mellor do mellor de España, se a dirección técnica era a mesma, deduza vostede que é o que cambiou.

Por certo que tamén cambiou outra cousa: aquela Corporación, primeira democrática, espero, e é un anticipo, que nos 25 anos daquela Corporación se honre a chegada da democracia ós Concellos e a aquela Corporación que foi na miña opinión absolutamente exemplar, déixenme dicirlles que traballaba en moitas cousas con, na miña opinión, bastante, nunca moito pero si bastante acerto. Por exemplo, na transición democrática collimos un Concello arruinado economicamente e o Concello pasou...

SRA. ALCALDESA: Pregaría-lle que se limite ó tema.

SR. SOTO FERREIRO: Eu limítome con moito gusto porque vostede mo pide, igual que os demais que falaron de orzamentos, débedas dos terreos de Balaidos, etc., mesmo a súa concelleira que ademais me parece razoable que o diga. Pero se vostede me pide brevidade, ten razón.

Déixenme dicirlles que daquela o Concello pagaba coma un banco o do Celta e todo. Dende entón para acá vostedes, os tres grupos políticos, meteron ó Concello en débedas con todo o mundo, en no levar os temas na dirección axeitada en tantísimas cousas mesmo a do Celta. Gústelles a vostedes ou non, provóquelles gargalladas ou non, realmente o Concello é culpable de que o campo de Balaidos (non o digo eu que o dixeron os técnicos, a directiva do Celta, moitos xogadores do Celta, ¿ou non lemos os xornais? e moitos especialistas deportivos que decote falan do Celta) custoulle puntos ó Celta. ¿Non lles gusta?, ¿escoce esa ferida?, está claro que para que remediemos dunha vez, en troques de falar da ferida falemos de cómo se cura e cúrase arranxando o estadio dunha vez por todas.

SR. PÉREZ MARIÑO: Só como resume e sen entrar en polémicas porque esa non é a miña finalidade, voulles dicir cal é a postura Grupo municipal socialista con respecto ó Real Club Celta, Sociedade Anónima Deportiva de Vigo.

Sra. Alcaldesa, nós valoramos moito que haxa moitas institucións deportivas, que a cidade de Vigo poida ter espectáculos deportivos, que haxa posibilidade de practicar o máis posible deporte por parte dos cidadáns pero cremos que as relacións entre o Real Club Celta, Sociedade

Anónima Deportiva, e a Corporación deben ser de independencia financeira, é dicir, cremos que non se debe financiar por parte do Excmo. Concello, por parte dos cidadáns, a un Club que é un organismo privado; favorecer si na medida do posible, financiar non.

Se algún día nós temos a responsabilidade de poder decidir nesta Corporación cos nosos votos, non teña dúbida que modificaremos o convenio actualmente existente polo que a cidade lle presta sen ningunha compensación económica tres campos de fútbol: Madroa, Barreiro e Balaidos, financia todos os gastos de subministración: auga, luz; financia e deixa os locais deportivos, a publicidade interior e exterior e así mesmo corre co custo do arranxo do céspede dunha sociedade, repito, da que os vigueses nos sentimos orgullosos pero que non temos por que financiar. Moitas gracias.

SRA. ALCADESA: Vostede tiña unha intervención por alusións, a súa intervención non tivo nada que ver coas alusións pero de todos os xeitos deixei que falase para que non crean que teño problemas á hora de deixar falar. Pero quero dicir que existe unha xuntanza de todos os grupos xa convocada e alí todos pronunciarémonos sobre os temas que temos pendentes acerca do Real Club Celta. Non ten que facer aquí demagogia sobre o que pensamos uns e outros.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezanove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Polo Lima, Soto Ferreiro, Toba Girón e a Presidencia, e oito abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Municipal de DPG, Sr. Alonso Vázquez, sobre reinplantación do céspede do estadio municipal de Balaidos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

24.- (61).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG SOBRE SITUACIÓN DOS TRABALLADORES DO SERGAS EN FOLGA DE FAME.

25.- (62).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE APOIO DA CORPORACIÓN Ó
COLECTIVO DE PROFESIONAIS DA SANIDADE EN FOLGA DE FAME.

Trátanse conxuntamente ámbalas dúas mocións.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 17 de febreiro de 2004, o voceiro do Grupo Municipal de DPG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"Sorprendido, como tantísimos cidadáns, pola folga de fame de médicos e máis de enfermeiras e enfermeiros vigueses que veñen traballando para o Servicio Galego da Saúde, achegueime ó Servicio de Urxencias onde están a levar a cabo a súa respectable, digna e preocupante loita. Moi preocupante polo que poida atinxir á saúde dos implicados diante da insensibilidade do Sergas.

Que temos unha mala sanidade en Galicia é evidente. Non hai máis que lle botar unha ollada ás litas de espera (propia dun país do terceiro mundo e non dun país europeo). E un malo recoñecemento desa mala calidade da nosa sanidade ven de facelo a Xunta de Galicia, cando creou recentemente un novo imposto sobre carburantes para mellorar as prestacións sanitarias. (Por certo, ¿en qué situación se atopa o plan de melloras a facer con ese novo imposto?).

As peticións das persoas en folga de fame (médicos e enfermeiras substitutos nas consultas de Atención primaria e nas Urxencias), golpean as consciencias de todos (¿as de a Xunta non?). Vexamos senón algúns exemplos das súas reclamacións.

¿Como poden os traballadores da sanidade (persoas de idade media, de menos de cincuenta anos), ter realizado catrocentos (¡400!) ou máis contratos coa mesma empresa, co Sergas? Na miña opinión estes procedementos de contratación, que lle negan dereitos laborais absolutamente lóxicos e consuetudinarios a todos os afectados, están situados entre o escravismo e os famosos contratos lixo: ¡Intolerable!

Qué traballadores e de qué gremios cobran 8 € por hora como lles paga o Sergas ós enfermeiros e enfermeiras, ou 12 € como lle pagan ás médicas ou ós médicos? ¡Impresentable!

¿Como se pode obrigar a un ser humano a que traballe 32 horas continuadas sen ningún descanso? E conste que iso ocorre moitas veces e o de os obrigar a velar logo de estar traballando unha noite, a cotío. E xa de paso, ¿como se pode atender ós pacientes do Segas, ós nosos familiares, cun mínimo de garantía con esas condicións físicas e psíquicas de traballo? ¡Inhumano!

¿Cal ten sido a resposta da Xunta diante das loxiquísimas peticións de regularización de contratos, xornadas e retribucións destes profesionais da sanidade? Pedirlle que rematen coa folga e que se senten a negociar. Sen máis.

Con independencia do xuízo que esta actitude da Xunta lle mereza ós interesados, a min paréceme impresentable. Mesmo parece a clásica xogada de alguén que só quere arranxar o que lle preocupa (a imaxe desa folga é un duro golpe na faciana de todos os xestores do Sergas e da Xunta de Galicia), pero sen ofrecer garantías para resolver o problema de fondo.

Porque se o Sergas ten a seria intención de resolver este problema, debe facerlle chegar un ofrecemento claro e responsable ás persoas en folga, para que poidan desistir dela e, entón, de seguido, se senten a matizar as ofertas con negociacións, diante dunha mesa. O outro é botar balóns fóra e perder o tempo. Un tempo que o Sergas ten perdido antes propiciando estas situacións propias da África subsahariana. Pero un tempo que corre vertixinosamente en contra da saúde dos folguistas.

Señores do Sergas e da Xunta de Galicia: ogallá solucionen este problema de xeito inmediato, xa que a solución está nas súas mans. Por iso, as mulleres e homes de Democracia Progresista Galega responsabilizáremos se chega ocorrer algunha desgracia en forma de prexuízo da saúde dos afectados. Unha desgracia posible, que ninguén desexamos, mais que vostedes terían propiciado coas súas actitudes sobre estes asuntos e que aínda non fixeron absolutamente nada serio e definitivo por evitar.

Consonte co antedito propoñemos:

Pedirille á Xunta de Galicia que lles faga de xeito inmediato unha oferta razoable e consistente (consonte co entorno europeo no que vivimos), ás persoas en folga de fame e, por iso, a todos os afectados por esas situacións, de xeito que poidan rematar xa coa amentada folga".

Igualmente con data 18 do mesmo mes, **a concelleira do BNG**, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

"Diante dos acontecementos vividos nas últimas semanas que obrigaron ó SERGAS a declarar a Vigo en situación de emerxencia sanitaria, cómpre que esta Corporación faga unha reflexión e se pronuncie sobre a situación que atravesamos a Atención Primaria e os profesionais que nela traballan na nosa área sanitaria.

A situación poderíase definir como de precariedade crónica e xa no verán do ano 2000, o daquela Alcalde de Vigo Lois Pérez Castrillo, demandaba un aumento de profesionais sanitarios para acabar cos probemas que por entón estaban a sufrir na Atención Primaria (AP) en determinadas épocas do ano e que agora xa se fixeron permanentes.

No ano 2000 o informe REVISAN sobre a situación dos recursos sanitarios na área de Vigo, elaborado pola Plataforma para a Defensa da Sanidade Pública, aplicando criterios de estimación baseados en parámetros mundialmente aceptados para garantir unha asistencia sanitaria de calidade, detectaba múltiples deficiencias, constatando xa por entón que, en moitos Centros de Saúde, a proporción de usuarios/as asignados a cada médico/a superaba con moito o índice de 1.200 e o de 1.000 usuarios/as por cada enfermeiro/a que

é o considerado como adecuado para garantir accesibilidade, calidade asistencial e atención socion-sanitaria á poboación. Daquela estimábase que era necesario aumentar nun 75% a plantilla de médicos/as (207 máis), un 100% e de enfermeiros/as (247 máis), un 340% de traballadores sociais (35 máis) e un 120% o de pediatras (73 máis). Isto posibilitaría que a cada paciente se lle poideran dedicar 10 minutos e no caso de pediatría 15 minutos, demanda longamente reivindicada polos profesionais e os cidadáns que defenden a sanidade pública. Aínda que nos tres últimos anos incrementouse a plantilla do SERGAS en Atención Primaria, produciuse tamén un medre da demanda da poboación en calidade e cantidade, polo tanto o déficit non sómentes persiste senón que aumentou.

A atención das urxencias extrahospitalarias realízase a través dos PAC e do SEU, que tamén sofren a precariedade que caracteriza ó resto da Atención Primaria. A solución ó problema por aumentar a accesibilidade ós servizos de Atención Primaria é crear dispositivos específicos de atención ás urxencias e emerxencias, con profesionais preparados adecuadamente en íntima conexión cos Servizos de Urxencia Hospitalaria, co 061 e ambulancias medicalizadas (na área de Vigo só existe unha).

Nos últimos anos vimos asistindo á aplicación por parte da Consellería de Sanidade dunha política de aforro no gasto sanitario, que foi degradando paulatinamente as condicións de traballo dos profesionais da Sanidade Pública e que acadan o seu máximo expoñente nos contratos lixo, cos que se aplican unhas condicións laborais que rozan a escravitude (contratos por días, mesmo por horas, horarios intolerables e sen dereito a prestacións sociais). Nesta área sanitaria hai 200 profesionais con este tipo de contratos, que os conducen á desincentivación e a unha mala praxe clínica, incompatibles cunha atención de calidade e seguridade para os nosos cidadáns e que os levan ter que se pechar e á folga de fame para reivindicar un traballo digno.

- Na área de Vigo é necesario completar a reforma da Atención Primaria.
- Hai que crear novos Centros de Atención Primaria.
- É necesario poñer en marcha planos de recursos que adecuen as plantillas de poboación e as súas necesidades de asistencia.
- Cómpre establecer zonas de saúde básicas e poñer en marcha planos de saúde.
- Teríanse que reorganizar as Urxencias e crear dispositivos específicos con persoal debidamente cualificado.

Por todo o anteriormente exposto propoñemos ó Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

1.- Dar o apoio desta Corporación ó colectivo de profesionais pechados e en folga de fame no SEU da rúa Bolivia e as súas reivindicacións de estabilidade no emprego, condicións de estabilidade no emprego, condicións laborais similarse ás do resto dos traballadores sanitarios, criterios de respecto á dignidade profesional.

2.- Esixir do SERGAS a axilización do proceso negociados iniciado co colectivo en folga e as organizacións sindicais e, se se chegase a acordos, a rápida aplicación dos mesmos.

3.- Reclamar do SERGAS:

- Incremento das plantillas de Atención Primaria na nosa área de maneira que estas se adecuen ó volume de poboación e ás súas necesidades asistenciais.
- Posta en marcha de zonas básicas de saúde.
- Creación dun dispositivo específico de Urxencias e Emerxencias."

DEBATE.- SRA. ALCALDESA: Parte das mocións 24 e 25 suprimense e queda unha parte da moción do BNG polo apoio da Corporación ós problemas de saúde.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Antes de comezar este Pleno falabamos cos compañeiros de Democracia Progresista e tamén cos do PSOE e do Grupo Popular acerca de se esta moción debía decair.

A min non me estraña que isto se comentase porque se lemos a orde do día do Pleno falaba que esta era unha moción en apoio dos compañeiros sanitarios que estaban en paro e en folga de fame. Efectivamente esta é unha moción que fala diso pero fala tamén da situación da sanidade en Vigo.

Coido que nestes momentos debemos felicitármonos porque o conflito cos compañeiros que teñen contratos en precario está en vías de resolución, fíxense o que digo: está en vías de resolución porque nin siquiera hai un acordo, unicamente nestes momentos hai un preacordo co SERGAS, é dicir, isto pódese volver atrás.

Pero na nosa moción tamén falabamos da situación da sanidade en Atención Primaria, da sanidade en Vigo. Fíxense que falabamos de que o SERGAS declarau nun determinado momento hai dúas ou tres semanas (non lembro agora exactamente) a situación de emerxencia sanitaria na área de Vigo, concretamente na área sur.

Entón nós cremos (a cousa ven de antigo) que a sanidade na nosa área, e falamos da área sur e non só de Vigo, está nunha situación de precariedade crónica. Fíxense que xa no ano 2000 o daquela alcalde, Sr. Pérez Castrillo, demandaba aumento de profesionais sanitarios para rematar cos problemas que estaban a sufrir en atención primaria en determinadas épocas do ano. Agora eses problemas vívense a cotío por parte dos nosos profesionais sanitarios e por parte dos pacientes.

No ano 2000 nesta cidade fíxose un informe encargado por este Concello chamado "Informe Revisan" e elaborado pola Plataforma pola defensa da sanidade pública constituída por múltiples profesionais que xa daquela, aplicando criterios de calidade, detectaba múltiples deficiencias na sanidade da nosa área en canto á atención primaria.

Daquela víase que en moitos dos centros de saúde de Vigo e tamén en concreto da área sur a proporción de usuarios/médico, ou a proporción de usuarios/enfermeiro superaba con moito eses índices que darían unha boa calidade asistencial ós nosos cidadáns. Eses índices falan de que por cada médico ou médica deben existir non máis de 1.200 pacientes ou usuarios. Falaba de que por cada enfermeiro ou enfermeira non deben existir máis de 1.000 usuarios. Falaba que por cada paciente qué menos que, como di a Plataforma para a defensa da sanidade pública, 10 minutos de dedicación.

Pois ben, xa daquela (sigo falando do Revisán que é un excelente informe feito pola Alcaldía de entón) e falo da área sur e non só de Vigo, detectábase un déficit de 207 médicos e médicas, é dicir, habería que incrementar nun 75% o cadro de persoal médico, habería que incrementar nun 100% o cadro de persoal de enfermeiros e enfermeiras, habería que incrementar -fíxense no dato- un 340% no cadro de persoal para que houbera asistentes sociais en todos os centros de saúde e habería que incrementar o número de pediatras en 73 para que lle poidesen dedicar 15 minutos a cada neno que entrase en consulta e todo iso en canto ós centros de saúde.

Maxínense que se isto acaecía no ano 2000, todo o servizo público universal como é a sanidade unha maior oferta, se falamos de parámetros de calidade ó final acaba producindo unha maior demanda e se iso falabamos do ano 2000 agora estamos no 2004 e as condicións fóronse deteriorando para os cidadáns e para os profesionais que traballan na sanidade, neste caso os profesionais de atención primaria.

O mesmo acaecía coas urxencias. A atención en urxencias extrahospitalaria realízase nos pacs, concretamente hai dous: o de Coia e o da rúa Bolivia.

Hai que mellorar a asistencia non só en atención primaria, senón en urxencias, é necesario crear dispositivos de urxencias.

Señores e señoras Corporativos, na nosa cidade hai só unha ambulancia medicalizada, só unha á parte dos servizos do 061 que non cubren para nada as demandas desta poboación e dou fe porque o utilizo moitas veces.

Esta é unha política da Consellería de Sanidade que ven sistematicamente utilizando criterios de aforro no gasto público.

Os nosos profesionais están cansados e nestes momentos non poden ofrecer unha asistencia de calidade ós nosos cidadáns, ós usuarios porque non teñen tempo, están esgotados e isto vai en detrimento e cara á precariedade desa sanidade que podería ser das mellores do Estado pero que non o é porque neste momento se está precarizando e reducindo o gasto.

Por iso nós queremos que se pronuncien. Cremos que na área de Vigo é necesario completar a reforma da atención primaria que non está completada (lembren que aínda existen ambulatorios). Hai que crear novos centros de atención primaria, é necesario poñer en marcha plans de recursos que axeiten os cadros de persoal segundo a poboación e as súas necesidades de asistencia.

Cómpre establecer máis zonas básicas de saúde. Neste momento Vigo é unha única zona básica de saúde, non hai varias. Iso quere dicir que un paciente que está en Bouzas pode ser atendido por un médico que está en Teis; iso non ten sentido. Aquí hai que crear varias zonas básicas de saúde onde cada centro de atención primaria atenda unha zona delimitada xeograficamente pero evidentemente tamén primando o criterio de libre elección de médico por parte do paciente.

Teríanse que reorganizar as urxencias e crear dispositivos específicos con persal debidamente cualificado.

Por iso nós queremos que esta Corporación se pronuncie para reclamar do SERGAS incremento de cadros de persoal en atención primaria na nosa área de xeito que estas se axeiten ó volume de poboación e ás súas necesidades asistenciais. Posta en marcha de máis zonas básicas de saúde e creación de dispositivos específicos de urxencias e emerxencias. Nada máis, moitas grazas.

SR. SOTO FERREIRO: En primeiro lugar para confirmar que efectivamente retiramos a nosa moción porque a negociación que houbo semella que leva ó camiño da solución, cousa que esperamos todos. Entramos polo tanto a debater o contido da moción da Sra. Méndez que non ten que ver co tema estrictamente derivado da folga de fame e das súas consecuencias en tantos sentidos.

Déixeme dicirlle que á parte de facer miñas as súas verbas, Sra. Méndez, vostede dedícase a un tema moi puntual que coido que é moi importante, pero xa postos a falar da sanidade eu coido (déixenmo dicir coa boca chea porque aprendín algo estes días falando cos afectados) que temos unha sanidade (igual a algún parécelle un epíteto duro pero é así) terceiromundista en moitos aspectos.

“Non é iso, compañeiros, non é iso” é unha bela poesía de Homero para lles dicir que a extensión universal do tratamento sanitario, estou convencido, daquela o estaba e síntome moi honrado dese pasado de estar no Partido

Socialista, fíxose para atender axeitadamente a todos e non para desatender a todos ó mesmo tempo que é o que está pasando agora mesmo. Refírome a que a universalización existe pero con lista de espera de meses.

Pídlle que achegue á súa moción que se estableza un plan concreto (vou directamente á cuestión) para rematar coas listas de espera cos medios técnicos e humanos precisos, polo tanto con recursos para iso. Sexamos a sociedade galega que nos implementa para resolver o problema sanitario dunha vez por todas, ou polo menos para o poñer en cotas asumibles.

Hai exemplos fáciles pero certos: que unha muller tarde meses en serén recibida por un xinecólogo ou xinecóloga asusta porque realmente ese non é un tratamento médico, é un tratamento de desgracia.

¿Para qué falar de sanidade preventiva se estamos falando de que cando alguén precisa dunha atención médica tarda meses en seren atendido, a que falar doutras cousas?

Eu dicía na miña moción xa decaída que un dos que máis claramente ten confesado o mal estado da sanidade galega foi a Xunta de Galicia. A súa declaración é moi elocuente porque cando a Xunta de Galicia establece un imposto sobre carburantes para corrixir o sistema sanitario evidentemente está confesando que o sistema sanitario non funciona. Pois menos mal que se decataron.

Podemos discutir se a solución é axeitada financeiramente cun imposto ou outro, pero eu estaría disposto neste tema a que me toque na parte alíquota que me corresponda do meu peto para que resolvamos o problema sanitario da comarca de Vigo, como vostede ben di, e naturalmente eu supoño que é un problema que por solidariedade vostede sente que se ten que resolver en Galicia enteira.

Pídlle que engada á súa moción o feito de que se estableza, se vostede quere, un plan integral de tratamento sanitario ou como lle queira chamar, en definitiva dame igual, pero que abrangas non só a atención primaria, senón tamén a especialistas, que mesmo inclúa tamén ciruxía; o do xinecólogo foi só un exemplo pero especialistas en todos os sentidos e vostede sabe infinitamente máis ca min destas cousas, claro está.

Tamén hai outro tema que golpea os sentimentos de moitas persoas. Aínda non entendemos moitas persoas por qué non se consideran pacientes ou enfermos ós drogodependentes e polo tanto aquilo da universalización si pero aínda hai algunha eiva ca outra. Pois tamén nese tema temos un déficit de tratamento na cidade de Vigo sabemos moi ben que, por atender a pacientes de

toda a área metropolitana, este servicio está sendo terriblemente oneroso para o Concello de Vigo.

Sra. Alcaldesa, coido que temos que dar pasos nesa dirección, facer unha negociación co SERGAS nese eido concreto da sanidade, no tema dos drogodependentes e en todo caso en pedirlle á Xunta de Galicia, como ben dicía a Sra. Méndez, que se estableza un plan para que a sanidade teña parámetros de trato en todos os aspectos que sexan equiparables a calquera país europeo medianamente democrático e que leve unha atención primaria coma a que levan case todos, que non ten nada que ver coa que hoxendía lamentablemente padecemos todos e nunca mellor dito a verba padecemos referíndonos á sanidade.

SRA. SÍO LOURIDO: Nós estamos de acordo coa súa proposta que fai fincapé sobre todo no tema de atención primaria e urxencias e deixa a un lado, como propoñía o Sr. Soto, as listas de espera. Pero eu queredría dicir varias cousas.

O tema da sanidade, o da precariedade laboral, da interinidade, dos "contratos-lixo" afecta a toda Galicia.

Na área de Vigo faise unha política de galería por parte do PP e hai temas como son a sanidade e a educación, nos que non se pode facer unha política de galería.

No caso da sanidade estase a dar na nosa comunidade unha descapitalización progresiva do sistema sanitario cunha insuficiencia financeira clara e non se fixo unha política de recursos humanos no tema da atención primaria, nin en xeral en todo o sistema sanitario aínda que nos estamos referindo a un tema moi concreto que esperamos que se resolva e que corresponde a unha administración pública que ten que dar un servicio de calidade, sobre todo nun tema tan importante coma este.

Este tema da sanidade do que trouxemos mocións e propostas en reiteradas ocasións por temas de listas de espera, pola nova Lei, por temas que teñen que ver coas drogodependencias, como dicía o Sr. Soto, por temas dun novo hospital xeral, ó mellor teríamos que nos sentar todos os grupos municipais cos informes que constan neste Concello, que pediu o anterior goberno, e falar dunha vez por todas da necesidade que o Goberno de Galicia, a Consellería de Sanidade, a Xunta de Galicia se ocupe dunha vez por todas da área sur de Galicia.

De todos os xeitos ímoslle votar a favor da súa moción porque estamos completamente de acordo pero gustaríame dicir algo que non dixen, a preocupación que mostra o Goberno de Galicia, da Comunidade Autónoma momentaneamente, puntualmente cando se lle lembra e asume tamén puntos de vista que se presentaron no Revisan 2000, como é crear a Xerencia única, non se pode quedar en exposicións puntuais antes dunhas eleccións, é dicir, se teñen que levar a piques.

O problema non é só na atención primaria e por iso eu coidaba que ó mellor habería que deixar este tema puntual e tocar o tema globalmente como falamos noutros Plenos, sentármonos todos e dunha vez por todas tratar a sanidade aquí como se merece.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: O Goberno municipal tamén ten interese neste tema e por iso mantivo conversas coa Consellería de Sanidade para a implantación de novos centros de saúde. Non podemos esquecer que nos últimos tempos se inauguraron tres centros de saúde e que están previstos outros novos tres centros. Ademais nos últimos anos incrementouse na nosa cidade o cadro de persoal do SERGAS.

Sobre as afirmacións alarmistas da situación da sanidade no noso país quero lembrar que, de acordo co ranking mundial da Organización Mundial da Saúde, España ocupa o sexto lugar dentro dos sistemas sanitarios e ademais hai que ter en conta que diante de España están países pequenos como é a República de San Marino.

Tamén hai que ter en conta que o Ministerio de Sanidade vai homoxeneizar as listas de espera e que os temas urxentes se atendan de inmediato xa que as listas de espera son para os temas que non son urxentes.

Sobre esa área de saúde hai que ter en conta que pode entrar en contradición co principio da libre elección de médico e por iso a fixación de áreas de saúde, aínda que se fagan, os pacientes poden elixir o médico.

Sobre o tema dos "contratos-lixo" só hai que dicir que non é máis que unha invención ou creación do goberno do PSOE.

En conclusión, é certo que sempre hai que mellorar, claro está e niso estamos. É certo que a saúde é un tema fundamental e prioritario, a saúde e a educación son os temas que diferencian, que son necesarios para o desenvolvemento dun país. Por iso nós estamos de acordo sempre coas melloras do sistema sanitario e por iso imos votar a favor.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Primeiro contestarlle ó Sr. Soto e darlle as gracias polas súas aportacións, pero lembrarlle que aínda que vostede dicía que o noso tema non ía tampouco polos compañeiros en folga de fame e os compañeiros dos "contratos-lixo", e que este é outro tipo de moción, pois non, Sr. Soto, é dicir, hai os dous primeiros puntos que decaen. Concretamente no primeiro punto dicía: "Dar o seu apoio a Corporación ó colectivo de profesionais pechados en folga de fame na rúa Bolivia e ás súas reivindicacións de estabilidade para uns contratos dignos. Esixir do SERGAS a axilización do proceso negociador iniciado co colectivo en folga", etc.

Efectivamente esta moción ía, señores, de atención primaria. Falabamos de atención primaria e dos "contratos-lixo" que concretamente neste momento teñen 180 profesionais na área sur. Este é o noso apoio e coido que ademais o debemos manter porque as negociacións van seguir.

No tocante ó que vostede falaba das listas de espera e dos profesionais e da sanidade especializada como ben dicía ¿qué me vai contar? Estouno sufrindo.

A cuestión das listas de espera e a cuestión da redución do gasto sanitario por parte da Consellería de Sanidade é alarmante, pero dunhas cifras tan alarmantes (aínda que o Sr. Chaves diga que somos alarmistas) que se isto segue así e co incremento de gasto farmacéutico, dentro de catro anos cáesenos a sanidade pública que no fondo cremos que é o que pretende o partido no Goberno do Estado e no Goberno na Xunta de Galicia.

Por outra banda dicir que a nivel da especializada (antes falabamos coa Sra. Sío) si que queremos seguir traballando neste tema e coido e estou absolutamente de acordo con vostedes, Sr. Soto e Sra. Sío, que o tema da sanidade en Vigo require que todos os Grupos nos xuntemos e reivindicemos a sanidade que esta área sur merece.

Neste caso concreto nós presentamos a moción do hospital de referencia e presentamos agora a moción da atención primaria porque están neste momento con conflito en atención primaria; a plataforma de dez minutos parou o outro día, os profesionais sanitarios están nestes momentos absolutamente desesperados porque non se lles pode prestar ós pacientes a atención debida e por iso falabamos disto. Pero estamos absolutamente de acordo en que debemos reunirmonos todos os grupos e falar da sanidade en Vigo, falar das listas de espera e falar do tema da atención especializada

Sr. Chaves, a sanidade nesta área sur foise deteriorando ós poucos e como dicimos na nosa moción é certo que se crearon tres novos centros e están previstos tres novos máis pero, Sr. Chaves, non chegan. Non faga demagogia dicindo que se a cada centro de atención primaria lle corresponda unha área, vai en contra da libre elección de médico. Non vai en contra, Sr. Chaves, eu clarexei perfectamente que non vai en contra pero o que non ten sentido é que neste momento Vigo sexa unha área única, iso non é o que se dixo en Alma Ata respecto da atención primaria. Non fagan demagogia, señores do Partido Popular.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. López-Chaves, vostede fai declaracións contradictorias e ás veces é moi difícil poñerlle unha vela a Deus e outra ó diaño.

Se vostede di que estamos fantásticamente colocados no mundo con respecto ós temas sanitarios, se vostede di iso como semella se desprender dunha estatística que vostede manexa e que eu non coñezo pero que en todo caso vou comentar, pois ben, pero a seguir non me diga que queremos mellorar o sistema sanitario, ou se acolle vostede a aquilo de que queremos mellorar todo e entón dentro diso todo vale.

Non, neste tema trátase de ir máis polo miúdo e como hai tres grupos que reflectimos unha opinión, eu acepto o tratamento que lle quere dar a este tema concreto a Sra. Méndez, para iso é a relatora, pero dende logo queda implícito aquí que na Xunta de Voceiros trataremos o tema da sanidade na extensión e co detalle que nos pareza a todos máis axeitado.

Déixeme dicirlle que as estatísticas que manexa vostede, na miña opinión e se son as mesmas das que eu me lembro, falan da extensión do tratamento sanitario e en extensión, gracias ó Partido Socialista, non en contra do que fixo o Partido Socialista, Sr. López-Chaves, España está nese sentido ben considerada no mundo con respecto a tratamento de pacientes, non suficientemente e eu falei xa antes da eiva dos drogodependentes, pero hai unha extensión sanitaria maior que a que adoita haber noutros moitos lugares.

Se vostede me di que o Partido Socialista fixo a extensión pero non acabou de rematar o proceso, ten vostede razón, evidentemente se temos o que temos é tamén porque antes o Partido Socialista non acabou de resolver. Pero o Partido Socialista deu un avance moi importante que lamentablemente logo non se acabou de concretar, nin polo propio Partido Socialista, insisto en

que niso ten vostede razón. Dame igual, temos que resolver ese problema, díxeno antes e déixemo dicir con descaro porque facer política de oposición a todo tamén é moi fácil, o mesmo que dicir que todo vale.

Por tanto eu non estou disposto a dicir que se faga un milagre, que se resolva o tema sanitario e os cartos veñan do ceo. Non, os cartos teñen que saír dos petos de todos nós e por tanto xa dixen antes que estou disposto a corresponsabilizarme dun imposto ou de tres pero sempre que se poña un plan concreto para rematar coas graves carencias que temos no eido sanitario porque senón o que se está a facer *de facto* que non de *iure*, Sr. López-Chaves, é unha sanidade na que realmente ó final só teñen bo tratamento sanitario os que teñen cartos abondo porque non esperan non sei cantos meses para ir ó médico, pagan e van ó seu médico, ó que lles peta.

Esa si que é unha liberdade, na miña opinión, e a que vostede defende, Sr. López-Chaves, é a de ter cartos para pagar sanidade, na miña opinión, e eu non lla defendo porque esa é unha discriminación clarísimamente en contra dos que menos teñen.

Se vostede ponme en pé de igualdade un tratamento razoable e racional para que todas as mulleres, homes, nenos e vellos desta comunidade nosa ou deste Vigo noso poidan ir ó médico en tempo e forma e poidan ser atendidos dez minutos (nin que faláramos de horas para atender a un paciente), se vostede me fala diso e me pon esa política sanitaria en primeiro plano, a seguir que cada quen naturalmente non teña ningún problema en elixir o médico privado que lle pete, os que teñan cartos porque lles gusta máis un médico privado; pero mentres non haxa esa igualdade real e obxectiva de trato para todos os pacientes é unha discriminación gravísima nun dos temas máis importantes que pode afectar a calquera ser humano como é o tema da saúde.

Eu estou encantado de escoitar que van votar a favor, de verdade que llo agradezo a vostede e ó seu grupo, tamén quede claro isto, recoñezo que é un paso positivo que ó meu criterio debo agradecer, pero entendendo tamén que teñen que xogar aquí unha política de equilibrios difícil no Partido Popular, que tamén o podo comprender, déixeme dicirlle que a súa loita ten que ser moi clara, igual que outros mantemos que realmente o sistema sanitario que temos en Galicia non é nin o que precisamos, nin o que queremos, nin o que debemos ter.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sobre a demagogia, dende logo non é o meu estilo. Non me gusta facer afirmacións que non estean basadas en datos obxectivos.

Eu sinxelamente citaba o ranking da Organización Mundial da Saúde, son datos obxectivos e coido que iso non é demagogia, non din datos sen ningunha cobertura.

O que coido que si é un pouco demagóxico é dicir que en catro anos a sanidade pública desaparece, miraremos en catro anos se desapareceu, non o sei.

Sr. Soto, non existe contradicción, estamos onde estamos e se estamos no sexto posto podemos mellorar pero xamais parar, se non melloramos dende logo baixariamos ó posto sétimo, décimo ou undécimo.

Sobre a evolución que tivo a sanidade hai que dicir que cando a Xunta asumiu as competencias en materia de sanidade pública no ano 91, as listas de espera eran de anos. Reducíronse as listas de espera, vanse reducindo cada vez máis e hai que dicir por tanto que houbo unha evidente mellora.

En canto ás melloras hai que dicir que tamén nos centros públicos de Vigo actualmente, coas instalacións que teñen, cos profesionais e coa dotación que se lles deu, realízanse operacións e tratamentos oncolóxicos que antes os cidadáns de Vigo que querían e podían ian outros centros do norte de España e agora aquí, en Vigo, poden seren atendidos suficientemente.

Por tanto e como dixen, mellorar hai que mellorar, apoiaremos todo tipo de melloras pero tamén hai que recoñecer onde estamos e o que se fixo.

SRA. ALCALDESA: Para rematar o debate só dicir que temos a confirmación nestes dous últimos meses do cuarto hospital e teño que falar tamén do anuncio que o Sr. Conselleiro de Sanidade me fixo o venres sobre que Vigo vai ter outra ambulancia medicalizada que era outra das necesidades.

Tamén dicir que van ser catro, tres máis un en Bouzas, os centros de saúde. Pero para todo isto hai que poñer os terreos ó dispor, é preciso e iso foi o que non se fixo nos últimos anos.

Durante o curso do debate o Sr. Soto Ferreiro, de DPG, retira a súa moción dado que as negociacións semellan levar camiño de solución. Igualmente a concelleira do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, retira os apartados 1 e 2 da súa moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Reclamar do SERGAS:

- Incremento das plantillas de Atención Primaria na nosa área de maneira que estas se adecuen ó volume de poboación e ás súas necesidades asistenciais.
- Posta en marcha de zonas básicas de saúde.
- Creación dun dispositivo específico de Urxencias e Emerxencias.

26.- (63).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE REALIZACIÓN DUNHA CAMPAÑA DE POTENCIACIÓN PARA UTILIZAR O TRANSPORTE COLECTIVO.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 27 de xaneiro de 2004, o concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

"No ano 2003 a cifra de viaxeiros do transporte urbano colectivo ten superado os 20 millóns de usuarios, concretamente ten atinxido a cifra de 20.067.038. Destes, 819.317 corresponden a billetes de transferencia, e, por tanto, gratuítos.

Sen lugar a dúbidas iste é o resultado da política de potenciación do transporte colectivo que se ten levado a cabo na pasada lexislatura.

A importante remodelación de liñas que se iniciou en decembro de 2001 e rematou en xuño de 2003, xusto a final do mandato, xunto coa implantación do billete de transferencia gratuito e o establecemento de novos carrís-bus, unido todo isto ás medidas tomadas con anterioridade: universalización do bono-bus, eliminación da súa caducidade así como doutras restriccións no seu uso, establecemento de lanzadeiras ó Campus Universitario e a implantación da tarxeta verde como moderna e cómoda forma de pagamento, permitiron frear a espectacular perda de viaxeiros que se viña producindo a finais dos 90 e que acadou a cifra máis baixa no ano 1999 con 19.038.283 viaxeiros.

Agora ben, é necesario seguir a potenciar o transporte urbano colectivo como alternativa ó vehículo privado para diminuír o número de vehículos nas rúas da nosa cidade reducindo, deste xeito, todos os problemas ligados a unha excesiva utilización dos mesmos. Por outra parte a tendencia na utilización do transporte colectivo é a estabilizarse e mesmo a diminuír se non se introducen melloras que o fagan cada vez máis atractivo.

Ademais os obxectivos de incremento de viaxeiros e de utilización do billete de transferencia que se contemplaban como previsión no estudo de remodelación de liñas aínda non se acadaron, polo que se lle pode tirar máis partido á remodelación cara gañar novos usuarios para o transporte urbano colectivo.

Por todo o anterior propoñemos se aproben os seguintes acordos:

1.- Realizar unha campaña conxunta coa empresa concesionaria do TUC para potenciar a utilización deste medio de transporte informando amplamente á cidadanía, para que teña un maior coñecemento do novo sistema de liñas así como dos beneficios da utilización do billete de transferencias e das restantes prestacións do servicio.

2.- Mellorar a velocidade media dos autobuses implantando novos carrís-bus, recuperando os que están inutilizados e mantendo unha política de control do aparcamento ilegal de forma prioritaria nas rúas por onde discorren as liñas do TUC.

3.- Impulsar un plano de transporte integral para a futura Área Metropolitana."

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: No ano 2003 a cifra de viaxeiros do transporte urbano colectivo superou nada máis nin nada menos que a cifra de 20 millóns de usuarios. Dígoo así porque se acadou, con relación á cifra máis baixa que se daba nos anos 90 e que chega á súa máxima expresión no ano 99, cando se dá a cifra máis baixa dos últimos anos con 19 millóns, isto fainos ver que no ano 2003 gañáronse nada máis, nin nada menos que máis dun millón de viaxeiros no transporte público urbano.

Sen lugar a dúbidas este é o resultado das políticas de potenciación do transporte colectivo que se viñan desenvolvendo na anterior lexislatura. Todos lembrámonos da importante remodelación de liñas que durante dous anos se estivo estudando, da implantación do billete de transferencia co que se lles daba un segundo servicio gratuito ós viaxeiros, da universalización do bono-bus eliminando ademais a súa caducidade, do establecemento de lanzadeiras ó campus universitario e, como non, todos lembrámonos da implantación da tarxeta verde que supuxo ter a disposición dos viaxeiros e viaxeiras un sistema moderno que permitía un sistema moi cómodo de realizar o pagamento.

Polo tanto nos últimos anos este Concello fixo uns grandes esforzos por recuperar, por potenciar o que é fundamental para o benestar da nosa cidade como é a utilización cada vez máis do transporte colectivo porque iso loxicamente axuda a ter unha cidade máis humanizada onde a implantación do vehículo propio teña cada vez menos impacto.

Loxicamente quedan cousas por facer, temos que seguir nesa liña de potenciación, non podemos baixar a garda. Temos que implantar novos carrís-bus que loxicamente axudan a que esa periodicidade do transporte se acade e se mellore. Temos que seguir pelexando e loitando contra o aparcamento

ilegal, sobre todo naquelas zonas que máis inciden no transporte urbano e, por suposto, temos que seguir animando á cidadanía a que utilice o transporte colectivo. Animándoa e sobre todo informándoa das grandes vantaxes que ten hoxe, ese billete de transferencia e en xeral das vantaxes que ten hoxe utilizar o transporte público porque de non o facer, de non seguir nesta loita que coido que ten que ser unha loita constante e en todas e cada unha das Corporacións, en todos e cada un dos anos de mandato, loxicamente se baixamos a garda poderíamos voltar a cifras que non queremos e iso haberíao que traducir nun peor índice de benestar na nosa cidade.

Polo tanto e atendendo a todo isto propoñemos que se aproben os seguintes acordos: En primeiro lugar que o Concello de Vigo realice unha campaña conxunta coa empresa concesionaria do transporte para potenciar a utilización do transporte na nosa cidade, informando amplamente á cidadanía para que teña un maior coñecemento do novo sistema de liñas, así como dos beneficios da utilización do billete de transferencia e das restantes prestación do servizo.

En segundo lugar, mellorar a velocidade media dos autobuses implantando novos carrís-bus, recuperando os que están inutilizados e mantendo unha política de control do aparcamento ilegal de xeito prioritario nas rúas por onde discorren as liñas do transporte urbano colectivo.

Por último, impulsar un plan de transporte integral para a futura área metropolitana. É moi importante que os estudos, as conversas que se iniciaron e que seguramente se seguen a desenvolver, non se queden só no establecemento de cantas paradas, nin en qué sitios damos para os transportes que veñen de fóra da nosa cidade, senón que temos que ser fundamentalmente moito máis ambiciosos e ir crear un plan de transporte integral para toda a área metropolitana que configure tamén un novo sistema de transporte que beneficie a toda a comarca e que sen lugar a dúbidas teña un amplo referente na nosa propia cidade.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Por suposto que imos votar favorablemente esta moción do Grupo do BNG pero coido que cómpre primeiro facer un par de informacións que espero sexan ampliadas por parte do Grupo do Goberno.

Empezando polo terceiro punto, informar (coido que o Goberno nos poderá informar moito máis) de que a Xunta de Galicia ten contemplado un plan de transporte para sete áreas metropolitanas de Galicia que se encetou durante os últimos meses do pasado ano, que por certo debe ter bastante retraso,

porque estaba previsto que se remataran as reunións conxuntas que permitiran xa para o 2004 empezar con ese plan de transporte e digo que debe estar moi retrasado porque non temos información, por iso penso que o Goberno hoxe nos poderá dar algunha información máis.

De todos os xeitos dicir que ese plan de transporte para as sete áreas metropolitanas de Galicia está moi lonxe do que cabería esperar das necesidades de transporte dunha área metropolitana tan importante como é a área de Vigo. Das fases que contempla ese plan, na primeira que é a que máis preocupa e espero que non haxa problemas cara á nosa empresa de transporte urbano, é a penetración na cidade dos interurbanos con novos percorridos para esas liñas interurbanas. Espero que ese traballo se faga do mellor xeito posible para que a concesionaria de transporte urbano non teña máis dificultades respecto ó que obviamente é unha obriga defender por parte deste Concello.

Dicir que só na terceira fase dase realmente un paso adiante importante que non ten unha data pero espero que poida ir en boa dirección: é a integración tarifaria ou que se poida facer un único pagamento por utilizar o transporte interurbano e urbano ó mesmo tempo, é dicir, que calquera viaxeiro de toda a área metropolitana poida realmente desplazarse a calquera sitio da cidade cun único billete.

Dicir tamén que o máximo que propón ese plan é unha comisión permanente de transporte, na que estarían os representantes dos concellos e da Xunta, sen ningún tipo de cesión de competencias.

Empezo por esta información porque semella que a idea de facer que a área metropolitana sexa tamén unha realidade xurídica e política é algo que está bastante lonxe tamén neste tema do transporte, porque semella que no tema da área metropolitana dedicámonos a falar moito e traballar pouco e realmente, malia todos os compromisos políticos de todos os grupos, estamos realmente poñendo pouco para que iso sexa unha realidade.

Dicir que nese plan de transporte, moi modesto, que contempla a Xunta de Galicia en colaboración cos concellos, está prevista unha campaña específica de promoción do transporte público. Por iso coido que pode ser unha boa iniciativa que o que propón o primeiro punto do acordo sobre unha campaña conxunta coa empresa concesionaria, sempre que se faga coordinadamente, pode ser unha boa decisión.

Informar de todos os xeitos aquí que na etapa na que estiven coma concelleiro de transportes estaba previsto por parte da empresa

concesionaria facer esa campaña de difusión de todos os temas que se propoñen no punto un, que esa empresa tiña o orzamento para facer esa campaña e espero que ese orzamento sexa suficiente e non teñamos que habilitar partidas do noso orzamento para esa campaña que por suposto ten que contar con toda a nosa colaboración.

Respecto ó resto dos puntos dos acordos que nos propón a moción, non podo máis que lamentar que o Grupo municipal do BNG perdera unha grande oportunidade na práctica de ir na dirección que eles mesmos propoñen nesta moción. Quizais por iso o concelleiro, Sr. Domínguez Olveira, e non a concelleira, Sra. Fernández Davila, é quen fai hoxe esta moción e eu teño que lamentar, porque aínda que o Grupo Socialista non se recuperou do seu asombro, que nun recente Pleno este Grupo que tanto di traballar polo transporte público e para que sexa un ben para todos os cidadáns, non apoiara a proposta de tarifas deste Grupo municipal que ía supoñer traballar na dirección que eles hoxe están propoñendo nesta moción.

Ia supoñer que os usuarios dos bonos pagaran 2 céntimos menos e que calquera usuario, e hai un 30% de usuarios que aínda non teñen a tarxeta verde, un 30% de xente que utiliza o autobús sen a tarxeta, pagaran 90 céntimos e non 91, cos beneficios que iso ía traer cara a mellorar a velocidade media dos autobuses. Invito a calquera a que nunha hora punta sobre todo, vaia a calquera parada de autobús e vexa as colas que se forman e o tempo que o transporte público está parado para facer o cambio deses 91 céntimos.

Obviamente semella increíble que a Sra. Fernández Davila, nunha explicación de voto da que aínda non estou recuperado porque non explicou absolutamente nada, por qué apoiaba a proposta do Partido Popular e esquecíase totalmente de que a proposta do Grupo municipal socialista contemplaba ademais do xa contemplado polo Partido Popular, isto que ía redundar nun beneficio para todos os cidadáns.

De todos os xeitos é obvio que esta moción ten todos os puntos a favor para o seu voto. Espero que non se esqueza o Sr. Concelleiro de Transportes actual de que, en canto haxa posibilidades, os carrís-bus de verdade poidan funcionar como tal e se tomen as medidas previstas polo anterior Goberno respecto a todo o contemplado neste punto número 2 e esperar que isto que é unha declaración de principios se vexa tamén contemplada con realidades que é o que precisa o transporte público nesta cidade. Moitas grazas.

SR. COELLO BUFILL: Como vostedes saben un dos servicios que máis cohesionan e vertebran a sociedade das grandes cidades é, ademais da mellora das infraestructuras, o transporte urbano colectivo.

Este Goberno ten tomada unha decisión a este respecto: potenciar firmemente o transporte urbano colectivo para gañar definitivamente a modernidade do século XXI.

Primeiro punto: xa estamos a traballar na campaña publicitaria por parte da empresa concesionaria do transporte urbano colectivo para informar a todos os usuarios sobre as vantaxes de utilización do transporte público urbano, de melloralo, considerando que dita campaña ten que ter coma obxectivo chegar fundamentalmente ós cautivos do vehículo privado e que ata o día de hoxe descoñecen a existencia dun transporte público que chega a todos os puntos do termo municipal cunha frecuencia axeitada á demanda existente e tamén á futura demanda, así como a existencia do billete de transferencia que permite o transbordo sen ningún custo.

A campaña tamén irá dirixida a publicitar os distintos bono-bus e a gratuidade do bono-bus pensionista do Grupo 1, non contributivo, que como vostedes poden lembrar, foi unha das primeiras medidas que adoptou o Goberno cando se fixo cargo do mandato.

Punto 2: o departamento de mobilidade e seguridade está traballando actualmente na recuperación dos carrís-bus (dixen recuperación) aprobados no seu día e que non están operativos, por exemplo: rúa García Barbón. Tamén se está estudiando a creación doutros novos carrís-bus, por exemplo na Gran Vía.

Hai que salientar que entre as indisciplinas en materia de tráfico, como son hábitos insolidarios dun sector cada vez máis minoritario e contumaz, imos prestar unha atención especial ós estacionamentos indebidos en xeral e en particular nas paradas do transporte público e no carril-bus.

Terceiro punto: na nosa cidade entran máis de 50.000 vehículos privados/día polos eixos norte, sur e leste. Pois ben, para incentivar e potenciar o transporte público dos operadores interurbanos estanse a manter reunións coa Dirección Xeral de Transporte da Xunta de Galicia. Dende que eu tomei posesión tivemos unha xuntanza e en datas inminentes teremos outra entre o equipo técnico e a Dirección Xeral no Concello de Vigo para a implantación dun plan de coordinación do transporte urbano e interurbano das sete principais cidades de Galicia, achegando solucións como o intercambio de billete moedeiro, mellorando os horarios e frecuencias.

Quero dicirlle ó Sr. Calviño que non teña a menor dúbida, que os intereses do Concello de Vigo van estar firmemente representados cos técnicos que vostede ben coñece e asesoran tamén de xeito firme ó concelleiro-delegado. Por tanto imos anunciar positivamente o noso voto á moción do Sr. Domínguez Olveira e comunicar coma ledicia para todos os grupos que seguemos a incrementar a cifra de viaxeiros no día de hoxe.

Comento que as cifras totais de viaxeiros no mes de xaneiro de 2004 foron de 1.659.741, e comparativamente coas de xaneiro de 2003 de 1.647.349, co que temos un incremento de 12.392 viaxeiros máis o que supón un 0,75% máis. Evidentemente imos potenciar o transporte urbano colectivo porque as cidades que están no século XXI teñen que gañar, como Vigo vai gañar, esa aposta definitiva polo transporte colectivo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A verdade é que nos alegran e satisfacen estes datos. Sempre que se aumenten viaxeiros para o transporte público na nosa cidade estaremos moi pero que moi satisfeitos. Por iso e por aí ía o sentido desta moción, para que non perdamos xamais isto e sigamos traballando na liña da anterior Corporación.

Eu non vou entrar en falsos debates, non vou cair na demagogia dun céntimo máis ou menos. Sei que ó mellor ó Sr. Calviño lle interesaría que caíra nese debate pero non. Coido que estamos falando dun tema tarifario que estaba contemplado nas Ordenanzas e que aí se explicou fundamentalmente.

Non vou cair nese debate porque hai unha formación política nesta Corporación que nos últimos catro anos traballou e deixouse a pel para que o transporte urbano funcionara e os cidadáns e as cidadás sábeno e non lles interesan falsas demagogias. Interésalles saber que dende a chegada do BNG ó Goberno, e dende a chegada do meu compañeiro, Sr. De Acosta, que tiña a responsabilidade do transporte público nesta cidade, por primeira vez esta cidade tivo a tarxeta verde; iso é o que saben os cidadáns.

Saben os cidadáns que por primeira vez un veciño de Valladares, de Coruxo, que ten que vir ó centro e que para vir este Concello, por exemplo, ten que coller dous autobuses, saben que o segundo é gratuito. Saben os nosos mozos e mozas do campus universitario que se mellorou un 100% o servizo que o transporte público tiña ó campus universitario. Saben aquelas persoas que collían un bono-bus e que por non esgotar o tempo de caducidade moitas veces non o collían porque non ían ser quen do esgotar e polo tanto lles saía máis caro, perdían cartos, pero saben que agora coa universalización

practicamente o 99% da xente a través da tarxeta verde pode facer uso do bono-bus. Iso é política social e de apoio claro e real ó transporte urbano desta cidade; o outro son temas que nestes momentos non veñen ó caso e son temas que naquel momento xa se discutiron.

Cando o Goberno do BNG metéronse 800 millóns de pesetas para poder subvencionar e poder facer políticas sociais nesta cidade, non me veña dicir vostede agora que nós o que queremos é encarecer o servizo cando fomos pioneiros en facilitar o acceso de todos e todas os vigueses e viguesas ó transporte urbano colectivo. Nada máis.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Recoñezo completamente todos os méritos que acaba de resumir o compañeiro, Sr. Domínguez, respecto do grande traballo realizado polo anterior concelleiro e polo anterior Goberno municipal con respecto a todos os puntos que el presentou, que por certo foron apoiados polos Grupos que estamos representados aquí.

Precisamente por iso é absolutamente increíble o que se viviu naquel Pleno, porque o que se viviu nun Pleno no que aprobamos unhas determinadas tarifas que van en contra do espírito que se está presentando nesta moción, é polo que resulta asombroso, semella unha creba con todo ese grande traballo realizado polo Grupo municipal no anterior Goberno do BNG. Por iso tiña a obriga do presentar aquí, porque espero que esa creba fose só produto dunha mala reflexión nun determinado momento e que dende logo por iso e por moitas cousas máis no futuro poidamos seguer traballando por un transporte público que atenda ás necesidades sociais dos cidadáns de Vigo. Gracias.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Couto Pérez e Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, sobre a realización dunha campaña para a potenciación do transporte urbano colectivo de viaxeiros, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

27.- (64).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE REALIZAR ESTUDO PARA REDISEÑAR O VERBUM.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 29 de xaneiro de 2004, a concelleira do Grupo Municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, formula a seguinte moción:

"Ultimamente estamos asistindo a un debate nos medios de comunicación sobre o Verbum ocasionado pola evidencia do acusado descenso de visitantes na Casa das Palabras, xa que dende a súa posta en marcha, e con excepción dos días de portas abertas, o nivel de asistencia sitúase moi lonxe das expectativas que o museo creou.

Vigo non se pode permitir un lugar destas características infrautilizado, é precisa unha boa dirección que resolva os problemas existentes no museo dinamizándoo e explotando todas as súas posibilidades cunha boa oferta de actividades e sen esquecer as necesarias campañas de divulgación.

Non foron estas de agora as únicas opinións, xa con anterioridade, concretamente no mes de maio, apareceron as primeiras críticas baseadas tanto na falta de rigor científico observada en certos contidos que en moitos casos poden chegar provocar confusión (mestura de autores dos sistemas literarios español e galego, confusión da Galiza administrativa co territorio lingüístico galego, terminoloxía de tipoloxía lingüística incorrecta, visión das línguas do mundo eurocentrista, etc.), como na discriminación da lingua e da literatura galegas (contos infantís unicamente en castelán, ausencia de edicións galegas, moi cativa presenza de produtos editoriais e audiovisuais galegos, con sensación de invisibilidade de produtos culturais galegos de calidade...).

O certo é que case un ano despois da súa inauguración, diferentes opinións coinciden en que os problemas que sofre a Casa das Palabras proceden fundamentalmente da súa concepción, dunha patente desinformación a respecto da cultura galega e da falla dun programa de actividades atractivo.

É preciso presentar alternativas a estes problemas para rendabilizar social e culturalmente os moitos cartos que o Concello gasta anualmente no mantemento deste edificio. Hai que determinar as estratexias apropiadas para os diferentes tipos de visitantes, diferenciando entre visitante adulto e infantil e, dentro do primeiro, entre especialista e non especialista.

Así, o público infantil, que debe ser merecedor dunha especial importancia, hai que consideralo en relación coa escola e ofertar actividades complementarias ós contidos educativos das materias das distintas línguas que se estudan nas escolas que non se poden experimentar dentro da aula escolar mais si no museo. Só coa visita habitual das escolas da zona comprendida nun radio de 150 km, o museo estaría xa a garantir e xustificar a súa función social. Co fin de contribuir a este fin permítome propoñer algunhas iniciativas que xa foran inicialmente estudadas polo exconcelleiro

de cultura do Bloque D. Santiago Domínguez e que estaban á espera da aprobación dos nosos orzamentos.

- Reconversión do primeiro andar nun espazo interactivo onde cada tres ou catro meses os visitantes poideran acceder a diferentes talleres relacionados co cine, televisión, prensa, radio, teatro..., coa finalidade de aprender as técnicas relacionadas coa materia que neses momentos estivera presente.
- Área de creación literaria onde os visitantes poideran confeccionar o seu propio libro, a súa mini-revista, cómic, etc.
- Aproveitamento do contorno para levar a cabo xornadas de animación á lectura e demais actividades relacionadas coas palabras.
- Aproveitamento do auditorio para establecer un taller permanente de declamación e dobraxe utilizando as técnicas máis avanzadas, así como a constante exposición de vídeos e películas educativas.
- Campaña informativa con oferta nun mesmo paquete da visita ó Verbum seguida doutra doutra ó Marco ou ó Zoo para contribuir a fomentar o turismo cultural na nosa cidade.

O visitante adulto non especialista pódese atraer de xeito non ocasional integrando o museo na vida cultural da cidade coa organización de encontros, conferencias...

As persoas relacionadas académica ou laboralmente cos temas que conte o museo poderíanse atraer fomentando outra das características tradicionais dos museos, é dicir, a función de adquirir e conservar testemuños materiais da humanidade e do seu medio, que no tema que nos ocupa poderían incluír tanto gravacións sonoras (mostras de variantes dialectais, xirias, documentos sonoros históricos, etc.) como fotografías e documentos dixitais (mostras caligráficas, paleográficas, coleccións de grafitis lingüísticos, etc.). Todo isto redundaría nun maior rendemento do museo, así como no seu prestixio.

Por todo o anteriormente dito propoñemos ó Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

- 1.- Que a Concellería de Cultura e o Goberno Municipal poñan en marcha un estudo para rediseñar o Verbum dotándoo dunha coherencia expositiva que tarnsmite mensaxes científicas, contando coas aportacións que teñan a ben demandar dos distintos colectivos, persoas representativas e demais entidades relacionadas coa comunicación e a palabra.
- 2.- Elaboración dun programa de actividades atraintes que servan para potenciar os contidos do museo e para revitalizalo convertíndoo nun foco de atracción.
- 3.- Que se contemple a posibilidade de ofertar o Verbum xuntamente con outras visitas á cidade e que se faga unha campaña divulgativa nos centros educativos de Galiza e norte de Portugal."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 16 de febreiro de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MARTÍNS VILANOVA: Esta moción que presentamos ten coma finalidade dinamizar o Verbum para o converter no museo da palabra e da comunicación que queremos e que a cidade demanda.

No momento da inauguración a Casa das Palabras provocou unha grande expectación que se viu concretada no 80% das visitas que se realizaron no primeiro mes, coido que foi un total de 50.000 persoas as que pasaron polo Museo. Sen embargo posteriormente este interese inicial viuse contrastado polo total desinterese que deu lugar a que houbera días nos que nin un só visitante acudira á Casa das Palabras.

Coidamos que isto é así fundamentalmente por dúas razóns. Por unha banda para o público relacionado, académica ou laboralmente cos contidos do Museo, este non estivo á altura das expectativas que creou pola falla de rigor científico que se evidenciaba nalgún dos contidos e que incidía directamente e de xeito negativo no seu prestixio.

Por outro lado hai unha carencia dun programa de actividades atractivo que serva de reclamo para asistir á Casa das Palabras.

Nós coidamos que hai que presentar alternativas a esta situación para poder rendabilizar o Museo tanto social como culturalmente e poder xustificar así os moitos cartos que anualmente o Concello gasta no mantemento desta edificio.

Hai que establecer estratexias axeitadas para os distintos de visitantes, diferenciando entre o público infantil e adulto, sexa ou non especialista. Pensamos que hai que contemplar o público infantil en relación coa escola, ofertando actividades que se poidan levar a piques no Museo, que sexan complementarias cos contidos educativos das materias de lingua que se imparten nas escolas.

Coidamos que só coa visita habitual dos centros educativos dun radio de 150 quilómetros estaríamos xa a rendabilizar perfectamente a finalidade do Museo.

Con esta finalidade permitímonos dar ideas que xa estaban a ser estudias cando o Bloque tiña ó seu cargo a Concellería de Cultura e que poderían ser, por exemplo: reconverter o primeiro andar nun espacio interactivo onde cada 3 ou 4 meses os visitantes puideran acceder a diferentes talleres que poderían estar relacionados co mundo da comunicación, co cine, coa televisión, coa radio, teatro, etc. Facer unha área de creación literaria onde se puidera confeccionar un libro de seu, unha revista, un cómic, un xornal... Aproveitar tamén o contorno para poder levar adiante actividades

ó ar libre que poderían estar relacionadas co teatro, co mimo, etc. Poderíase aproveitar o auditorio para establecer nel un taller permanente de declamación e dobraxe utilizando as técnicas máis avanzadas, así como exposición de vídeos ou películas educativas.

Tamén sería indispensable levar adiante unha campaña informativa de divulgación da oferta que a Casa das Palabras podería dar e, por exemplo, ofertar no mesmo paquete a entrada ó Verbum coa entrada a Castrelos, ó Zoo, ó Marco..., en fin, facer uns itinerarios culturais pola cidade dependendo tamén do tempo que se lle dedicase, unha mañá ou xornada do día completo.

En concreto, os acordos que nós queremos que se aproben hoxe serían: que a Concellería de Cultura e o Goberno municipal puxeran en marcha un estudio para redeseñar o Verbum dotándoo dunha coherencia expositiva que transmita mensaxes científicas contando para isto coa aportación que teñan a ben demandar distintos colectivos, persoas representativas e demais entidades relacionas coa comunicación e coa palabra.

En segundo lugar, elaborar un programa de actividades atraintes que servan para potenciar os contidos do Museo e revitalizalo convertíndoo así nun foco de atracción.

En terceiro lugar, que se contemple a posibilidade de ofertar o Verbum conxuntamente con outras visitas á cidade e que se faga unha campaña divulgativa nos colexios de Galicia e do norte de Portugal.

SR. ARIAS MOREIRA: Eu anuncio que nós imos votar a favor desta proposta porque cremos que vai nunha boa dirección e porque é claramente ben intencionada.

Permítanme en todo caso que exprese un punto dalgún escepticismo sobre a moción. Primeiro porque é coñecido dende hai tempo ese vello adaxio que lembrou un ilustre conferenciante esta semana nesta cidade de que "cando un non sabe moi ben que facer cun problema crea unha comisión ou pon en marcha un estudio".

Coido que é certo que a política cultural da cidade co Verbum ten un problema, coido que isto o sabemos, que niso somos solidarios a multitude de corporativos que fomos concelleiros de Cultura nesta Corporación. Coido que a cidade ten un problema coa definición do Verbum, que nace dunha brillante idea (isto é necesario sulíñalo) que a alguén se lle ocorre que, cando está tan extendido o modelo de museo das ciencias, por qué non levar iso ó terreo das letras; é unha idea moi orixinal pero o problema e facela

operativa, facer que funcione. Coido que isto é efectivamente complicado e que o desenvolvemento do proxecto se foi atopando cunha multitude de problemas: de definición, organizativos e outros.

Reitero que apoiamos que se faga este estudio, non porque coide que eu teña unha especial capacidade retrospectiva ou sexa adiviño, pero coido que hai varias cousas claras que van saír deste estudio se efectivamente se vai facer; son claras de antemán por seren obvias.

Primeiro, é obvio que se se decide continuar co proxecto orixinal, que coido que é algo irreversible porque naceu dunha subvención da Unión Europea que ademais era unha subvención finalista, hai que afrontar un problema bastante claro e que penso que ten bastante que ver cos defectos de implementación desta idea brillante: é que o Verbum non ten dirección nin persoal nestes momentos. Comparemos un momento co caso doutro Museo recente desta cidade, neste caso Museo cunha traxectoria moi diferente como é o Marco. O Marco si ten unha dirección e haberá a quen lle guste ou non o proxecto museográfico do Marco pero este ten un proxecto e unha orientación moi clara, por iso obviamente carece dos problemas que ten neste momento a Casa das Palabras.

Coido que haberá que afrontar este problema, haberá que afrontar que non ten unha dirección estable e isto vai resultar caro; a Corporación e a cidadanía deben saber que isto non vai ser nin moito menos gratuito. Probablemente que para resolver este problema a Corporación teña que chegar a algún tipo de acordo con outras administracións para non cargar excesivamente dende un punto de vista financeiro as arcas do propio Concello.

Por outra banda se este estudio se fai coido que vai apuntar a necesidade de afrontar algún cambio nos contidos, non tanto no primeiro andar que é onde houbo erros gravísimos que foron en grande medida subsanados e non exclusivamente referidos ó galego, senón que isto realmente se pode levar a outros módulos. Dentro dos 81 módulos informativos que se reparten en nove cubos había unha pléiade de erros que moitos deles foron afortunadamente xa corrixidos, pero coido (e aí acerta a moción) que o fundamental está en acertar, non e reconverter porque non se pode converter algo que non existe como é o primeiro andar; un entra no Verbum e no primeiro andar, nin á esquerda, nin á dereita non ve absolutamente nada e iso é necesario enchelo de contidos porque si pode ser efectivamente un punto de enganche moi importante para este Museo.

É moi importante que se acerte na definición deses contidos para o andar baixo que, á parte do que dixo a compañeira, deben apuntar á vía das exposicións temporais. Aproveitar eses espazos para lles dar un uso que para seren xustos tamén hai que dicir que algún uso importante tivo durante todos estes meses, durante o seu nacemento por exemplo a propósito do voo espacial de Pedro Duque houbo alí unha actividade que tivo moito impacto en toda España e ademais nese mesmo momento se organizou unha exposición temporal de bastante interese. Isto non o podemos negar pero en todo caso ese Museo é necesario reformulalo inmediatamente.

Coido que sería moi importante na creación deste estudio que se teña en conta que xa existe unha comisión asesora, de alto nivel ademais, da que forman parte o Sr. Toharia, Rosa Regás; hai unha aceptación do Premio Nóbel, Sr. Saramago, e ademais tres escritores galegos: Sr. Cermeño, Víctor Freixanes e D. Francisco del Riego son membros dunha comisión que realmente non funcionou. Quizais este é un reto que inmediatamente se pode resolver. Cando fun concelleiro de Cultura tentei xuntala e houbo unha convocatoria, houbo que a desconvocar e logo realmente desapareceu aquela situación e xamais souben. Pero coido que é bastante urxente que a Comisión Asesora que existe neste momento se reuna porque coido que pode ter moito que dicir a favor de buscar esta redefinición.

Por último xa remato dicindo que hai elementos inmediatos que si habería que reformular como é a política de prezos, porque ¿cómo van ir os nenos dos colexios se a cada neno coido que son 3€ o que se lle cobra? Imposible, está mal pensado, hai que o cambiar e reformular. Son cousas bastante obvias que coido que en todo caso é fácil prever que van saír nese estudio que se faga.

SR. SOTO FERREIRO: Acabamos de asistir a unha confesión de culpas do Bloque e do Partido Socialista que no seu día, por orde inversa, foron os impulsores da creación do Verbum e que hoxe están de acordo (benvidos) en o reconverter.

Digo confesión de culpas porque como son vostedes non exactamente as mesmas persoas, pero si coma partido os que votaron a instauración do Verbum, cousa que non fixo o concelleiro que fala.

Eu si vou votar a favor da proposta da Sra. Martíns e ademais cunha suxestión.

Independientemente de que as persoas que compoñen esa Comisión que acaba de citar o Sr. Arias nos merezan seguramente a todos a credibilidade que como persoas ilustres no mundo da cultura teñen todos e cada un deles e delas, déixeme dicirlle que seguramente as súas suxestións serán magníficas nalgúns aspectos, como magníficas son algunhas das suxestións que fai a Sra. Martíns no cadro expositivo da súa moción, pero como dicía eu querería engadir unha suxestión.

Como hai cousas que na miña opinión teñen que ser abordadas coa intensidade e coa ambición decidida de facer algo realmente interesante e non a nivel de Vigo, senón a outros niveis, non só estou a favor de que se faga ese estudio e se contrate un equipo para o facer, senón que debéramos analizar primeiro qué equipos fixeron estudos de museos interactivos importantes do mundo e falo da A Villette de París, de museos interactivos xaponeses, ingleses ou alemáns e cando vexamos posibles semellanzas co tema que queremos tratar e expositiva temática vaiamos contratar a alguén que nos vaia dar a garantía de que polas súas experiencias realmente imos ter un museo atractivo non só a nivel local, senón a máis nivel que coido que é o que debemos tentar proxectar dende Vigo.

Se tentamos, como di a moción da Sra. Martíns e a exposición do Sr. Arias, non só que os vigueses vaian a ese Museo, senón que sexa un lugar de referencia para os nosos visitantes, turistas, etc., que se faga en combinación con outros billetes turísticos e cousas polo estilo, fálase mesmo de especializar a oferta no norte de Portugal, cousa que me parece moi ben, a verdade é que teríamos que facer un esforzo que neste caso sería barato.

Eu sei que a proposición que fago vai ter un custo económico que podería asustar a alguén, que por se tratar dun equipo desas características para facer un museo interactivo como o que eu digo podería ter un certo custo pero sería moi barato ó cabo do tempo. O máis caro do mundo é o que temos, é dicir, ter algo que custa pouco, que ó final non é tan pouco, pero que realmente os seus servicios e as súas prestacións deixan moito que desexar e a cidadanía dio coa súa non asistencia.

Polo tanto si á iniciativa que imos votar a favor e a recomendación - insisto- de que se busque un dos equipos máis reputados do mundo para facer ese estudio. Gracias.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Dende a súa inauguración a Casa das Palabras presentou debates culturais sobre o seu contido, a súa función e a súa programación.

O Museo Samil Século XXI-Casa das Palabras, que é o nome do proxecto, foi financiado pola Comunidade Europea cunha contía do 70% do custo inicial, de case 10 millóns de euros que logo se elevou a máis de 11 millóns. O proxecto foi acompañado dun estudio de viabilidade económica e financeira que semella non foi moi acertado. Teño que significar que á data de hoxe esta administración municipal percibiu totalmente o importe da cofinanciamento prometido pola Unión Europea.

É certo que unha infraestrutura cultural non ten que ser economicamente rendible pero si é certo que o debe ser polo menos socialmente. A Casa das Palabras ó longo do ano 2003 recibiu máis de 60.000 visitantes pero o certo é que case 50.000 foron nos meses en que a entrada era libre e gratuita. A partir do 1 de xuño ata o 1 de xaneiro de 2004 o número de visitantes foi aproximadamente de 10.000 persoas e polo tanto a situación ven de lonxe.

Unha das máis importantes preocupacións desta Concellería é a situación do Verbum, da Casa das Palabras e por iso en todas as reunións que mantiven con representantes de institucións de natureza cultural, con responsables de instalacións museísticas desta cidade, cos técnicos municipais, con directores de bibliotecas falamos do tema. Logo de incontables opinións e mesmo coas que se expresaron nos medios de comunicación en debates que se fixeron sobre o tema do Verbum, esta Concellería adoptou as seguintes medidas que teñen relación coa proposta da moción: En primeiro lugar iniciouse o estudio para a revisión da taxa á baixa dos prezos da entrada, examinándose comparativamente con outros museos, interactivos ou non, de tal xeito que os técnicos municipais están a elaborar as propostas pertinentes.

En segundo lugar, coa Concellería de Turismo se está a preparar unha oferta turística na que se incorpora a Casa das Palabras dentro dos paquetes turísticos conxuntos.

En terceiro lugar, coa Deputación provincial se quere elaborar unha oferta para os centros educativos de toda a provincia para os alumnos que necesariamente deben ser de concellos limítrofes para que así visiten o Museo.

En cuarto lugar, logo das reunións mantidas cos colectivos antes definidos, se puxo de manifesto a inexistencia en Vigo dun lugar onde poder recoller e

conservar para a investigación e consulta os arquivos e bibliotecas relacionadas coa nosa cidade e por iso este concelleiro visitou en varias ocasións este Museo acompañado do arquitecto municipal para ver se era tecnicamente posible a creación no andar baixo da Casa das Palabras dun centro de documentación local da historia da nosa cidade. O arquitecto municipal elaborou un proxecto que está orzamentado.

Ademais tendo en conta a orixe europea do financiamento tamén é fundamental que non se orixinen problemas polo cambio de actividade da Casa das Palabras xa que a Comisión esixe que os proxectos cofinanciados se axusten á súa presentación e que non estean supeditados a cambios impostos por circunstancias conxunturais. De acordo cos informes dos técnicos municipais a creación deste centro de documentación local non tería oposición da Comisión Europea.

En quinto lugar e por último, outra medida sería a designación do director do Museo, obxectivo que este Goberno municipal quere cumprir.

Por todo isto o Partido Popular vai votar a favor desta moción porque coincide coa actividade que está a desenvolver o Goberno municipal que mesmo, de acordo coa aquela famosa arenga, vai máis alá.

SR. ARIAS MOREIRA: O que acabo de oír hai un momento de dedicar o andar baixo a un centro de documentación local, querido amigo, coido que vai na dirección errada. Nada máis.

(No momento da votación está ausente o Sr. Alonso Vázquez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, sobre a realización dun estudo para rediseñar ó Verbum, Casa das Palabras, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

28.- (65).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE ANOVACIÓN DO VIXENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN DOA CPTOPV PARA A REALIZACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS.

ANTECEDENTES.- O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Pérez Castrillo, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 4 de febreiro de 2004, formula a seguinte moción:

"En data 30 de xuño do ano 2000, subscríbese o convenio de colaboración entre a Consellería de Ordenación do Territorio e o Concello de Vigo para a execución de diversas infraestruturas viarias, Na cláusula primeira do dito convenio, enúncianse as obras que fican suxeitas á financiación da Xunta de Galiza, a saber:

- Seminario-Corredoira
- Estrada a Madrid-R. Nieto (r/Manuel Alvarez)
- Conexión Cotogrande-Rande-Puxeiros-Aeroporto
- Acceso a Vulcano; subida da Guía-Dr. Corbal (r/Pedro Alvarado)
- Camiño Rioboo
- Estrada vella de Madrid
- Rotonda de Saiáns na comarcal 550.

O orzamento total para o conxunto das obras, a aportar pola Consellería, supera os 21 millóns de euros (3.500 millóns das antigas pesetas).

Para dar cumprimento ó convenio, de acordo co previsto na cláusula sexta, constitúese o 13 de de setembro do ano 2000 a Comisión de Seguimento. As actuacións da dita comisión están reflectidas nas actas correspondentes.

Das obras contempladas no convenio, a día de hoxe está plenamente realizada a Rotonda de Saiáns, estando en execución as obras da estrada vella de Madrid que se acordou deixar á marxe do convenio.

Ademais, de acordo coas actas da Comisión de Seguimento, decidiuse deixar en suspenso a execución de Seminario-Corredoira, pola súa coincidencia co trazado da nova ronda de Vigo contemplada nos documentos do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal; a conexión Cotogrande con Rande-Puxeiros e Avda. do Aeroporto por unir estradas do Estado e estar afectada polo Plan Director do Aeroporto, enténdese que debería ser executada polo Ministerio de Fomento e o Camiño de Rioboo (baixada ó Castaño) por estar pendente de actuacións urbanísticas. Xa que logo, permanecen no convenio:

- Acceso a Vulcano, Subida da Guía a Dr. Corbal (r/Pedro Alvarado) cun orzamento de 2.284.512,04 €, xa coas expropiacións realizadas e co proxecto de urbanización en trámite na Xuntanta.
- Estrada de Madrid-Ramón Nieto (r/Manuel Alvarez) cun orzamento de 3.843.441,36 €, cos proxectos en tramitación na Xunta de Galiza.

Ó deixar sen efecto para o convenio as obras denantes relacionadas, aceptouse a súa substitución por novas obras que polas súas características poideran ser incorporadas. Aceptouse a introducción no convenio das seguintes obras:

- Nova ponte sobre o río Lagares (Baixada ó Pontillón) cun orzamento de 400.328,20 €, preparado para a súa contratación.

- Rúa Gandarón, cun orzamento de 1.388.775,83 €, con proxecto de urbanización pendente da aprobación da Xunta e co proxecto de expropiación só pendente da declaración de urxencia.
- Rúa Severino Cobas, cun orzamento de 2.032.145,20 €, no mesmo estado administrativo que a devandita rúa Gandarón.
- Viais de acceso ó Hospital do Meixoeiro, nacido do convenio de colaboración para a construción da nova residencia xeriátrica, do que está en redacción o proxecto de urbanización e expropiación e que acada un orzamento de 8.705.372,28 €.

O Grupo Municipal do BNG considera imprescindible retomar os traballos tanto da comisión de seguimento como as conversas entre responsables políticos dos Concellos e da CPTOV, co fin de continuar a asegurar os investimentos autonómicos na nosa cidade en materia de infraestruturas.

Xa que logo, propónse ó Pleno da Corporación a seguinte resolución:

1.- Instar á Xunta de Galiza a que axilice os procedementos para executar canto antes as obras de acceso a Vulcano e subida á Guía (r/Pedro Alvarado), a Ponte do Pontillón e a conexión estrada de Madrid-Ramón Nieto (r/Manuel Alvarez).

2.- Iniciar conversas con carácter inmediato para anovar o convenio vixente coa CPTOV, incluíndo expresamente as propostas denantes relacionadas.

3.- Dar as instrucións oportunas ós servizos técnicos do Concello para que propoñan a inclusión de novas obras, ata completar cando menos, o orzamento total comprometido no convenio do ano 2000."

A comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión do día 18 de febreiro de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. PÉREZ CASTRILLO: Presentamos unha moción no sentido da anovación do actual convenio de colaboración coa Consellería de Política Territorial en materia de infraestruturas.

Vai agora para tres anos que os responsables políticos daquela do Concello e da Consellería de Política Territorial, Sr. Cuiña, e este que lles fala, asinamos un convenio de infraestruturas viarias internas da cidade. Convenio importante polo contido porque, se ben infraestruturas coma o segundo cinto comezaban naquel momento, non descoidamos tanto a CPTOPV como o Concello a comunicabilidade e accesibilidade internas da nosa cidade no convecemento de que iso permitiría unha mellor fluidez do tráfico na cidade e a humanización de determinadas zonas. Tamén é importante pola contía, foron case 3.500 millóns de pesetas os que se orzamentaron de investimento da Consellería de Política Territorial no Concello de Vigo.

Este convenio que contemplaba tamén unha comisión de seguemento do mesmo, sufríu varias reprogramacións de determinadas obras que no seu momento se consideraba que era mellor adiar e facer outras. Ó mesmo tempo fixéronse obras coma a da rotonda de Saiáns.

Permítame dicir, Sra. Presidenta, que nestes momentos este convenio está un pouco parado. Dende hai bastantes meses, case un ano, os terreos para execución e a construción da rúa Pedro Alvarado están entregados, postos a disposición da Consellería de Política Territorial, como está tamén entregado á Consellería de Política Territorial o proxecto da nova ponte no Pontillón que é a última das pontes sobre o río Lagares que falla por reformar, todo o resto das pontes, ata sete, foron reformadas nestes últimos anos.

Hai tamén outras infraestructuras viarias que foron propostas pola Comisión de Seguemento entre o Concello de Vigo e a CPTOPV e polo tanto xulgamos que neste momentos sería urxente, en primeiro lugar, inquirir da Xunta de Galicia, do titular da Consellería de Política Territorial, que se acelerara a licitación das obras de Pedro Alvarado, vial fundamental para o barrio de Teis. Que tamén se axilizara o procedemento administrativo para a construción da nova ponte do Pontillón e ademais que se anovara o convenio nas infraestructuras, nas estradas que na Comisión de Seguemento se presentaron de común acordo entre o Concello de Vigo e a Consellería de Política Territorial. Ó mesmo tempo que se requira da Xunta de Galicia, da Consellería de Política Territorial, que se axilizase o remate das obras da antiga estrada de Madrid, obras que xa foron iniciadas hai tempo, está a piques de rematar o prazo de execución e se vostedes pasean pola estrada vella de Madrid poden ver que aínda queda abondo de obra.

Eu non querría pensar que é por insuficiencia orzamentaria da Consellería de Política Territorial, ou por falla de compromisos da Consellería para acometer estes investimentos comprometidos no seu momento entre o Concello de Vigo e a Consellería, reprogramados de común acordo entre a Consellería e o Concello de Vigo e se ben moito escoitamos falar do Plan Galicia e do beneficioso que ven sendo para Galicia o Plan de Galicia, non nos gustaría que cartos orzamentados pola Xunta de Galicia para este convenio se fora a obras do Plan Galicia fóra de Vigo.

Polo tanto cremos que é o momento axeitado de requirir á Xunta de Galicia para: A) A aceleración das obras que están en marcha coma a estrada vella de Madrid. B) O aceleramento da licitación das obras xa acordadas, xa

proxectadas e xa aceptadas de común acordo, como é a baixada á ponte do Pontillón e como é o vial Pedro Alvarado. C) Aquelas infraestructuras que no seu momento a Comisión de Seguemento do convenio entre o Concello e a CPTOPV estimou que deberían ser incluídas no convenio, como son a rúa Gandaron, a rúa Severino Cobas ou os viais de acceso e comunicación co Hospital do Meixoeiro se introduzan, se orzamenten e se é necesario se renove o convenio.

Polo tanto esta é unha actuación viva entre o Concello de Vigo e a Consellería de Política Territorial que merece toda a atención do Concello de Vigo para impulsar as actuacións que de común acordo se veñen realizando dende hai anos. Ademais é necesario para que o compromiso investidor da Xunta de Galicia en Vigo se cumpra e polo tanto a proposta de resolución vai nese sentido: Por unha banda instar á Xunta ó aceleramento dos procedementos administrativos de licitación e execución das obras en marcha e por outra, se se considera oportuno, renovar o convenio para incluír aquelas obras xa faladas coa Consellería de Política Territorial que figuran nas actas da Comisión de Seguemento, ou aquelas outras que a xuízo dos técnicos municipais se considere oportuno introducir. Moitas gracias.

SR. BARROS PUENTE: Substancialmente para lle lembrar ó Goberno o necesario labor de pulo que é unha obriga fundamental da oposición.

Non cabe a menor dúbida de que o asunto que motiva a atención do BNG neste caso, que é a anovación deste convenio, é un trámite que está posposto non por descoido político dos equipos municipais, senón por certa, digamos, "nogalla" (por o dicir dun xeito suave) da Consellería de Ordenación do Territorio. Digo isto porque probablemente a inestabilidade política de Vigo podería afectar dalgún xeito a que a administración tomase compromisos coa cidade, cousa que é sorprendente porque realmente os compromisos non se toman coas persoas, con ningún destes corporativos, nin siquiera con ningún dos alcaldes que presiden esta Excma. Corporación, senón que se toman coa cidade.

Nós tomamos aquí só tres puntos de atención sobre os que coidamos debera reflexionar o Goberno.

O primeiro é que o Plan Xeral insiste moito na carencia da rede principal de infraestructuras da área de Vigo e especialmente comeza por se cuestionar a propia rede viaria, a que temos interna, á parte logo se estende, como saben as súas señorías, nas deficiencias que presenta a rede

ferroviaria, as que se presentan en problemas estruturais, aéreo-portuarias e mesmo ata chegar ó bordo litoral a necesidade de voltar reacondicionar o Plan Estratéxico do Porto. Esa é polo tanto unha cuestión de necesidade que está suficientemente obxectivada e que polo tanto repetir aquí sería unha pura redundancia.

Outra, e esta si que ten carácter estrictamente político e preócupanos, é que os xornais do venres recollía que Xunta e Deputación liderarían as novas dotacións deportivas de Pontevedra e concretamente fala da construción do novo estadio de Pasarón e logo dunha cidade deportiva en torno á Parda moi importante para compensar ese efecto. As Administracións, Deputación e Xunta, asinan este convenio, seméllanos a nós que é unha necesidade de Pontevedra e por iso nós felicitámonos e celebramos pero que obviamente, logo do longo debate que precedeu a esta moción que estamos discutindo, seméllanos importante insistir en que Vigo vai pola pendente á discriminación das administracións multinivel de goberno que hai a partir da municipal, que se nos deixa sós cos nosos problemas de infraestruturas básicas e fundamentais, que mesmo se pretende que o seu financiamento sexa estrictamente en base a plusvalías xeradas polo Plan Xeral e polo tanto a iniciativa privada e contemplamos con mágoa que realmente Vigo coma cidade acaba pagando estrictamente as consecuencias de decisións políticas que nós entendemos que son profundamente erradas.

Vigo ten todo o dereito e coido que esta Corporación ten o estricto deber político de reclamar tanto do Ministerio de Fomento coma da Consellería de Obras Públicas, é dicir, dos outros niveis da administración, que non se pode abandonar á cidade motor de Galicia, á cidade a quen o emprego está facendo que se densifique dun xeito extraordinario, e ese é un dos nosos dramas do novo documento que estamos a discutir do Plan Xeral de Ordenación Urbana, e que ó mesmo tempo se ignore olímpicamente que esas grandes infraestruturas hainas que acometer coma en todas as grandes cidades. As cidades prestan un servizo á comunidade que excede do propio termo municipal, esa é unha evidencia que todos coñecemos e insistir nela é pura redundancia, pero obviamente a súa representación política ten a obriga de lembrar estas obviedades.

O feito é que esta mostra que trae hoxe aquí o BNG e fainos reflexionar a todos os membros da Corporación sobre a anovación dun convenio que presupón fundamentalmente unha traxectoria e unha dirección de colaboración política entre as administracións, política e tamén de carácter administrativo e

fáctico, que se esqueza e que esa subvención ou fondos que ian ser destinados aquí a cuestións de infraestructuras graves, poidéranse dispersar noutros ámbitos xeográficos tamén necesitados pero que indiscutiblemente en Vigo son absolutamente prioritarios porque non afectan só ós que vivimos en Vigo, senón tamén a toda a expectativa de emprego que se vai facer en Vigo.

Naturalmente a nós sorpréndenos que se prolongue tanto e que ademais se desfalleza ata o extremo de que hoxe viva practicamente queda unha obra e que aínda lle queda bastante por facer que é o arranxo da estrada vella de Madrid e que se rematara a rotonda de Saiáns, pero que sobre todas as outras obras nin se anoven novos proxectos, nin se liciten, nin estean en funcionamento.

Este Concelleiro na súa breve etapa de responsable da Concellería de Vías e Obras tiña tratado tamén este asunto para lle dar présa á Administración autonómica, con técnicos deste Concello absolutamente dedicados a dárlle cima á formulación concreta deste convenio e contemplamos hoxe con mágoa que tampouco está tendo máis éxito o sector da Corporación que agora dirixe a política municipal e que neste caso nos pon de manifesto que, se isto non funcionou exactamente ben cun Goberno do BNG, que tampouco cun Goberno de coalición BNG-Partido Socialista e que agora tampouco funciona cun Goberno monocolor do Partido Popular, é incuestionablemente un asunto político que nos debe preocupar a todos nós. Moitas gracias.

SR. SOTO FERREIRO: Con enorme brevidade para dicir que estou totalmente de acordo coa moción do Sr. Pérez Castrillo e tamén coas verbas do Sr. Barros na medida en que fala dunha discriminación que os vigueses sentimos en carne propia de xeito permanente.

Non é menos certo que ata agora as xestións (haino que recoñecer así porque así son as cousas nos gusten ou non) que en xeral fixo a Sra. Alcadesa e o Goberno do Partido Popular con outras administracións están a ter froitos positivos e iso haino que recoñecer en moitos campos, pero neste aínda non. Eu quero sulíñalo porque ó mellor non lle demos tempo suficiente, é certo que levan pouco tempo no Goberno e polo tanto que ó mellor non poideron materializar éxitos de negociacións en todos os campos.

Ata aí coma lección pendente pode ser, pero a lección está pendente; no tema de infraestructuras a discriminación de Vigo é gravísima por parte da Xunta e do Ministerio de Fomento e polo tanto me engado ás palabras dos

meus compañeiros para reivindicar unha actuación decidida da Sra. Alcaldesa e do seu Goberno diante da Xunta de Galicia neste caso concreto, para recibírmolos o financiamento en xeito de obras concretas das infraestruturas que se citan e dalgunhas outras que están por facer e falaremos diso nun próximo futuro. Gracias.

SR. IGLESIAS CARRERA: Aquí falouse de varias cousas, dun convenio que existe, se non me esquezo, dende xuño do ano 2000 e que era ata o 2003. Tamén acaba de dicir o Sr. Barros que semella que a Xunta de Galicia se esquece de Vigo; pois eu penso que non.

Primeiro vou referirme ás verbas do Sr. Pérez Castrillo porque a min daquela tocoume prestar o lugar onde o Director Xeral de Obras Públicas e D. Amador Fernández tiveron unha serie de xuntanzas para falar da marcha do convenio que tiña unha serie de problemas. Todos sabemos que esta cidade tan querida por nós e por outro lado tan mal feita dende que naceu, con moitas belezas no contorno pero con moitos problemas no interior, ten moitas dificultades no sistema viario.

Había moitos problemas nese convenio que ía financiar a Consellería, como vostede ben sabe. O Concello de Vigo tiña que poñer os terreos a disposición, facer os proxectos e posteriormente supervisalos a Consellería. Isto non se puido levar a piques totalmente porque houbo unha serie de problemas, todos sabemos o que son os problemas das expropiacións e a elaboración dos proxectos. Eu diría que se retrasou a posta a disposición dos terreos, os proxectos, a supervisión non foi a necesaria e mentres se engadiron outros viais coma a rotonda de Saiáns, a instancias de quen lle fala, e tamén por suposto que se rescatou un vello proxecto da vella estrada de Madrid dende o Seminario ata a nova autovía.

Por outra banda, a elaboración do Plan Xeral actual levou a eliminar unha serie de viais como Seminario-Corredoira, unha parte del semella que vai formar parte da Ronda e por outro lado o Camiño de Riobó.

Resumindo, a realidade é que logo de falar co Director Xeral de Obras Públicas o 16 de xaneiro último, explíqueille nunha minuta á Sra. Alcaldesa (que non tiña por qué saber todo isto) o que acaecera e propoñíalle unha nova minuta dun novo convenio para renovar que está pendente de falar; inclúe, por suposto, a rúa Pedro Alvarado, a rúa Maceiras pola que non se pode transitar (é un auténtico perigo, recoméndolles que non vaian por alá), a ponte do Pontillón, Severino Cobas, Manuel Álvarez e a rúa

Gandarón. Coido que o convenio se vai renovar porque está claro que o convenio se ten que asinar de novo.

Por outra banda quéroille contestar ó Sr. Barros que non penso que a Xunta esquecera os proxectos para Vigo, pero sigo dicindo que Vigo é unha cidade que non é fácil e todos o sabemos. Á parte de que España ten sona de envidiosa, seríamos hipócritas non o recoñecendo. A min gustáme moito falar de viais porque a carencia que ten Vigo é precisamente de viais e de arterias verdaderamente boas. A Sra. Méndez sabe que as arterias son verdadeiramente importante para que os órganos funcionen.

Entón agora estamos a falar dos alicerces. A Xunta de Galicia investiu moitos cartos no campo da circunvalación que significa toda a autopista dende Puxeiros ata o Val Miñor. A Xunta de Galicia, concretamente a Consellería de Política Territorial construiu o vial Castrelos-Universidade que coido que se esquece moito, este é un vial que a min non me gusta moito porque, como é Vigo, é un vial feito nun outeiro pero non debemos esquecer que antes os alumnos ian á Universidade (antes era o CUVI) pola avenida de Madrid, que tampouco me gusta moito.

A Consellería de Política Territorial fixo a baixada a Rios e eu invito a aqueles que non a coñezan que vaian por Teis e que vexan a antiga baixada a Rios e a actual, ¿Qué non é a mellor? Por suposto que non o é pero se investíu en Vigo e con moitas dificultades para acadar os terreos.

A Consellería de Política Territorial fixo rotondas onde está Citroën, na comarcal 550, fixo a rotonda da Xurela, mellorou o vial entre Lagares e Coruxo. Coido que vostedes se poden lembrar que antes non existían beirarrúas, os carros aparcaban onde tiñan que ir os peóns e estes andaban por onde tiñan que ir os carros.

Ensanchouse a ponte do Lagares e por parte do Instituto Galego da Vivenda e o Solo teño que falar de Coia onde se investiron máis de 1.500 millóns de pesetas para a mellora das vivendas do antigo polígono de Coia, tanto nas pinturas das fachadas, como nas melloras das cubertas.

Fixéronse melloras de barrios verdadeiramente de nivel económico inferior como poden ser: Canicouba, O Gorxal, A Salgueira, que tamén son de Vigo.

Coido que sería tremendamente inxusto falar de que a Consellería de Política Territorial esqueceuse de Vigo, o que pasa é que investir en Vigo en obras públicas é moi difícil e por iso eu son un obseso de abrir viais antes de facer órganos porque senón calquera día non poderemos saír das nosas casas.

Isto vai tamén co que falou do transporte. Se estamos a falar da área metropolitana indubidablemente temos que ter bos viais para nos poder comunicar entre uns pobos e outros. Nada máis, moitas gracias.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Sr. Iglesias, nada máis lonxe da miña intención que facer unha valoración da actuación da Consellería de Política Territorial en Vigo porque iso cumpriría outro debate máis extenso. Non é motivo desta moción.

Tampouco é motivo desta moción pero vostede si o manifestou e eu non teño ningún inconveniente en recoñecer, porque foron protagonistas dúas administracións, que se traballou ben. Este convenio é un modelo de traballo conxunto entre a Consellería de Política Territorial e o Concello de Vigo porque dende un principio se traballou ben, creouse unha Comisión técnica da que vostede foi un dos protagonistas, tal e como o Sr. Fernández por parte do Concello, tamén o Sr. Rivas por parte do Concello e cada vez que había un problema se buscaba unha solución e buscábase viabilizar ese investimento na cidade que coido que é como se acadan investimentos para a cidade, non só os hai que reivindicar, senón que unha vez que haxa un compromiso tentar executalo.

Ben, pois iso fixémolo e ademais é que deu os seus froitos pero o que propoño na moción é que eses froitos de traballo conxunto non caian no baleiro por desidia de calquera das partes, ou cando menos que non sexa responsable o Concello de que non se executen determinadas obras, ou que se deceleren. Cónstame que non ten por qué seren así precisamente porque vostede coñece tanto coma min as actuacións das que estou falando.

En todo caso si dicir que o Concello nestes momentos fixo todos os deberes: todo o que se refire á redacción de proxectos que nos competía, a orientación de proxectos que tiña que facer a Consellería de Política Territorial tamén o fixemos; en canto á consecución de terreos, hai terreos postos a disposición para executar a totalidade de determinados viais.

Polo tanto cómpre en primeiro lugar darlle un empuxón á Consellería de Política Territorial para que remate eses dous viais que están en marcha, coma é a estrada vella de Madrid, e cómpre en segundo lugar dicirlle á Consellería de Política Territorial que non se durman porque hai aquí uns terreos en Teis postos a disposición para un vial moi importante nun barrio que precisamente ten problemas de tráfico e de comunicabilidade grave -

gravísimos, diría eu- e polo tanto liciten canto antes as obras da rúa Pedro Alvarado.

Hai proxectos en tramitación por parte da Xunta de Galicia coma a estrada de Madrid e Ramón Nieto, en tramitación e hai que facer un seguemento por parte do Concello para que esa tramitación vaia acelerada.

Hai proxectos coma a nova ponte sobre o río Lagares e tamén falla sinxelamente o inicio do expediente de contratación por parte da Consellería de Política Territorial. Hai que lles dar un empuxón dicíndolles que liciten dunha vez e se non teñen cartos búsqenos de onde sexa porque había un compromiso dende hai 3 anos de que había unha serie de cartos para Vigo e se teñen que gastar en Vigo e en ningún outro lugar. O mesmo pasa coa rúa Gandarón, ou coa rúa Severino Cobas das que están pendentes de aprobación os proxectos por parte da Xunta de Galicia.

Con isto quero dicir que sería conveniente requirir á CPTOPV para que se reunira a Comisión mixta para que avaliara o estado de tramitación de cada proxecto, que licitara dunha vez os que ten que licitar, que explicara as causas polas que a estrada vella de Madrid, se vai este ritmo ó que vai agora, seguramente se nos vai ir a final de ano cando non era ese o tempo cronolóxico porque o climatolóxico é o mellor para facer obras e por tanto que aceleren.

Ademais, xa que se estivo falando na Comisión mixta durante estes anos dunha serie de infraestructuras viarias necesarias, acordadas por ambas administracións, que se programen á beira dun novo convenio pero que eses 3.500 millóns de pesetas que se acadaron para Vigo e non me cae ningún anel dicir que cunha receptividade absoluta do anterior titular da Consellería de Política Territorial, que non se nos escapen.

Se o Concello fixo os deberes, compriría que agora lle dixeramos á Xunta de Galicia que faga os seus. Coido que lle debemos dar un empuxón ó convenio, renovalo e requirir da Xunta de Galicia esa premura. Daí a proposta de resolución.

Cando se fala de investimentos na cidade de Vigo tamén hai que buscar non só compromisos formais, fotografías ou documentos, senón hai que establecer unha relación coas administracións que permita que eses compromisos se efectivicen. Prefiro que ninguén se faga unha foto asinando o convenio pero que ó final os cartos acordados nun traballo meticoloso como fixemos durante estes anos e do que vostede tamén foi protagonista, se leve a piques e se anuncien os investimentos case logo dos facer. Coido que iso

sería moito mellor para a cidade porque sería a demostración dese traballo calado que moitas veces temos que facer os representantes das administracións.

Ese é o obxectivo da nosa moción e pensen vostedes que vai no sentido máis constructivo posible. Trátase de continuar un traballo de colaboración coa Consellería de Política Territorial que cando menos, no que se refire a este convenio, deu froitos para min exitosos pero que necesitan continuar.

SRA. ALCALDESA: Esas conversas existen e precisamente porque non queremos fotos senón realidades, estamos a traballar nestes dous meses de xeito coordinado coa Consellería para facer realidade un convenio que se fará en breve.

(No momento da votación está ausente o Sr. Domínguez Olveira).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Coporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo Voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Pérez Castrillo, sobre anovación do convenio de colaboración coa CPTOPV para a realización de infraestruturas viais, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

29.- (66).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPOÑENDO Á ADMINISTRACIÓN HIDRÁULICA DE GALICIA O AUMENTO DO CAUDAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 11 de febreiro de 2004, o concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

"O Concello de Vigo é titular dunha concesión outorgada por Orde Ministerial do 31 de xullo de 1962 ó Concello de Vigo para abastecemento de auga á cidade.

Con data 11 de xullo de 2001 o Concello de Vigo presenta alegacións ó Plan Sectorial Hidroeléctrico das concas hidrográficas de Galicia-Costa tanto do termo municipal de Vigo para os ríos Lagares e Zamáns, como dos Concellos

de Fornelos de Montes, Ponte Caldelas e Soutomaior, para o río Oitavén, no que se manifesta: *"Tendo en conta que o uso prioritario da auga é o abastecemento desta á poboación, parece necesario que se incluan no Plan Sectorial as determinacións necesarias para garantir o uso de abastecemento de auga a Vigo no tramo augas arriba da Presa de Eiras, de xeito que a regulación desta, xa escasa, non se poida ver afectada de ningún modo por calquera aproveitamento hidroeléctrico"*.

Non tendo constancia de que o PSH asegure o abastecemento futuro da auga de abastecemento ó Concello de Vigo tal como se contempla no avance do Plan Director de Abastecemento actualmente en fase de proxecto, propoño ó Pleno o seguinte acordo:

Solicitar unha nova concesión de subministro de auga de abastecemento ó Concello de Vigo dun mínimo de 3 m³/sg."

A comisión informativa de Servicios Xerais, en sesión do 18 de marzo de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: O fin que persegue esta moción é dalgún xeito continuar as propostas que ó longo do tempo dende o Concello e como argumentación ó Plan de Augas de Galicia fixo o Goberno anterior.

O Concello de Vigo ten que garantir de xeito claro que un ben coma é a auga sexa suficiente aínda que as climatoloxías nos poidan facer algunha xogada coma é neste ano que semella que, de seguer así, imos ter problemas de abastecemento porque non está a chover.

Entón, aínda que se pedira e aínda non tendo constancia oficial de que o Plan Sectorial Hidroeléctrico lle concedera a Vigo a garantía de futuro de subministración de auga, fago esta proposta porque facéndoa dende o Pleno ten consistencia para que o Concello poida facer xa a tramitación de xeito definitivo.

Nós temos unha dependencia total da conca Oitavén-Verdugo para poder garantir unha subministración de auga que ademais é excelente pero que, logo de 42 anos que pasaron dende que temos esta concesión, coido que vai sendo o momento de que se aumente a petición desta nova concesión que fago. Fago unha proposta bastante clara: que Vigo, sendo a cabeceira dunha área metropolitana está tamén soportando coa súa infraestrutura a subministración de auga tanto a Fornelos de Montes, coma a Redondela, O Morrazo, Nigrán, e vai seguer sendo así.

Coido que o traballo que se fixo para mellorar a infraestrutura de saneamento e abastecemento da cidade de Vigo quedaría totalmente contemplado se esta concesión que eu lles propoño se acadase. Coido que non

hai inconveniente en acadar que se nos faga e por iso, aínda que xa fixemos a petición no ano 2002 e non habendo esa constancia coma lles dicía, fago de novo esa petición para iniciar o expediente claro.

Esta é a proposta que quero facer: solicitar unha nova concesión de subministración e abastecemento de auga a Vigo cun mínimo de 3m³/segundo, ou máis ben e utilizando o termo que usan eles: 3.000 litros/segundo. Dende o ano 62 e nestes momentos temos unha concesión de 1.000 e dado que o consumo real da cidade ronda os 1.500 litros nos meses de máis consumo, coido que ben fai falla polo menos ter garantía de dobre caudal.

Por iso coido que é unha petición que ten a virtude de nos adiantar no tempo posto que a administración, cando se fixo a primeira solicitude de concesión tardou 8 anos en concedela, agora é un pouquiño máis áxil pero de todas a todas precísase o tempo para poder implantar un novo encoro ou o que se considere axeitado por parte dos técnicos, chámese túnel ou o que se contempla no avance do Plan estratéxico de subministración para que nos dea tempo a nos asegurar do abastecemento á nosa cidade e á área da que somos cabeceira.

SR. SOTO FERREIRO: Con enorme brevidade. Eu na Corporación pasada e no nome do meu partido presentei unha moción na que falaba de dúas cousas: do saneamento e do abastecemento. No campo do abastecemento voltei avisar unha intervención que ó pouco de deixar de seren alcalde faláramos coa Xunta de Galicia e en visos de seren realizada daquela e que logo as Corporacións seguintes, non sei por qué razóns, non remataron.

A única posibilidade real de lle garantir no futuro á área metropolitana de Vigo un abastecemento sen problemas e sen horizontes preocupantes, os estudos dos técnicos así o demostraron no seu día, está no posible trasvase do Verdugo-Oitavén, obra modesta porque sería -falo de memoria- un túnel de 4 quilómetros e polo tanto a estes niveis e neste tipo de obras sería unha obra relativamente modesta porque logo unha obra de abastecemento ten sempre unha carestía evidente.

Dicir en todo caso por se alguén tivera medos infundados que o Verdugo lanza ó mar un excedente moi superior ó que se podería acadar con ese trasvase e polo tanto non había ningún tipo de problema en afectacións digamos que de índole ecolóxica ou de medio ambiente.

Polo tanto eu engádome de verdade alborozado á proposta do Sr. Fernández e ademais pedindo que se garanta o futuro da área metropolitana nun tema tan fundamental coma é o abastecemento de auga.

Encarézolle unha xestión ó Sr. Concelleiro-delegado e á Sra. Alcaldesa para resolver ese futuro, non só que se faga unha concesión que iso está moi ben pero que se lle poñan horizontes para as obras que a garantan. Digo horizontes, non digo que se faga mañá, non fago proposicións para facer fume pero que si se estableza un plan concreto en base ás proposicións do Sr. Fernández que nós apoiamos.

SR. BARROS PUENTE: Realmente o pretexto desta petición que fai o voceiro do BNG lémbra-nos a nós que en todo caso esta Corporación debe persistir en bloque na persecución deste obxectivo.

Non retrasar de ningún xeito a elaboración do Plan Director da Auga que entendemos é un documento substancial e importantísimo.

Por outra banda nos temas de infraestruturas nos que se vai vendo que hai unha unanimidade na Corporación, cremos tamén que importa moitísimo chamar a atención neste sentido da garantía do caudal dos 3 m³/segundo ó que se refería o Sr. Fernández. Como naturalmente o feito de que isto sexa un acordo plenario dalle unha énfase, unha validez e posibilidade de xestión administrativa moito máis importante, nós estamos de acordo nesta moción e sobre todo en que non se abandonen de ningún modo os traballos sobre o Plan Director da Auga porque nos parece un documento fundamentalísimo para completar os traballos de previsión de necesidades dun próximo futuro. Gracias.

SR. IGLESIAS CARRERA: Sr. Fernández, coido que foi vostede quen o pediu e por iso xa coñece que existe un anteproxecto de facer ese abastecemento de auga que contempla un encoro augas enriba do Oitavén e ten unha valoración de 50.000 millóns de pesetas.

Eu sei que cando o Director Xeral de Obras Públicas levaba as obras hidráulicas da Xunta pensaba no proxecto do trasvase do Verdugo, coma falou o Sr. Soto, ó Oitavén porque sería posiblemente o máis barato.

En todo caso é un tema no que xa están traballando porque son conscientes de que esta zona é a que máis medra demograficamente e que esta Mancomunidade dentro de pouco se vai quedar moi curta. Agora estase a facer o cinto perimetral, vanse meter 20.000 persoas no PAU de Navia e está o

Parque tecnolóxico. Indubidablemente a Xunta é moi consciente da necesidade de reforzar o abastecemento para Vigo. Gracias.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Domínguez Olveira e López-Chaves Castro e a Sra. Fernández Davila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, sobre nova concesión do subministro de auga ó Concello de Vigo co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

30.- (67).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE DEMISIÓN DO ALCALDE DE TOQUES E RECTIFICACIÓN PÚBLICA DO PRESIDENTE DA XUNTA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 11 de febreiro de 2004, as concelleiras do Grupo Municipal do BNG, Sras. Fernández Davila, Martíns Vilanova e Méndez Piñeiro, formulan a seguinte moción:

"A violencia sexual, nas súas múltiples formas, é unha lacra social e política que sofren as mulleres, que ten a súa orixe nun sistema de relacións sociais, políticas e económicas desiguais e inxustas que discriminan, marxinan e agreden ás mulleres e que xustifica que haxa homes que se crean no dereito de utilizar, abusar, violentar e mesmo asasinar a mulleres.

Esta situación é aínda máis grave e alarmante cando o delinciente é un cargo público ó fronte dun Concello, condenado por abusos sexuais a unha menor que contou coa complicidade do seu partido e mesmo do Presidente do Goberno Galego.

Nungún delito de violencia ou agresión sexual é un problema menor. A violencia de xénero é un problema de Estado, non unha menudencia. Son cargos públicos como o Presidente da Xunta os que non están á altura das circunstancias e coas súas declaracións e posicións públicas ofenden e denigran á totalidade das mulleres, desprestixian ás institucións que representan e dan cobertura ós agresores.

Todo isto é unha boa mostra de que iniciativas e medidas que se lanzan dende gobernos do PP son papel mollado e mera propaganda, cando en nada mudan as actitudes e posicións públicas dos seus responsables.

En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1.- Por responsabilidade e dignidade política esiximos a demisión do Alcalde de Toques e a rectificación pública do Presidente da Xunta.

2.- Enviar o presente acordo ó Concello de Toques e á Presidencia da Xunta de Galiza."

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do día 16 de febreiro de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. FERNÁNDEZ DAVILA: Na exposición de motivos que sustenta esta moción dicimos que a violencia sexual nas súas múltiples formas é unha lacra social e política que sofren as mulleres, que ten a súa orixe nun sistema de relacións sociais, políticas e económicas desiguais e inxustas que discriminan, marxinan e agreden ás mulleres e que xustifica que haxa homes que se crean no dereito de utilizar, abusar, violentar e mesmo asasinar ás mulleres.

Partindo da base de que efectivamente esta é unha lacra social, un grandísimo problema que temos na nosa sociedade, dende logo os poderes públicos, as institucións teñen que ser os primeiros que teñen que facer as políticas axeitadas para superar esta situación, rematar con esta lacra social e facer que xamais haxa a violencia de xénero e a violencia sexual. Polo tanto nos alarma, non porque descoñezamos que existen estas prácticas, senón que dende os poderes públicos, dende as institucións, cargos públicos e polo tanto institucionais, sexan aqueles que estean a cometer o delicto. Polo tanto nos alarma aínda moitísimo máis, unha vez que estes delitos teñen unha sentenza de condena por parte do Poder Xudicial, as declaracións doutro cargo institucional, neste caso dun goberno, como foron as declaracións do Presidente da Xunta de Galicia.

Entendemos que se o delicto cometido por calquera home da nosa sociedade é un delicto grave, cometido por un cargo institucional, por un cargo público que ten que estar nas institucións para superar eses problemas que crean que o delicto exista, é moitísimo máis grave.

Polo tanto entendemos que non se poden facer as declaracións que fixo Manuel Fraga e moitísimo menos pódese manter a un alcalde que foi condenado por facer un delicto destas características.

Presentamos esta moción porque cremos que é hora xa de mostrar que efectivamente dende as institucións existe realmente a convicción de que a violencia de xénero, a violencia sexual é un problema o suficientemente grave como para non deixar nada que posibilite que isto poida acaecer.

Dende logo non é en absoluto entendible e moitísimo menos aceptable que, repito de novo, sexa dende un cargo público, dende un cargo institucional, dende o poder da Alcaldía, facendo polo tanto unha mostra increíble de abuso de poder, de abuso do cargo que ostenta, un delito das características que acabamos de falar.

Por iso presentamos a moción, porque entendemos que, efectivamente, por responsabilidade das institucións e pola dignidade política das mesmas debemos esixir a dimisión do alcalde de Toques e a rectificación pública do Presidente da Xunta de Galicia.

A respecto da rectificación pública do Presidente da Xunta de Galicia e dado que por un acordo tamén plenario do Parlamento de Galicia a destempo, xa que a destempo foi ter que o facer xa que xamais debeu facer aquelas declaracións, pero logo deste acordo plenario do Parlamento de Galicia, Manuel Fraga pediu e rectificou publicamente as súas declaracións, entendemos que está consumado o que nós pretendemos pero efectivamente seguemos a manifestar o noso rexeitamento a este tipo de declaracións e, por suposto, o noso rexeitamento deste tipo de delitos.

O segundo punto é que nos parece importante que logo de que este Pleno aprobe a moción que presentamos se envíe o acordo ó Concello de Toques e tamén á Presidencia da Xunta de Galicia. Gracias.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Quero dicir que de calquera xeito o noso Partido está totalmente de acordo coa exposición que fixo vostede.

Hai unha cousa clara: coido que aquí o que hai é que xulgar ás persoas e non ós partidos. Entón coido que sexa do Partido que sexa, do noso ou do de vostedes, pero a calquera que teña un acto desta índole haino que expulsar. Tamén quero felicitar publicamente a D^a Pilar Rojo porque foi a primeira, o primeiro cargo público que dixo que as declaracións do Presidente foran bastante desafortunadas e así mesmo a Rajoy que tamén dixo que o alcalde de Toques tiña que dimitir inmediatamente.

Coido que ninguén dos aquí presentes estean de acordo con ese tipo de feitos, sexa do partido que sexa porque ó mellor se foran doutro partido

non terían tanta énfase. Coido que é igual que sexan dun ou doutro partido, ninguén ten que facer este tipo de actos, está clarísimo. Gracias.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: As declaracións do Presidente da Xunta de Galicia que foron rectificadas en parte, como facía referencia a voceira do BNG, foron só rectificadas así, en parte, coido que no sentido de que, en opinión do Sr. Fraga, un delito de abusos sexuais perpetrados contra unha menor era unha miudeza. En troques non rectificou a súa comparación entre o acontecido en Toques e o amor libre, o aborto e as parellas de feito coma razóns ou argumentos a prol de amparar o feito por un alcalde do Partido Popular no Concello de Toques.

De todos os xeitos entendo que para unha personalidade política coma a do Sr. Fraga a rectificación feita xa lle debeu custar o suficiente coma para que sexamos tamén o suficientemente comprensivos e comprensivas e démolo por bo.

Si queredría dicir a opinión do meu Grupo neste sentido de que case se pode considerar un feito histórico que Manuel Fraga faga unha rectificación deste tipo, pero tamén me gustaría dicir que non é mérito de ningún partido político que isto sexa así, nin do Partido Popular, nin do BNG, nin do Partido Socialista, nin de Democracia Progresista Galega; é mérito das organizacións de mulleres de Galicia que fixeron disto unha cuestión de principios que tivo unha transcendencia e unha relevancia o suficientemente importante como para que, supoño que en campaña electoral, o Presidente da Xunta se decatase da importancia que tiña o seu erro.

Polo tanto, dito isto, entendendo que ven un pouco fóra de tempo a moción pero que sempre é conveniente este tipo de debates, por nós a explicación do Sr. Fraga pode pasar.

Non temos excesivamente claro que sexa competencia do noso Concello, da nosa Corporación intervir nas decisións doutra Corporación como é o caso de Toques pero como entendemos perfectamente o espírito do que esta moción pretende, a el engadímonos sabendo que non é competencia dun Concello dicir coma se xestionan ou fan as decisións políticas noutro.

Polo tanto, Sras. Fernández Davila, Martíns Vilanova e Méndez Piñeiro, que son as asinantes desta moción, dicirlles que por suposto que o noso Grupo está a favor da súa iniciativa e coido que queda perfectamente reflectido coa miña intervención.

SRA. MOLARES PÉREZ: Dende o Grupo Popular queremos puntualizar a postura dos homes e mulleres do noso partido e condenar de xeito absoluto os abusos sexuais e a violencia de xénero.

Por tanto e aínda que compartimos a voceira do Grupo Socialista que dende o Concello de Vigo non temos competencias para esixir a responsabilidade política doutro Concello, engadímonos e imos votar a favor da responsabilidade e dignidade políticas e esiximos a demisión do alcalde de Toques.

SRA. FERNÁNDEZ DAVILA: A respecto disto último e da capacidade ou potestade que teña esta Corporación municipal para esixir a demisión dun alcalde que preside outra Corporación, efectivamente nós non temos a capacidade de efectivizar a demisión dun alcalde doutra Corporación pero coido que si coma institución que temos que velar para que os dereitos das persoas sexan respectados e neste caso ademais estes dereitos, no que respecta á solicitude nosa de demisión do alcalde de Toques, non só non foron respectados, senón que foron violentados por parte deste cargo institucional, cargo político, presidente dunha Corporación municipal, coido que, efectivamente, sen ter esa capacidade de demitir ó alcalde neste caso de Toques, si a debemos ter coma institución.

Igual que as asociacións de mulleres clamaron na rúa, clamar tamén nesta institución para que efectivamente ese tipo de persoas non poidan estar ó fronte das Corporacións municipais. Coido que esta institución ten o deber moral do facer e por iso entendemos que esta moción está perfectamente presentada no Concello de Vigo.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: É una incógnita a que se nos abre diante da afirmación da Sra. Molares que nos semella perfecto que se engadan a esta moción pero, así como dende o Concello efectivamente podemos só manifestar unha vontade, vostede, coma voceira do Grupo Popular, que é como presenta a Presidenta da Sesión ós membros do Goberno: coma voceiros do Partido Popular, supoño que se podería comprometer a dar tamén un paso máis xa que estamos facendo non só declaracións de intencións, senón tentando facer algo que transforme un xeito de actuar que vai en contra absolutamente diso que vostedes din defender; sería moi de agradecer.

SRA. MOLARES PÉREZ: O paso a máis témolo que dar cas actuacións que poidamos levar a piques dende o ámbito municipal. Coma responsable da Concellería da Muller dende logo que todas as actuacións que poidamos efectuar en colaboración con outras administracións e Concellos de cara a acadar que se erradiquen da vida pública e da sociedade tanto a violencia como os abusos sexuais, por suposto que daremos un paso adiante. Moitas gracias.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Estamos totalmente de acordo co que falaron as Sras. Porteiro, Fernández e Molares pero coido que aquí hai unha persoa de todo esquecida, é a rapaza que si tivo valor de denunciar os feitos sabendo que era o propio alcalde o que lle estaba metendo man, falando así de claro. Realmente a grande persoa á que hai que aplaudir aquí é a rapaza. Moitas gracias.

SRA. ALCALDESA: Entendendo o espírito da súa moción e nese sentido votámola, Sra. Fernández.

(No momento da votación está ausente o Sr. Domínguez Olveira).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polas concelleiras do Grupo Municipal do BNG, Sras. Fernández Davila, Martíns Vilanova e Méndez Piñeiro, sobre esixir a demisión do alcalde de Toques, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

31.- (68).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE DOTACIÓN DE MÁIS PRAZAS DE APARCADOIRO PÚBLICO NA CIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 12 de febreiro de 2004, o voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Pérez Castrillo, formula a seguinte moción:

"O 29 de outubro de 2001 asinouse o "Convenio para a construción e explotación de aparcadoiros na cidade de Vigo" entre o Concello e o Consorcio da Zona Franca, polo cal construíriáanse tres aparcadoiros sotárregos en diversas zonas da cidade: rúa Areal, rúa Jenaro de la Fuente e PERI Hispanidade; resultando un total de 1.434 novas prazas de aparcadoiro público en zonas de forte demanda do mesmo: Areal-Montero Ríos-Praza de Compostela, inmediacións da zona peonil do Calvario e inmediacións de Povisa-Gran Vía.

O dito convenio recorriuse por empresas privadas de aparcadoiros polo considerar lesivo para os seus intereses. Co fin de evitar maiores problemas e obrando con meritoria prudencia, tanto o Consorcio como o Concello resolveron non executar o convenio e buscar unha mellor forma de aunar a súa común vontade de traballar polo desenvolvemento da cidade en materia de aparcadoiros.

Pero o tempo vai pasando e a inicial prudencia corre o perigo de se converter nun exemplo de desinterese, indecisión ou incapacidade de xestión que paralice unha boa iniciativa como é a de dotar á cidade de máis prazas de aparcadoiro público, que permitan a accesibilidade a zonas de interese comercial, de ocio, esparcemento ou de servizos, como son as áreas de influencia dos aparcadoiros propostos no inicial convenio.

Cómpre tomar unha resolución ó respecto que desbloquee o asunto: en primeiro lugar denunciando de mutuo acordo o convenio citado e de seguido buscando, ou ben unha nova fórmula de colaboración entre ámbalas dúas institucións que salve os problemas actuais, ou ben sacando a concurso público os ditos aparcadoiros para ser acometidos de inmediato.

O que resulta inadmisibile é non facer nada, mentres a presión do tráfico sobre as zonas de Area-Praza de Compostela e O Calvario, nomeadamente, está a provocar problemas graves como dobre fileira, problemas no comercio, densidade excesiva do tráfico, etc.

Polo anteriormente exposto, sometemos á toma en consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte resolución:

1.- Que o Goberno municipal asuma entre as súas prioridades a dotación de inmediato de máis prazas de aparcadoiro público na cidade e, sen prexuízo dunha planificación a máis prazo no marco do PXOM, priorice a execución dos aparcadoiros xa programados no convenio coa Zona Franca.

2.- Que se propoña ó Consorcio da Zona Franca a resolución por mutuo acordo do "Convenio para a construción e explotación de aparcadoiros na cidade de Vigo" e se explore conxuntamente outra forma xurídica que permita a colaboración entre ámbalas dúas institucións neste obxectivo. De non se atopar ningunha no prazo dun mes, o Goberno municipal iniciará expediente de adxudicación da construción e explotación dos novos aparcadoiros de Jenaro de la Fuente, Areal e Hispanidade, pola vía do concurso."

DEBATE.- SR. PÉREZ CASTRILLO: Trátase da construción de máis prazas de aparcadoiros públicos na cidade de Vigo das que somos a todas luces deficitarios.

Hai dous anos asinouse un convenio entre o Concello e a Zona Franca polo que case 1.500 prazas de aparcadoiros públicos ian seren construídas en tres zonas da cidade. Houbo un recurso dos aparcadoiros privados entendendo que había unha certa competencia desleal neste acordo entre as dúas administracións. Tamén nun dos aparcadoiros o Consello Superior de Urbanismo estimou que a súa situación era errónea pero iso é fácil de resolver.

En todo caso nós propoñemos resolver o asunto como mellor proceda dende o punto de vista xurídico pero tendo en conta que Vigo precisa prazas de aparcadoiros subterráneos. Nos últimos anos fixéronse algúns aparcadoiros subterráneos pero é evidente que se precisan máis xa que son bós para calquera política de tráfico.

Hoxe estivemos falando do transporte público, hai unha campaña sobre a dobre fila en marcha, a disciplina no tráfico é importante, a potenciación do transporte público é importante pero evidentemente que tamén o é outra medida complementaria como é a construción de prazas de aparcadoiros subterráneos que ademais permite humanizacións e peonalizacións nas cidades.

Por iso, presentándonos ese obxectivo, pedimos fundamentalmente, á parte de que haxa unha prioridade entre as que ten o Goberno municipal de se fixar a consecución de novas prazas de aparcadoiros públicos nun inmediato futuro, tamén propoñemos que ou ben reformulamos o acordo con Zona Franca dalgún xeito que teña viabilidade xuridicamente, ou ben saquemos a concurso público esas zonas onde necesariamente ten que haber máis prazas de aparcadoiros

Estamos a falar de zonas coma a do Calvario onde a peonalización e humanización de todo Urzáiz require un complemento como prazas de aparcadoiros públicos xa que hai unha presión do tráfico sobre os viais alternativos importante e hai unha presión de aparcadoiro para as persoas que van pasear ou facer compras na zona peonalizada que é necesario dar unha alternativa no inmediato. Estamos falando de zonas perto dun hospital como é o de Povisa onde si sería conveniente unha nova oferta de prazas públicas. Estamos falando da zona do Areal que hoxe esa zona, Montero Rios-Areal, se está convertindo, como esperamos que pase con toda a zona de beiramar, nunha zona de lecer, de paseo e nestes momentos xa os aparcadoiros tanto de Rosalía Castro, como o da Estrela están colmatados a maior parte das veces.

Polo tanto son zonas nas que é necesaria unha oferta pública de prazas e unha de dúas, ou resolvémolo coa Zona Franca que dende o noso punto de vista sería interesante toda vez que comprometeríamos investimento público xerado da cidade para unha actuación urbana importante, ou ben se iso non é posible, saquémosla a un concurso público.

SR. SOTO FERREIRO: A verdade é que aquela frase de Confucio de "sentarse a esperar" non é o caso felizmente, non se trata de esperar a ver cadáveres, pero a ver como os outros partidos rectifican e rectifican, si. A min dóeme a boca, créanme, de dicir que eu xa o dicía e non me fixeron caso porque xusto no seu día eu dixen o que estaba dicindo o Sr. Pérez Castrillo.

Dígolle de novo a todos os Corporativos que non se pode adxudicar directamente a Zona Franca porque non ten a consideración de ente público e polo tanto non se pode facer a adxudicación directa, sería un fraude de lei, mellor dito e como dixen no seu día sería unha ilegalidade flagrante. Tamén dixen no seu día que a min non me importaría, gustaríame, é dicir, non é que eu estea en contra desa fórmula pero é que legalmente non se pode adxudicar a dedo a Zona Franca. Polo tanto hai que facer un concurso público e outras cousas que si poden influir en que ó mellor vaia Zona Franca; digo dentro da lexislación vixente.

Igual que no seu día lle ofrecín a vostede a miña axuda nesa dirección e vostede non a estimou, ofrézolla a vostede, Sra. Alcaldesa, para lle dar fórmulas ó respecto.

Dito isto, unha de dúas, ou vostedes moi sabios son, e refírome ós tres partidos que están aquí, ou se non paran de rectificar será por outra cousa. En todo caso noraboa por rectificar.

SR. FIGUEROA VILA: O noso Grupo está de acordo coa proposta que se fai e quero dicirlles que a Sra. Alcaldesa nos vindeiros días anunciará un acordo coa Zona Franca para resolver este tema dos aparcadoiros.

Pero tampouco podemos obviar que se o Concello nestes momentos tivese que seguir co convenio, tería unha serie de dificultades. Eu quéroo denunciar porque unha vez máis se demostra a ineficacia, ou a falla de xestión, ou o abandono que moitas veces dende as esferas municipais se produce en certos temas e logo cúlpase a outras administracións que o único que fan é colaborar.

O 19 de maio do ano 2003 o Sr. Toba remite un escrito á Dirección Xeral de Urbanismo para que se inclúa este expediente na Comisión Superior de Urbanismo.

O día 19 de xuño de 2003 o Sr. Pérez Mariño coma alcalde, nunha convocatoria da Comisión Superior de Urbanismo para o día seguinte, pide que se retire este asunto da orde do día. Aquí está.

O día 24 remite o Sr. Pérez Mariño un escrito cunha serie de rectificacións nese expediente incluíndo máis documentación.

O día 26 de xuño convócase dun xeito extraordinario a Comisión Superior de Urbanismo para tratar este tema específico. Trátase porque se sabe que o día 30 de xuño unha disposición transitoria dirá que o planeamento aprobado inicialmente, en tramitación antes da entrada en vigor desta Lei, poderá durante o prazo máximo de seis meses continuar a súa tramitación ata a súa aprobación definitiva segundo o disposto na Lei 1/1997, do Solo de Galicia e en tal caso será de aplicación o establecido na Disposición transitoria primeira da Lei, ou adaptarse integramente á presente Lei. Isto quere dicir que se o 30 de xuño non estivera aprobado provisionalmente por este Concello, teríamos que nos adaptar á nova Lei.

O 27 de xuño e tendo coñecemento disto a Comisión Superior de Urbanismo, adiántase por fax a este Concello a aprobación, o informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo.

¿Qué pasa neste Concello? Que non se leva a Pleno ata o 28 de xuño e non só iso, senón que logo do levar a este Pleno non se remite ata o 18 de setembro. Con isto a desidia, o abandono, a falla de xestión, non é un problema de coñecemento porque vostedes, cando o Sr. Alcalde remite isto á Comisión Superior de Urbanismo e á Dirección Xeral é porque tiñan coñecemento da prioridade e da présa que se lle tiña que dar a este asunto. Agora hai un informe que nos anuncian que, de ter que seguir con este convenio, teríamos que voltar outra vez a iniciar o expediente. Polo tanto, viva a eficacia de xestión deste Concello e o abandono e a falla de información que se lles transmite a outras administracións.

Seguramente este non sexa o camiño que tiñamos que seguir pero eu teño que denunciar isto porque igual que pasa con este tema pasa con outros máis. Que se molesten en enviar un fax para remitir o acordo e que non se lle faga caso ata o 18 de setembro, tres meses logo, quere dicir moi pouco da xestión que se fixo durante seis meses no urbanismo desta cidade.

De todos os xeitos anunciamóslles que a Sra. Alcaldesa está facendo as xestións oportunas coa Zona Franca para intentar salvar todos os inconvenientes xurídicos que poida haber, para non ter ningún tipo de dúbida pero que tamén se saiba que de quererem continuar pola vía que xa tiñamos asinada, ó mellor tiñamos que volver iniciar o expediente novamente. Moitas gracias.

SR. RUIZ CENICEROS: Para clarexar a tramitación que tivo durante seis meses ese expediente que é a modificación puntual para que se poidan construír aparcadoiros baixo das zonas verdes.

É certo que en xuño, nada máis incorporarse o Goberno municipal, pediuse que se retirara ese tema da orde do día pero porque por aviso telefónico da propia Comisión Superior de Urbanismo díxose que o expediente estaba mal, que tiña documentación incompleta, polo que, para evitar que a propia Comisión o rexeitase, pediusee que se sacara da orde do día.

Unha vez que os técnicos da Xerencia completaron esa documentación remitiuse de contado á Comisión Provincial de Urbanismo que é dende logo quen deu a facilidade de reunirse extraordinariamente con outros temas para o resolver. Desgraciadamente no prazo de 4 días non foi posible convocar o Pleno extraordinario empezando porque había unha fin de semana polo medio.

En canto a que posteriormente se remitise o expediente e que agora mesmo non poida ser resolto segundo a lexislación anteriormente en vigor, é unha realidade que no fondo do asunto non prexudica o trámite administrativo en canto que poderá ser aprobada correspondentemente.

O problema fundamental deses convenios non é a tramitación urbanística, é o tema de se cabe ou non unha adxudicación directa, é dicir, se estes convenios non se levan a piques nos termos orixinais será porque se escolleu unha fórmula inaxeitada e non porque urbanisticamente non se poidan tramitar, nin moito menos porque non se poidan aprobar. Moitas gracias.

SR. FIGUEROA VILA: Eu só estou poñendo isto coma exemplo porque moitas veces dende esta Administración cúlpase a outras administracións da falla de eficacia e xestión. Este é un caso evidente porque o fondo do tema é outra cuestión e outro debate, pero se agora mesmo quixeramos tramitar este expediente así coma viña dese convenio, coido que dende o 27 de xuño, realizase o Pleno o 28 de xullo pero se recibe na Xunta o 18 de setembro.

Ese é un feito real de datas que está no propio expediente, á marxe de que sobre o fondo do tema poidamos facer todas as discusións xurídicas que queiramos pero o que si está claro é que se o quixeramos tramitar tal e como se iniciou teríamos que volver comezar o expediente e iso xeraría loxicamente un retraso.

Eu non ia entrar neste tema, tiña coñecemento del pero coma se presenta a moción quería manifestar e facelo público.

SR. RUIZ CENICEROS: Se se fixa na data de xullo e na de 13 de setembro mirará que hai un mes polo medio que é agosto no que, primeiro, o Concello non traballa igual por non estar todo o persoal e, segundo, que a Comisión Superior de Urbanismo non se reúne e por iso mandalo en agosto sería inútil a eses efectos.

(No momento da votación están ausentes o Sr. Domínguez Olveira e a Sra. Fernández Davila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Pérez Castrillo, sobre dotación de máis prazas de aparcadoiros na cidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

32.- (69).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE CONSNTITUCIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DOS CONVENIOS SUSCRITOS CO CONSORCIO DA ZONA FRANCA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 13 de febreiro de 2004, o voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pérez Mariño, formula a seguinte moción:

"Con data 28 de outubro de 2002 o Pleno da Corporación aprobou por unanimidade facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do "Protocolo para o desenvolvemento urbanístico, socioeconómico e cultural da cidade de Vigo, no marco das previsións do novo PXOM, formalizado entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo".

Este protocolo asinouse polo anterior Alcalde, Sr. Pérez Castrillo e o Delegado especial do Estado no CZFV o mesmo 28 de outubro de 2002.

A cláusula oitava do referido protocolo prevé que "para o cumprimento e desenvolvemento dos acordos abeirados a este protocolo, constituirase unha Comisión de Seguemento presidida polo Alcalde-Presidente do Concello e formada por tres representantes nomeados polo Pleno Municipal e outros tres nomeados polo Consorcio da Zona Franca de Vigo. O seu nomeamento formalizarase antes de transcorrido un mes dende o asinamento do presente".

En cumprimento do devandito protocolo, con data 8 de maio de 2003 o anterior Alcalde, Sr. Pérez Castrillo, e o Delegado especial do Estado no CZFV asinaron os seguintes convenios:

- Convenio específico de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento dun novo polígono industrial en Matamá-Valladares.
- Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para a ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo.
- Convenio específico de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para a remodelación, recuperación, revitalización e desenvolvemento e dotacións urbanísticas, culturais e turísticas da área urbana de Teis-Guixar.

O Pleno do Consorcio da Zona Franca de Vigo, na súa sesión do 28 de xullo de 2003, ratificou tales convenios específicos e o Pleno do Concello de Vigo aprobounos na súa sesión ordinaria do 29 de setembro de 2003.

Por todo o anterior, propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Requirir ó Consorcio da Zona Franca de Vigo para a constitución da Comisión de Seguemento do cumprimento dos convenios específicos de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca para o desenvolvemento urbanístico, socioeconómico e cultural da cidade, presidida pola Alcaldesa-Presidenta do Concello.

2.- Nomear a tres representantes do Concello na Comisión de Seguemento do cumprimento dos convenios específicos de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca para o desenvolvemento urbanístico, nomeando concretamente como representante do Grupo Municipal Socialista ó concelleiro don Mauricio Ruiz Cenicerós.

3.- Requirir ó Consorcio da Zona Franca de Vigo para que nomee tres representantes do Consorcio na Comisión de Seguemento do cumprimento dos convenios específicos de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca para o desenvolvemento urbanístico."

DEBATE.- SR. RUIZ CENICEROS: O convenio para o desenvolvemento económico e cultural da cidade de Vigo no marco das previsións do novo Plan Xeral formalizado con data 28 de outubro de 2002 entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca, prevé a constitución no prazo dun mes dende a súa

sinatura dunha Comisión de seguemento presidida pola Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello e formada por tres representantes nomeados polo Pleno municipal e outros tres nomeados polo Consorcio da Zona Franca.

Con data 8 de maio de 2003 o Concello e o Consorcio da Zona Franca subscribiron tres convenios específicos que desenvolven aquel protocolo e que son: "Convenio para o desenvolvemento dun novo polígono industrial en Matamá-Valladares", "Convenio para a ampliación do parque tecnolóxico e loxístico" e o "Convenio para a remodelación, recuperación, revitalización e desenvolvemento de dotacións urbanísticas, culturais e turísticas da área urbana de Teis-Guixar".

Ratificados todos estes convenios polos respectivos Plenos do Consorcio e da Corporación, estando actualmente en tramitación o Plan Xeral e tendo que se estudar, debaterse e no seu caso chegar a un acordo en canto á ordenación detallada que debe presentar o Consorcio da Zona Franca para incluír no Plan Xeral, o Grupo Socialista propón ó Pleno: En primeiro lugar, requirir ó Consorcio da Zona Franca para a constitución da devandita Comisión de Seguimento. Que este Pleno nomee a tres representantes do Concello para que se incorporen a ela e requirir ó Consorcio da Zona Franca para que á súa vez nomee a outros tres representantes na Comisión de Seguimento.

SR. FIGUEROA VILA: Por suposto que o noso Grupo vai constituir esta Comisión pero o Grupo Socialista mostra agora moita "celeridade" cando dende o 28 de xuño tivo tempo bastante para o facer; estiveron seis meses, nós aínda non levamos dous e pico.

Supoño que o faremos no vindeiro Pleno. Levaremos o tema á Xunta de Voceiros e tomaremos a decisión nela antes do remitir ó Pleno para que se constituía esa Comisión de Seguimento.

SR. TOBA GIRÓN: Indubidablemente nós imos votar a favor, o que pasa é que na proposta, no seu punto segundo se presenta o nomeamento concretamente dun representante. Entendo que esa fase concreta de nomear un representante queda en suspenso mentres non se reuna a Xunta de Voceiros. Nada máis que esa precisión.

SR. FIGUEROA VILA: Eu enténdoo así.

SR. TOBA GIRÓN: ¿Estamos de acordo?

SR. RUIZ CENICEROS: Si e para clarexar: caso de que o Pleno nomee un representante por cada Grupo, este, para acelerar, anticipa a quen designa, pero sempre sen prexuízo do sistema que escolla o Pleno para os designar.

SR. FIGUEROA VILA: Perfecto, na Xunta de Voceiros tomaremos a decisión e de seren oportuno e se o Grupo Socialista tivera algún membro, ningún inconveniente.

(No momento da votación están ausentes o Sr. Domínguez Olveira e a Sra. Fernández Davila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pérez Mariño, sobre constitución da Comisión de Seguimento dos convenios subscritos co Consorcio da Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento urbanístico, socioeconómico e cultural, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

33.- (70).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE NOMEAMENTOS DOS NOVOS ORGANISMOS PREVISTOS NA LEI DE MEDIDAS PARA A MODERNIZACIÓN DO GOBERNO LOCAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de febreiro de 2004, o voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pérez Mariño, formula a seguinte moción:

"A Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, que entrou en vigor o 1 de xaneiro do ano que andamos, prevé no réxime de organización de municipios de gran poboación a creación de novos órganos para asesoramento xurídico, secretaría dos organismos, xestión económico-financeira e orzamentaria, así como xestión tributaria, control da fiscalización interna, resolución das reclamacións económicas-administrativas, etc.

A dotación persoal dos ditos novos organismos require en primeiro lugar, tanto a dotación da plantilla necesaria, como a súa previsión na correspondente relación de postos de traballo.

Por outra banda o nomeamento das personas que ostenten a titularidade dos ditos órganos debe realizarse conforme ós criterios de publicidade, imparcialidade, mérito e capacidade que presiden a elección de persoal das administracións públicas, criterios que se deben ter en conta así mesmo cando os nomeamentos son de libre elección.

Polo anterior, propónse ó Pleno da Corporación a adopción do presente acordo.

1.- Que os nomeamentos na Lei de Medidas para a modernización do goberno local recaian, na medida do posible, nas persoas incluídas no cadro de persoal aprobado polo Pleno da Corporación Municipal.

2.- Que a reorganización administrativa derivada da Lei de Medidas para a modernización do goberno local se recolla na correspondente relación de postos de traballo aprobada pola Xunta de Goberno Local.

3.- Que os nomeamentos necesarios para a reorganización derivada na Lei de Medidas para a modernización do goberno local se realicen en calquera caso mediante convocatoria pública de méritos."

DEBATE.- SR. PÉREZ MARIÑO: Non cabe dúbida que a Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local, supón unha importante expectativa de mellor funcionamento dos gobernos municipais naquelas cidades que cumpren os requisitos para se incluír dentro da mesma.

Como consecuencia da entrada en vigor desta lei hai unha serie de nomeamentos que se teñen que facer e de novos órganos que se teñen que crear todos chamados a dar máis eficacia, pragmatismo e un mellor funcionamento das administracións locais.

Dentro destas virtualidades que ten a Lei non cabe dúbida que cubrir eses postos, cousa que se ten que facer necesariamente, supón unha opción por parte das Corporacións locais que o teñen que levar a piques.

O Grupo municipal socialista pretende, independentemente do goberno ou grupo político que estea ó fronte da Corporación municipal, que esa opción se leve a piques de acordo cos principios que en definitiva inspiran o acceso á función pública e que recolle a Constitución no seu art. 103; eses principios son fundamentalmente os de mérito e capacidade.

É certo que non estamos aquí tratando un acceso á función pública, se ben o carácter híbrido dos nomeamentos que se prevén na lei fai difícil saber qué tipo de nomeamentos van ser.

En calquera caso seméllanos importante manexar dous principios fundamentais: primeiro, ver na propia Casa o que hai, é dicir, se dentro dos funcionarios da nosa Administración local existen algúns que por esas razóns de capacidade e mérito son merecedores de que se lles nomee para algún deses postos.

En segundo termo e en calquera caso, sexa a que sexa a opción, se ben hai a posibilidade de facer nomeamentos e designacións directas por parte da Xunta de Goberno Local, nós solicitaríamos que en todos os casos, dada a transcendencia da función que teñen que desenvolver eses nomeamentos, a alta relevancia que van ter para a función pública local, se prevexa que todos os nomeamentos se fagan en función deses principios de mérito e capacidade e o mellor xeito de garantizalo é sen dúbida a realización dun concurso público para todos os que aspiren a desenvolver os ditos cargos.

Por iso o acordo que propoñemos coma moción é que todos os nomeamentos necesarios se fagan por concurso público de méritos. Moitas gracias.

SR. SOTO FERREIRO: A primeira parte da súa exposición está feita, Sr. Pérez Mariño, dun xeito prudente e entón, como non, compartímolo. Cando vostede di que "recaian na medida do posible nas persoas incluídas no cadro de persoal" a min seméllame iso dunha prudencia de redacción exquisita, ben coidada e polo tanto non teño nada que dicir en contra, senón que todo a favor.

Vaia por diante que coido que faláramos no seu día que esperaríamos un tempo antes de entrar no conxunto do debate da Lei de modernización, agás naquelas medidas que por imperativo legal tiveramos que adoptar inmediatamente e esperaríamos uns meses para facer un debate sosegado e sereo sobre o tema e non tomar decisións a correr. Sigo pensando que sería o máis prudente, pero vostedes son libres de presentar esta moción e os demais de xulgala.

En todo caso, eu que teño a sorte ou a desgracia de actuar permanentemente coa miña vocación e experiencia anterior, é dicir, actúo todos os días coma se fose alcalde de Vigo e polo tanto non teño que facer dous discursos, nin teño ningún tipo de esquizofrenia política estea quen estea de alcalde ou alcaldesa.

Dito isto, eu como alcalde de Vigo non podo compartir o seu punto terceiro porque podería causar unha grave distorsión no Goberno municipal, sexa quen sexa o Goberno municipal, que por concurso de méritos entre un membro no

Goberno porque se entra un membro dun partido político radicalmente oposto ó Goberno, estará facendo oposición dende dentro, sen máis.

Eu non participo dese criterio e coido que, do mesmo xeito que non se lle ocorrería a ninguén que o Goberno de España escolla cargos por concurso de méritos, senón que é o Presidente do Goberno quen nomea os cargos, a nivel municipal pasaría o mesmo e o paralelismo vai por aí.

Eu non fun, nin son partidario desta Lei, dígoos así de claro, votárona os grandes partidos no seu día e alá vostedes. Pero si son partidario da aplicar do xeito máis coherente e razoable posible.

Se eu fose alcalde de Vigo dende logo que non rexeitaría a responsabilidade de nomear a persoas de confianza para, primeiro, asumir a responsabilidade de garantir a xestión e logo estar seguro de que van actuar dun xeito e nunha dirección moi determinada.

Facelo por un concurso de méritos, insisto, e que entren persoas que politicamente poidan estar absolutamente en desacordo co alcalde ou alcaldesa, non me parece unha proposición doada de realizar e polo tanto non axeitada.

SR. TOBA GIRÓN: Teño para min tamén o convencemento que dalgún xeito había conformidade na Xunta de Voceiros no sentido de non abrir o debate do que é a estrutura que pode derivar da aplicación da Lei de grandes cidades a Vigo ata non ter cando menos enriba da mesa un regulamento -que nos consta que se está a elaborar polos servicios técnicos desta Administración- e un modelo de estrutura que sinceiramente o noso Grupo e máis eu pensamos que debe ser consensuado cando menos no fundamental para evitaren que haxa modificacións de futuro que poñan en perigo o conxunto da estrutura administrativa por razóns de oportunidade ou de interese, lexítimo de cada Goberno, pero que en todo caso non debería poñer en risco o conxunto da estrutura. Dende logo que por parte do noso Grupo a vontade está enriba da mesa e saben que contan con ela.

A respecto da proposta que presenta o Grupo Socialista queremos entendela en sentido xenérico.

Seguramente o punto terceiro precisaría dun informe xurídico e eu agora mesmo coido que non cómpre.

Entendo que se trata dunha iniciativa política que pretende sobrancear os principios de acceso á función pública, entendendo por tal unha parte dos cargos derivados da aplicación da Lei das grandes cidades que é moito

entender, pero é un asunto sobre o que o noso Grupo non quere debater neste momento.

En todo caso, se o entendemos en termo de principios que deben velar a actuación desta Corporación nos vindeiros meses, estamos de acordo cos principios de publicidade, mérito e capacidade como debe ser, independentemente de que na definición concreta da estrutura será necesario o informe xurídico, entroutros o do Secretario desta Corporación e seguramente nese momento poderemos concretar con pleno coñecemento o que é ou non é. Non me atrevo a dicir máis neste momento porque fallando documentación coido que é moito afirmar.

Cremos que o podemos entender dese xeito, se o señor voceiro está de acordo, en termos xenéricos e dese xeito obviar o problema presentado polo Sr. Soto que en termos de estrutura nos presentaría seguramente o Sr. Secretario desta Corporación no seu momento.

SRA. MOLARES PÉREZ: Estou totalmente de acordo cos señores Soto e Toba en que un tema da transcendencia deste tería que ser debatido no seu momento, cando se trouxera ó Pleno porque ademais e segundo o artigo 123.2 é o Pleno quen tería que aprobar o Regulamento, nese caso dos niveis esenciais.

Por tanto a min si me gustaría propoñer que este debate se abra no seu momento co resto dos regulamentos que ademais requiren maioría absoluta do Pleno para a súa aprobación e por tanto é nese momento no que se tería, penso eu, que presentar dun xeito consensuado, con debate de todos os Grupos, unha proposta posto o lóxico é que ese regulamento quede de xeito permanente.

Neste momento a min si que me gustaría dicir que pola Sra. Alcadesa se asinou un decreto no que precisamente se crea un grupo de traballo formado por funcionarios desta Casa de distintos departamentos, coordinados polo propio Secretario do Pleno e impulsado politicamente por min, coma Segunda Tenente de Alcalde, para a elaboración deses borradores.

Neste momento os técnicos están elaborando eses borradores e entre eles este que trae aquí a moción do Sr. Pérez Mariño e por tanto os técnicos son os que están adoptando o criterio técnico de dicir como se ten que prover.

De todos os xeitos a min, como filosofía, en canto a que se teña en conta a posible promoción dos funcionarios do Grupo A da Casa, por suposto que coido que é algo que contemplamos dende o momento en que son os propios funcionarios do Grupo A desta Casa os que están redactando ese borrador e

por tanto van ser eles mesmos os que presenten unha proposta concreta que non lles vai prexudicar.

Pero limitar dun xeito claro a outras administracións autonómica, estatal, mesmo a outras administracións locais que poidan vir funcionarios enriquecer a profesionalidade deste Concello, coido sinceramente, e ademais o digo coma funcionaria, que tampouco sexa positivo. Coido que é moito máis enriquecedor que se poida promocionar a eses cargos directivos a un funcionario desta Casa pero que tamén poidamos incorporar a un avogado do Estado, ou mesmo a un funcionario do Concello de Madrid, ¿por qué non?

De todos os xeitos nos tres puntos que presenta a moción choca ou renxe algo que é por exemplo que entre os funcionarios que neste momento están no Concello de Vigo, entre as libres designacións que hai, que son un órgano inferior ó que agora van ser os órganos directivos que prevé esta nova Lei, xa hai a posibilidade de que veñan funcionarios de fóra da Casa, en concreto está sen cubrir aínda o posto do xefe de Contratación que está aberto a outras administracións, pero aínda así ó día de hoxe está sen cubrir porque non se atopa o perfil ou a persoa determinada; leva meses sen cubrir e sabemos todos que é necesario ter un xefe de Contratación.

Por tanto coido que se aprobamos estes tres puntos renxería, en primeiro lugar, que o que pretende a Lei de grandes cidades que precisamente vai na mesma liña que o que se aprobou no 97, a LOFAGE, a Lei de Administración xeral do Estado na que o que se pretendía era a profesionalización da Administración. Esta Lei fai o mesmo, a separación entre os órganos directivos e os órganos superiores. Na LOFAGE os órganos superiores eran os ministros e secretarios de estado e neste caso alcalde e Xunta de Goberno Local e sepáraos dos órganos directivos que no caso do Estado eran subsecretarios, directores xerais, secretarios xerais técnicos e mesmo subdirectores e neste caso contempla a figura do coordinador xeral, do director xeral ou asimilado e outros postos específicos como o xefe de Asesoría Xurídica, o propio interventor e outros membros especificamente determinados.

Ademais é unha Lei na que puiden participar na súa redacción e por tanto sei cal foi o seu espírito que foi precisamente profesionalizar a Administración e acadou o acordo de todos os grupos políticos en canto a que se daba un paso cara adiante en que os subsecretarios foran técnicos dos grupos A da Administración e que os directores xerais tamén fosen funcionarios aínda que si se abre (como pasa agora tamén) para os

directores xerais e coordinadores esa porta para que en casos concretos e específicos como poden ser tecnoloxías, comunicación, algún elemento que sexa importante para a Administración, acadar algún profesional que non sexa funcionario, pero neses casos o que se pretende é precisamente que sexan profesionais cunha experiencia acreditada no mundo público privado.

Eu entendo que, aínda estando de acordo coa filosofía, ou as intencións políticas de que se pretenda promocionar ós funcionarios da Casa e que se garanta o mérito e capacidade que a nosa Constitución establece no seu articulado, si que coido que aprobar este acordo tal e como está mesmo nos podería levar a facer nulo de pleno dereito o mesmo, sobre todo o punto terceiro porque ós outros dous non lles vexo ningún inconveniente no sentido de que din: "na medida do posible", "que nas relacións de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local se contemple esta posibilidade". Realmente isto si pode ser porque na Relación de postos de traballo se poden incluír estes postos.

Pero o punto terceiro, sen en caso ningún querer obviar a transparencia e a libre concorrència a eses postos, non cabe a menor dúbida que non podemos esquecer o artigo 130 do propio articulado no que esa competencia se lle outorga á Xunta de Goberno Local e por tanto na mesma se establece qué funcionarios poden acceder a ela e mesmo abre a posibilidade, que nese caso si vai ter que seren aprobado en Pleno, de que a profesionalidade estea acreditada. Cóntame, porque eu xunto co Secretario estou impulsando ese traballo e xa hai un borrador que xa está medio feito polos propios técnicos no que coido que non o presentan tal e como o pon aquí.

Por tanto coido que o axeitado, se están de acordo os outros grupos, é aprobar aquí unha intención política de garantir mérito e capacidade, de tentar promover ós funcionarios desta Casa que están traballando aquí, pero deixar o debate concreto para logo. Non vai tardar moito, esperamos traelo cedo ó Pleno para a súa aprobación e ademais vai requirir, repito, unha maioría absoluta. Por iso coido que está garantido para todos que cada grupo poida plasmar nese borrador as súas ideas ou o seu xeito de levar adiante o que é a aplicación da Lei de grandes cidades.

A proposta que fago é que se presente coma unha intención política pero sen formular nada que nos poida levar a que este acordo sexa nulo de pleno dereito.

O secretario pode dar a súa opinión e a min gustaríame que el, como coordinador deste grupo, tamén expresara a súa opinión en caso de que eu

non resulte o suficientemente convincente e para que despexe as posibles dúbidas.

SR. PÉREZ MARIÑO: Resultou vostede especialmente convincente e, á vista de que existe unha comisión no Concello que está tratando este tema e que vai vir ó Pleno, non temos inconveniente en retiralo da orde do día ou en aprobalo segundo o espírito que dicía.

Probablemente o mellor será retiralo da orde do día, desistir nós da moción porque cremos que, se hai un estudio que se está a realizar e que vai vir á aprobación do Pleno, nada nos impide volver a tratar o tema nese momento.

SRA. ALCALDESA: Queda retirado o punto 33 da orde do día.

O voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pérez Mariño, retira a súa moción non sendo sometida a votación.

34.- (71).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE A URXENTE APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de febreiro de 2004, o voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pérez Mariño, formula a seguinte moción:

“Con data 16 de xaneiro de 2004 o Goberno Municipal iniciou as xuntanzas cos distintos grupos políticos para a redacción dos orzamentos municipais correspondentes ó exercicio 2004.

Nas ditas xuntanzas o Goberno Municipal non presentou unha proposta pechada de orzamentos. E é máis, hai uns días o Goberno decidiu suspender de xeito unilateral os traballos de redacción de orzamentos ata despois do 14 de marzo, segundo se pudo saber polos medios de comunicación.

Ó non existiren xustificación ningunha para tal deliberado incumprimento dos artigos 112.4º da Lei de Bases de réxime local e 150.2º da Lei Reguladora das facendas locais, así como da paralización municipal -en canto que a falla de dotación orzamentaria afecta ó funcionamento dos organismos autónomos que dependen das aportacións económicas municipais, como por exemplo á Xerencia Municipal de Urbanismo, así como ás obras de urxente execución como as de reurbanización da superficie do aparcadoiro de Urzáiz-, corresponde ós grupos municipais de oposición apremiar ó Goberno Municipal para que cumpra as súas obrigas legais.

Polo anterior proponse ó Pleno da Corporación a adopción do presente acordo:

1.- Que no prazo improrrogable de sete días a Xunta de Goberno Local aprobe o proxecto de orzamento conforme ó previsto no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.

2.- Que unha vez aprobado o proxecto de orzamento pola Xunta de Goberno Local, traslade o mesmo ós restantes grupos municipais para o seu estudo e debate.

3.- Que a aprobación inicial do correspondente proxecto de orzamentos se inclua na orde do día da próxima sesión ordinaria do Pleno da Corporación ou mesmo nunha sesión extraordinaria de estimar o Goberno que conta coa maioría suficiente para a súa aprobación."

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: O artigo 112 da Lei de bases e o 150 da Lei de facendas locais establecen o 31 de decembro do ano anterior ó do exercicio como prazo para a aprobación do orzamento. É certo que o artigo 150 no seu apartado 6º establece a medida correctora da prórroga pero non podemos obviar que esta medida á súa vez é penalizadora ó operar unica e exclusivamente só respecto a determinados créditos.

A elaboración e aprobación do orzamento é o aspecto clave do bo funcionamento do Concello e por tanto debe ser unha das prioridades da xestión municipal, se ben semella este un principio non compartido polo Goberno municipal pois tras dous meses en tarefas de responsabilidade, o Partido Popular non presentou ningún proxecto de orzamento para o seu debate neste Pleno, non existindo tampouco indicios, polo menos ata este momento, dunha inmediata rectificación.

Partindo do incuestionable contido técnico do documento basicamente definido por unha previsión de ingresos, respecto dos que xa foron aprobadas as ordenanzas, e de gastos na súa maioría determinados por obrigas contractuais preexistentes, non atopamos motivos que poidan xustificar a dilación no seu tratamento, a salvo de comentarios relativos a acontecementos políticos de alcance nacional que esperamos que non sexan utilizados coma causa de forza maior para a paralización do funcionamento ordinario do Concello porque se a realización de eleccións xerais freea os trámites de aprobación dos orzamentos ¿qué máis poderá paralizar este ou calquera outro evento habitual na vida política de calquera país democrático?

Indubidable a prioridade, clarexada a non complexidade da súa elaboración e non acreditada ningunha causa que avale a demora, acadamos as auténticas

razóns que nos conducen a unha lamentable xestión municipal en situación de prórroga de orzamento: carencia de proxectos en materia de investimento público, desinterese na aplicación de fórmulas de mellora do gasto e por riba de todo luz verde á ausencia de transparencia evitando a capacidade de decisión do máximo órgano municipal: o Pleno, ó negárselle a súa capacidade de intervención e control da política orzamentaria do Goberno, preferindo este mesmo incorrer en deixación de funcións antes que abrir a porta á participación e ó debate esquecendo a súa responsabilidade diante da cidadanía que ve minorados os seus dereitos sen motivos que o xustificuen. Por iso solicitamos, e así se contén na proposta da moción, que de xeito inmediato se inicien os trámites para a aprobación do orzamento municipal. Moitas grazas.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Primeiro que eu, no pouco tempo que levo nas tarefas municipais, puiden comprobar que hai dous tipos de mocións, as primeiras, das que vimos algúns exemplos esta mañá, son positivas, proactivas, con ánimo de superar problemas, e algunhas outras que sinxelamente presentan a obxección pola obxección cun contido bastante cortopracista, na miña opinión.

Eu estudiei a moción do Grupo socialista e cunha media análise dela, dinme conta que a verdade é que o que menos presenta este tipo de moción é unha preocupación polo orzamento ou pola xestión municipal.

Cando leo a moción e leo iso de: "ó non existir ningunha xustificación para tal deliberado incumprimento dos artigos 112 da Lei de bases de réxime local e o artigo 150.2 da Lei reguladora das facendas locais". A verdade é que me preocupa. Eu non son avogado e isto ven asinado por un avogado e preocúpame grandemente.

Voume ós textos e leo que o artigo 150.2 di: "A aprobación definitiva do orzamento xeral polo Pleno da Corporación realizarase antes do 31 de decembro do ano anterior ó exercicio ó que se deba aplicar". A verdade é que penso que probablemente tería que ter pasado á historia da política municipal en letras de ouro por aprobar un orzamento consensuado cos demais Grupos en exactamente 10 días que tiveron dende o día 13, no que o relator deixou de ser alcalde da cidade, ata o día 31 de decembro.

Pero claro "o meu gozo nun pozo" porque antes do 150 ven o artigo 149.4 (nisto dos números os economistas somos especialistas) que di: "Sobre a base dos orzamentos e estados de previsión ós que se refiren os apartados 1

e 2 (que son os orzamentos xerais e os dos organismos autónomos) o presidente da entidade formará o orzamento xeral o remitiráo informado pola Intervención e cos anexos e documentacións complementarias ó Pleno da Corporación antes do 15 de outubro para a súa aprobación, emenda, ou devolución.

Entón realmente non entendín nada sobre o tema da moción, porque non entendín se era unha petición pública de excusas por non presentar o orzamento no momento no que o hai que presentar, isto é o 30 de outubro, ou se me estaban avisando de que me quedaban oito meses para presentar o orzamento do ano 2005; non o entendín ben.

Ademais disto, como eu non son avogado e probablemente haxa máis teitos legais que eu descoñezo, fun preguntar ós servicios da Casa. Estes servicios explícanme que non hai, non lembra ningún vello do lugar ningunha aprobación orzamentaria antes do 31 de decembro e para ser moi honesto, Sr. Toba, a soa aprobación case en prazo foi a de 2003, a 14 de xaneiro dese ano. Ningunha das outras aprobacións se realizou antes do 31 de decembro, segundo os máis antigos. En todo caso as datas de marzo e abril repítense con bastante asiduidade na aprobación orzamentaria.

Unha vez dito iso sego lendo a moción e coido que seguramente o que se expón é a preocupación pola parálise municipal, debe ser iso o que se presenta sinceramente porque como o Grupo que a trae tivo responsabilidades municipais durante algúns meses, probablemente sexan especialistas nisto da parálise municipal. Señores, non é verdade que haxa nada paralizado neste Concello pola falla dun orzamento municipal e isto por unha sinxela razón: porque existe un orzamento municipal con todas as da lei que é un orzamento prorrogado, ese é un orzamento que precisamente vostedes, formando parte doutro Goberno, aprobaron e puxeron en práctica.

Nós o que estamos a facer é darnos presa en executar uns gastos que, comprometidos por vostedes no seu período de goberno, non entendemos moitas veces por qué estiveron parados sen proceder ó seu pagamento. Sen ir máis lonxe hoxe mesmo neste Pleno demos conta moi rapidamente dos puntos 10 ó 19 de indemnizacións substitutivas realmente retidas polo Goberno anterior ata este momento e nalgúns casos tivémonos que dar particular présa para non perder os créditos que correspondían. Entón é unha ironía do destino que precisamente hoxe falemos de algo que corresponde aprobar ó Goberno anterior e pódolles dar máis datos.

Polo que respecta ó proceso orzamentario en concreto, dicir que segue o seu curso. Facer un orzamento non é tan sinxelo, non é tan pouco complexo coma vostede menciona. Esta mesma semana pasada produciuse unha importante novidade dende o punto de vista dos ingresos que fai que o proxecto, o documento que temos que presentar cambie de novo.

Nós estamos en pleno proceso de traballo tal e como lle expliquei a vostede persoalmente en tres oportunidades, non nunha, nin dous, senón tres oportunidades. Expliqueille que estabamos en pleno proceso de traballo, seguimos o curso da elaboración do orzamento e comprometome de novo en nome da Alcaldesa e de todo o Grupo de Goberno á plena dispoñibilidade para o consenso, para falar sobre o orzamento, pero realmente para falar sobre o orzamento e poñer o foco sobre os ingresos e os gastos que é o que lles interesa ós cidadáns desta cidade.

Nese sentido e como calquera pode ter claro, nunha semana de tempo que é o que vostedes propoñen é absolutamente imposible facer un orzamento que todos entendemos que debería ser consensuado.

Polo tanto, estaba na nosa práctica e estaba no que nós iamos propoñer, no seu caso, aprobalo neste Pleno e, de non seren posible, pasar ó vindeiro Pleno. Iso é o que dixemos no seu momento e acordamos na primeira das reunións que tivemos os catro Grupos municipais. Iso foi o que acordamos e iso é o que imos cumprir. Moitas gracias.

SRA. GRAÑA BARCIA: Efectivamente consta o traballo realizado polo actual concelleiro co que se mantiveron varias reunións, as súas tarefas e o seu inicio de elaboración do orzamento; non se pode cuestionar, sería fallar á verdade.

Si é certo que estamos a 23 de febreiro e aínda que exista unha norma técnica que non deixe en descuberto a situación municipal, cal é a prórroga, e iso é correcto e opera de xeito automático, tamén é certo que é unha medida penalizadora que non nos permite facer todo o que queremos facer.

Non se está recriminando, única e exclusivamente se está tratando de poñer enriba da mesa a importancia do orzamento, tratando de que saia adiante o máis axiña posible.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Sra. Graña, vostede sabe coma min que para nós é unha prioridade o orzamento pero dixemos e priorizamos tamén que sexa de toda a Corporación e niso estamos e niso seguiremos.

SRA. ALCALDESA: Entón pasamos a votar a proposta do voceiro do Grupo Popular.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: A miña proposta é a mesma que fixen saber no seu momento ós tres voceiros dos outros Grupos: "No prazo do próximo Pleno ordinario da Corporación presentaremos o orzamento municipal".

SRA. ALCALDESA: Entón é unha emenda.

SRA. GRAÑA BARCIA: Existindo o compromiso en Pleno por parte do Sr. Concelleiro dicindo que será como máximo no prazo do vindeiro Pleno, seméllanos unha proposta razoable e votamos a favor da mesma.

SRA. ALCALDESA: ¿Estamos todos de acordo?

SR. TOBA GIRÓN: Estamos de acordo que xa estabamos de acordo.

SRA. ALCALDESA: É dicir estamos cumprindo o desexo que tiñamos todos.

Emenda formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Guerra Fernández, durante o curso do debate:

Substituir a anterior proposta pola seguinte:

Presentar o orzamento municipal no próximo Pleno ordinario da Corporación Municipal.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Domínguez Olveira e Fernández Fernández e a Sra. Fernández Davila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Presentar o orzamento municipal no próximo Pleno ordinario da Corporación Municipal.

URXENTES:

A.- MOCIÓN DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE CESIÓN Ó CONCELLO DE VIGO DO EDIFICIO CAMBÓN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 23 de febreiro de 2004, o voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pérez Mariño, formula a seguinte moción:

"En sesión do Pleno realizada o día 26 de xaneiro de 2004 o Grupo Municipal Socialista formulou pregunta ó Goberno solicitando información sobre as noticias aparecidas en varios medios, relativas ó suposto traslado de dependencias municipais ó edificio Cambón. Ante a pregunta o Goberno municipal non tivo contestación.

Nembargantes, na orde do día da Xunta de Goberno Local que se realizará hoxe propónse a adopción do seguinte acordo: *"Ratificar a solicitude formulada pola Excm. Sra. Alcaldesa de data 26 de xaneiro de 2004 á Xunta de Galicia, de cesión gratuíta a este Excmo. Concello do edificio Cambón na rúa Palma, s/n, para o seu destino a servizos administrativos da propia Alcaldía e outros órganos de Goberno do Concello"*.

A solicitude inicial, de igual data que o Pleno, tivo constación por parte da Xunta no seguinte sentido: *"Esta Secretaría comunícalle que se procede a iniciar a tramitación do expediente de desafectación do dominio público do edificio Cambón, como requisito previo á cesión, a título gratuíto, do seu uso, exclusivamente para dependencias da Alcaldía, por un prazo de dez anos..."*

Ante isto cabe significar a imprudencia que implicaría acometer unha inversión destas características, así como a modificación substancial da organización municipal por un prazo tan breve. En canto ó destino, previamente deberase analizar a súa viabilidade.

Por todo o anterior, propónse a adopción do seguinte acordo:

1.- A constitución dunha comisión delegada, composta por representantes de todos os grupos municipais, que estudie e resolva a cerca dos servizos administrativos municipais que, no seu caso, poidan ser descentralizados e trasladados ó edificio Cambón, primando a súa resolución o normal funcionamento dos servizos do Concello.

2.- Conforme o resolto pola comisión delegada, instar á Xunta de Goberno e o disposto no artigo 83 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3/85 do Patrimonio da Comunidade Autónoma, para que solicite á Xunta de Galicia a cesión gratuíta do dominio a este Excmo. Concello de Vigo do edificio Cambón, na rúa Palma s/n, para o seu destino a servizos municipais."

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA.- SRA. GRAÑA BARCIA: Ante todo solicitar disculpas pola presentación da moción neste acto, sobre todo dado xa o avanzado da xornada. Tentarei seren breve.

Ante todo compartir o interese de recuperación do Casco Vello estimando que efectivamente o traslado de dependencias municipais para o edificio Cambón no seu caso poida ser unha boa opción, se ben nos gustaría tratar dous aspectos diferenciados. Por unha banda a valoración que sexan os servicios identificados de Alcaldía e outros órganos de goberno os que fosen no seu caso suxeitos de descentralización, non analizando a posibilidade de que poidan ser calquera outros e ó mellor con mellor criterio que os anteditos e, sobre todo, a segunda parte estaría referida ás condicións nas que se produciría a cesión.

Estimamos que unha cesión gratuita por un prazo limitado de dez anos, aínda que no seu caso poida estar sometida a prórroga, non xustifica...

Perdón, pásanme unha nota e é certo. En todo caso conviría argumentar a urxencia, perdón, inicio a exposición.

O motivo da urxencia é que será tratada hoxe na Xunta de Goberno Local a ratificación da solicitude instada ante a Xunta respecto á cesión do edificio Cambón. Ese é o motivo polo que presentamos esta moción.

(No momento da votación da urxencia están ausentes os Sres. Domínguez Olveira e Fernández Fernández e as Sras. Fernández Davila e Martíns Vilanova).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte sete que a constituen de dereito e de feito, próbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: Gracias e disculpas. En canto ás condicións valoramos a non conveniencia da cesión por un prazo limitado de dez anos aínda que no seu caso poidera estar sometido a prórroga, senón unha cesión plena onde se integre no patrimonio municipal o devandito edificio e no seu

caso que non exista (xa desaparecería suposta a cesión do dominio) unha limitación en canto ó uso porque aínda no suposto de que chegamos estimar que o conveniente fose o traslado dos servicios de Alcaldía, nada obsta que ó longo do tempo se poida estimar conveniente que fosen outros e non eses. E dende logo é inxustificable acometer un investimento das características do que vai supoñer a rehabilitación dun edificio como é o edificio Cambón cun prazo tan limitado como sería o de dez anos que mesmo comezaría computar dende o momento en que se producira a cesión e non dende o momento en que se producira a utilización efectiva do mesmo.

Polo tanto a nosa proposta se concreta en dous aspectos: A constitución dunha comisión delegada composta por representantes de todos os grupos municipais que estudie e resolva acerca dos servicios administrativos municipais que no seu caso poidan ser descentralizados e trasladados ó edificio Cambón, primando na súa resolución o normal funcionamento dos servicios do Concello.

O segundo aspecto: Conforme ó resolto pola Comisión delegada, segundo o disposto no art. 83 do Decreto 50/89, de 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de patrimonio da Comunidade Autónoma, instar á Xunta de Goberno para que se solicite á Xunta de Galicia a cesión gratuita do dominio a este Concello de Vigo do edificio Cambón sito na rúa Palma, s/n para o seu destino ós servicios municipais. Gracias.

SR. SOTO FERREIRO: Imos empezar en primeiro lugar por dar parabéns á Sra. Presidenta e ó Sr. Presidente da Xunta de Galicia por chegaren ó acordo da cesión, se ben que temporal, do edificio. Parabéns sinceros e ogallá se chegue a moitos acordos positivos para Vigo; este parécello ó noso Grupo municipal. Agora ben, logo de dicir isto déixeme mostrar o meu acordo coa exposición de fondo da representante do Partido Socialista.

En primeiro lugar, coido que decidir sobre qué organismos, institucións, áreas do Concello de Vigo se poden ir (caso de ter que ir) a ese edificio debe ser analizado con ánimo de consenso entroutras cousas porque senón poderíamos chegaren ó esperpento de andar cambiando institucións dun lado para outro segundo estivera unha Corporación presidida por uns ou por outros. Polo tanto a máis lóxica e elemental prudencia aconsella chegar a un consenso sobre qué facer co edificio.

Por último, Sra. Alcaldesa, eu faría unha extensión, é dicir, por suposto que estaríamos encantados de que a cesión do edificio se fixera de xeito

gratuito e permanente e iso permitiríanos abordar de distinta maneira o que pode albergar ese edificio.

Pero dicía que ía engadir algo máis: se houbera algún problema, que non o hai no plano legal pero ás veces o hai por comparanzas ou cousas polo estilo sobre cesións gratuitas, pois si se podería facer por un prezo simbólico.

A verdade é que non hai ningunha xustificación para que ese edificio que leva pechado tanto tempo, en todo caso siga con esa condición cando a Xunta de Galicia dispón agora dunhas instalacións magníficas e ó pareceren suficientes para desenvolver os seus traballos.

Dito isto e dada a vontade que temos todos incluída a Xunta de Galicia, de axudar do mellor xeito posible á rehabilitación do Casco Vello, esa vontade plasmada en que ese edificio teña un grao de permanencia no tratamento público, porque se non fose así ¿qué faría a Xunta de Galicia con ese edificio? ¿allealo para que realmente fose unha propiedade máis no Casco Vello? Non estaríamos servindo os fins de rehabilitación do Casco Vello como se ese edificio se mantén en mans públicas e ten destinos públicos. Polo tanto espero que esteamos todos de acordo nesas posibilidades.

Ninguén mo dixo pero maxino que a Sra. Alcaldesa dá pasos e de momento puxo aí un pé, se me permiten a expresión, feliciteina por iso e espero que esa primeira posición dun pé nos permita a todos meter os dous e nese sentido, se votamos por unanimidade esta moción, como espero e desexo, espero que iso tamén a axude nas súas xestións. Moitas grazas.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Nós estamos de acordo co espírito da moción pero nos gustaría que no punto primeiro, cando se fala da Comisión, non fora circunscrita ó edificio Cambón, senón que se falara dos servizos descentralizados do Concello, dos servizos administrativos que se terán que descentralizar como apoio á territorialización e distribución do Concello de Vigo ó abeiro da Lei de grandes cidades.

Entendemos que esa comisión-delegada debería ter menos carácter puntual sobre o edificio, aínda que se poidera falar, e discutira sobre aqueles servizos administrativos soporte dos responsables políticos de distrito, ou aqueles que en calquera programa de descentralización administrativa que presente o Goberno municipal, caso de que queira, si sería bo que houbera unha comisión onde se consensuara.

Evidentemente é un tema complexo para calquera Goberno toda vez que sería a primeira vez que se realizara. Por outra banda tamén habería aspectos políticos desa descentralización na atención ós cidadáns dese servicios administrativos que sería interesante tratar.

Nese sentido a nosa proposta, se a relatora a quere aceptar, sería non circunscribir ese comisión-delegada ó edificio Cambón.

En segundo lugar, nos fumos prudentes nos anuncios sobre o traslado das dependencias da Alcaldía ó edificio Cambón porque agardabamos e agardamos que nalgún momento o Goberno municipal nos explique cales son as súas intencións. Dicía o Sr. Soto que este tipo de cousas é mellor falalas entre todos e máxime cando se fala das dependencias da máxima responsabilidade da cidade e polo tanto é lóxico que se actúe dese xeito.

En todo caso nós si reclamamos que haxa unha proposta dunha Xunta de Voceiros ou órgano axeitado de cal é a intención e o alcance dese traslado do que non temos pronunciamento e seguramente haberá cousas domésticas que non teñen por qué ser posicións públicas ou políticas, pero si nos gustaría saber o alcance dese traslado.

Por suposto entendemos que se ó final as dependencias da Alcaldía de Vigo van estar nun edificio, non pode ser un edificio cedido pola Xunta, ten que ser de propiedade municipal aínda que a Xunta nolo dera, coido que mesmo por lle dar importancia ó que somos e ó que é a Alcaldía de Vigo, o lóxico é que a Xunta o ceda indefinidamente e que mesmo no seu momento transfira a titularidade patrimonial.

SR. FIGUEROA VILA: Por suposto que o noso Grupo e a Sra. Alcaldesa cando fixo a proposta do edificio Cambón para sede da Alcaldía foi porque coidaba que era unha boa decisión cara a revitalizar o Casco Vello. Así se pensou, o expresou e así é a vontade política.

Comezáronse as negociacións para facer a cesión a Xunta dese edificio. Nós tamén entendemos que ese edificio debe ser unha cesión indefinida pero a propia Alcaldesa está negociando coa Xunta de Galicia para ver como se pode articular xuridicamente ese procedemento.

Tamén estamos de acordo en que se faga unha Xunta de Voceiros para tratar todo o tema da descentralización pero de todos os xeitos iso vai paralelo tamén ó debate anterior que é ese regulamento que se está artellando. Dentro desa comisión pódese tratar este tema puntual porque esa decisión tamén require da maioría absoluta do Pleno.

Por tanto coido que na vontade, no espírito da moción estamos de acordo e esperemos ás negociacións das vindeiras semanas para ver se artellamos do xeito máis favorable posible a cesión deste edificio ó Concello de Vigo.

No apartado onde se fala de descentralización, do que falaba o Sr. Pérez Castrillo, por suposto que na Xunta de Voceiros tratarémolo e eu coido que a mellor fórmula sería dirixilo a esa Comisión que está a facer os regulamentos para tamén buscar aí as mellores fórmulas e mesmo o maior consenso posible porque coido que sería bo que unha decisión tan importante tivera continuidade e os parabéns de todos para non ter ningún tipo de dificultades nin enfrontamentos políticos. Moitas gracias.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Domínguez Olveira e Fernández Fernández e a Sr. Martíns Vilanova).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pérez Mariño, sobre cesión ó Concello de Vigo do edificio Cambón, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

35.- (72).- ROGOS E PREGUNTAS.

* REITERACIÓN DA PREGUNTA EFECTUADA NO ANTERIOR PLENO ORDINARIO POLO CONCELLEIRO SR. ARIAS MOREIRA, DO GRUPO DO PP, SOBRE O PROXECTO "VIGO 2005"

SR. ARIAS MOREIRA: Señora alcaldesa, no último Pleno ordinario eu mesmo, no nome do Grupo municipal socialista fíxenlle algunhas preguntas verbo do proxecto do que tanto se fala nos xornais de "Vigo 2005". Naquel momento vostede contestoume, pareceume daquela, unha resposta moi aceptable: que estaba a estudio e que se informaría ó Pleno tan cedo coma tiveran algo concreto que nos dicir.

Eu estou seguro que xa chegou ese momento sobre todo porque observo que vostede pronunciou un discurso co gallo da inauguración da Copa do Mundo de Saltos, do Concurso Hípico da fin de semana anterior, no que dixo

textualmente: "En "Vigo 2005" xa participan as institucións e organizacións máis representativas da cidade. Dende o momento no que se fixo público este proxecto son moitas as que se uniron a el e moitas máis as que mostraron o seu desexo do facer".

Posto que isto xa é unha realidade, pediríalle agora que me responde dun xeito claro ás seguintes preguntas que son as mesmas que se presentaron por escrito no Pleno anterior:

Primeiro, ¿qué forma xurídica se adoptou para a creación de "Vigo 2005? Segundo, no seu caso ¿cando se firmou, en qué circunstancias, a nova institución ou sociedade? Terceiro ¿qué institucións ou organizacións da cidade se uniron ó proxecto? Cuarto ¿qué organizacións e institucións da cidade expresaron o seu desexo de se engadir? Quinto, ¿qué achegaron ou achegan as organizacións ou institucións que xa participan?

SRA. ALCALDESA: Contestaráselle por escrito tal e como di o ROF do 86, no seu artigo 97, apartado 7.

SR. ARIAS MOREIRA: Prégolle que a resposta, posto que a hai, que ma dea por escrito o máis axiña posible.

SRA. ALCALDESA: Farase.

* ROGO DO CONCELLEIRO SR. PEREZ CASTRILLO, DO GRUPO DO BNG, SOBRE XUNTANZA PARA TRATAR ASUNTOS RELATIVOS Ó REAL CLUB CELTA.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Este rogo ven a conto do debate que tivemos no punto no que falamos do Celta.

Eu pregaríalle que xa que está preparando a convocatoria dunha reunión de Grupos municipais a respecto do emprazamento do estadio, que a fagamos extensiva a todos os aspectos relacionados co Club da nosa cidade.

Entendo que o Celta non pode ser a pelota que nos pasemos uns a outros e que debería haber unha certa unanimidade na nosa relación co club da cidade e ó mesmo tempo abordar todas as relacións do Club co Concello de Vigo en toda a súa extensión.

Por tanto o meu rogo é que a convocatoria se faga no sentido de que esa Comisión aborde un programa de traballo onde se fale do emprazamento do

estadio, do novo convenio e de todos aqueles aspectos que poideran deturpar unha mala imaxe e é que semella que o Concello e o Club da cidade non están a ben. Se iso é así coido que non o debería ser e se non o é, xa non o é e para mellor. Ese é o meu rogo.

SRA. ALCALDESA: Tense en conta o rogo e dicir que por problemas de axenda non se puido pechar a reunión pero ía precisamente nesa dirección.

* ROGO DA CONCELLEIRA SRA. MENDEZ PIÑEIRO, DO GRUPO DO BNG, SOBRE GARDAR UN MINUTO DE SILENCIO NOS PLENOS DA CORPORACIÓN POLAS VÍCTIMAS DA VIOLENCIA DOMÉSTICA.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Este é un rogo, Sra. Alcaldesa. Na anterior lexislatura acordouse por toda esta Corporación gardar un minuto de silencio polas vítimas da violencia doméstica como terrorismo.

Supoño que por unha serie de causas non o vimos gardando neste tempo que levamos de lexislatura e nós pregámoslle que a partir de agora se garde ese minuto de silencio cando haxa vítimas pola violencia doméstica. Moitas gracias.

SRA. ALCALDESA: De acordo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e corenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila da Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.

